

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e tres de marzo de dous mil dezaioito, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

O deputado do Grupo Socialista, don Vicente Gómez García, estivo ausente na votación do punto quinto da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto sétimo da orde do día.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto quinto da orde do día e ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 12º da orde do día e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO DO MES DE MARZO.-

O Sr. presidente explica que este punto é para que se poida realizar hoxe a sesión.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Ratificar o cambio de data da sesión ordinaria do Pleno do mes de marzo de 2018, prestando conformidade á súa realización o venres, 23 de marzo de 2018

2º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2018.-

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de febreiro de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 23 de febreiro de 2018 é aprobada por unanimidade.

3º.- PROPOSTA AO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, RESPOSTA AOS INFORMES SECTORIAIS, APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE INFORMACIÓN PÚBLICA E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE TRAZADO DO ACCESO AO NÚCLEO DE SAN VICENTE DE LEIRA DESDE A ESTRADA OU-0807

O Sr. vicesecretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Bos días a todas e a todos. Casualmente, coincide o debate deste punto co feito de que, estes días, o Defensor do Pobo entregou o seu informe anual ao Congreso dos Deputados cun ditame duro no que *abronca* á Administración; precisamente por non vixiar adecuadamente o impacto ambiental que ocasionan as canteiras. Este organismo conclúe no seu informe que os efectos sobre o medio ambiente da actividade extractiva en Valdeorras non están correctamente avaliados nin controlados. Respecto da Xunta de Galicia, o departamento non informa, segundo o Ditame, con suficiente detalle sobre os resultados das inspeccións practicadas en relación ao dano ambiental causado e ao incumprimento dos operadores das obrigas ambientais impostas, nin tampouco sobre a suficiencia das garantías prestadas para acometer a restauración ambiental, nin sobre as actuacións realizadas ou en curso para reparar dito dano, nin das explotacións abandonadas. En definitiva, asegura que a Xunta non cumpre coa súa propia Lei do medio ambiente de Galicia.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Isto, que pode parecer un feito illado, ao respecto do debate de hoxe, está na base do problema. Un problema que arranxa no ano 1993 e que foi derivando en sucesivos *pleitos*. *Pleito* civil formulado no ano 1994, no que a Deputación reclamou unha indemnización por danos producidos na estrada á pizarreira Canteiras de Vilamartín, ademais de solicitar a suspensión da actividade. Este litixio que a Institución provincial mantivo coa empresa rematou nun proceso, máis propio dun *thriller* que outra cousa, con acusacións cruzadas contra o daquela enxeñeiro xefe desta Deputación por considerar que tiña intereses espurios na paralización da explotación pizarreira e relacións empresariais con outra pizarreira da competencia, á que supostamente quería beneficiar, así como coa filla do, daquela, delegado de industria.

En todo caso e ao marxe de toda esta historia de enredos que tiveron moito que ver coa dilatación no arranxo desta estrada, hoxe temos unha proposta técnica que contenta a todas as partes, aínda que sexa a costa de pagar co diñeiro de todos os estragos producidos por uns poucos. Agardemos que agora, si, que esta sexa a definitiva e non teñamos que agardar outros vinte e cinco anos. Nós vamos a votar a favor da proposta. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola. Bos días a todos. Efectivamente parece ser que, despois de case vinte e cinco anos, se presenta un proxecto que pretende resolver en serio ese problema que teñen os veciños de San Vicente de Leira e toda a Comarca de Valdeorras con esa *carretera*. Ata este momento todo foi dar largas, nalgún momento falouse que o proxecto era inasumible, que era moi difícil. Nós dixeramos, naquel momento, que todo nestes *entornos* é cuestión de cartos, nos proxectos de enxeñería todo é cuestión de cartos, pódense facer viadutos, túneles, etc... E agora parece ser que, por fin, están dispostos a gastar eses cartos que fan falta para encher esas bagoadas e para arranxar esas *carreteras*.

Non sabemos se por fin se arranxa porque ao mellor as empresas pizarreiras xa non están tan interesadas en seguir *destrozando* aquelas montañas ou polo que é; o caso é que por fin parece ser, tampouco sabemos se esta Corporación é máis dilixente que as anteriores ao respecto, o que si, como xa fixemos na Comisión, votaremos a favor porque por fin nos da a impresión de que se vai tratar de arranxar ese problema en serio e a proba está en que os primeiros interesados son os veciños da zona tamén están contentos con esta solución que se entrevé. Nada máis, votaremos a favor, grazas.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo do PSOE: bos días señor presidente. Bos días a todos e todas. Esta semana adiantouse a Semana Santa e o *Via Crucis* con Valdeorras. Esta semana eliminan a área de saúde do Barco. Esta semana, *ayer*, non deixan facer unha oficina do DNI no Barco, non se preocupen, seguiremos indo a Ponferrada, vostedes tranquilos.

Pero hoxe é un día histórico, é un día histórico para os veciños e veciñas de San Vicente. Despois de anos, despois de reclamar, despois de prometerlle pontes e acuedutos e non sei cantas cousas, o que eles pedían que era o recheo, do que sacaran, do que permitiran sacar as Administracións; é dicir, o que alí se fixo no río Leira, no couce do río, de verdade que hoxe creo que é imposible que permitan o que se permitiu alí. Entón, é verdade que nestes dous anos -recoñeceuno o alcalde, recoñezo eu e recoñéceno as xentes de Valdeorras-, nestes dous anos fíxose máis que en toda a historia; iso hai que recoñecerllo ao deputado, neste caso a Pablo Pérez, non me don ningún tipo de prendas en dicir que por fin, por fin, parece que vemos o principio da solución.

Entón, por parte do Grupo Socialista, como non pode ser doutra maneira, vamos a votar que si e ímoslle recordar que hai uns compromisos, que esperemos que o proxecto de urxencia, que se ía facer ou se vai facer, non se demore no tempo porque os compromisos, home, non teñen *fecha*, pero era para *ayer*. Nada máis e moitas grazas.

D. Pablo Pérez Pérez, do Grupo do Partido Popular: moitas grazas señor presidente. Moi bo días a todos. Eu non vou a falar do pasado, senón que simplemente me vou a centrar do presente e no futuro.

Hoxe traemos aquí un proxecto que vai dar solución a un problema que non fai falta que lle diga nada del. Creo que todos somos conscientes do que hai, eu creo que uns máis que outros, porque hai xente que moita non foi por alí, ou moita apareceu por alí nestes últimos días; incluso (non falo desta Corporación, senón que podo falar doutros partidos políticos) que se apuntaron ao carro agora, acordáronse de San Vicente de Leira nas últimas dúas semanas, cando non sabían nin onde estaban. Unha solución na que este Goberno provincial leva traballando, diariamente, en contacto co alcalde e cos veciños afectados case que todas as semanas nos últimos tres anos.

Teñen vostedes, na documentación que se lles achega, todos os pasos que se foron dando ata chegar ao día de hoxe. Este Goberno provincial, en concreto o señor presidente,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

esixiunos sempre sacar o acordado a diante; cumprir coa palabra acordada cos veciños de San Vicente na anterior vez que estiveron aquí e que se reuniron ao acabar o Pleno co presidente no seu despacho. O presidente esixiunos sempre sacar o acordado a diante e cumprir coa palabra acordada cos veciños. Con calma, pero sen pausa; xa que non creo que llo teña que explicar, un *patinazo* administrativo a estas alturas tería unhas consecuencias de retraso que, dado o delicado estado do problema, non serían moi agradables. Todos saben do que lle estou a falar. Aquí aínda hai moito por facer e seguimos traballando para que isto poda dar comezo máis pronto que tarde. Quero agradecerlle á Área de Infraestruturas a súa implicación para solucionar este problema, dende o *jefe* da Área ata o último legoeiro.

Este Goberno provincial ten unha débeda cos veciños de San Vicente e todas e cada unha das accións feitas e propostas están pensadas en darlle unha solución a quen por moitos anos ten sufrido un problema moi, moi grave. A partir do día de hoxe, este Goberno provincial instará a todos os que tiveron participación neste problema a que participen, tamén, na súa solución; e así llo demando a vostedes tamén para que llo esixan, na parte que lles toca a vostedes, alá onde llo poidan esixir.

O que si quero facer hoxe desde aquí é unha chamada a manter a calma, calma moi necesaria; xa que este proceso non vai parar. Podemos seguir atopando atrancos, polo que esa calma que lle pido é moi necesaria para traballar tranquilos e levar a cabo proxecto que hoxe aquí traemos para aprobación definitiva. Un paso importante ao que nunca se chegara antes e que ademais, unha vez aprobado polo Consello da Xunta, condicionará todo acto administrativo que se leve á cabo en todo o afectado por este trazado elixido en acordo cos veciños. Sen máis, moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Propoñerlle ao Consello da Xunta de Galicia que, previo o informe da Consellería de Territorio e Infraestruturas, se dite resolución no procedemento do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU – 0807, promovido pola Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

a) Desestimar as alegacións formuladas por Canteras Villamartín S.L. contra o proxecto de trazado, polos motivos seguintes:

- En primeiro lugar, e con respecto á presunta afección aos seus dereitos mineiros, porque a concesión mineira da interesada atópase caducada con data 23 de decembro de 2015.

- En segundo lugar, e con respecto á elección da opción 1 das contempladas no proxecto de trazado, a análise multicriterio contemplada no proxecto xustifica esta elección, polo que non é arbitraria nin inxustificada; debendo advertirse que a opción nº 5 non da plena satisfacción ao obxectivo de dar acceso aos veciños do pobo e ás empresas da zona (xa que, para conseguilo, esixiría completarse cun ensanche das rúas do pobo de San Vicente para posibilitar o tránsito de vehículos pesados ao seu través, tránsito que en todo caso non semella axeitado nunha zona residencial).

b) Desestimar as alegacións formuladas por Pizarras Europeas Arias en canto a que as fincas da súa propiedade afectadas polo proxecto non foron correctamente valoradas no proxecto, polos seguinte motivos:

- A interesada non motiva a súa alegación, nin se indica que valor debería asignarse ás súas fincas.

- En todo caso, procede desestimar a alegación, dado que o obxecto das alegacións ao proxecto de trazado debe cingirse á concepción global do trazado, conforme establece o artigo 50.3 do RLEG. No procedemento de expropiación a interesada poderá formular as alegacións e recursos que estime oportunos respecto da valoración das fincas. Procede, por tanto, desestimar esta alegación.

c) Estimar parcialmente á alegación de dona María Esther Fernández López, na que se solicita que non se varíe o proxecto (entendendo que se refire á elección da opción 1) e que de producirse modificacións se lle informe e se sometan a información pública. Procede estimar parcialmente a alegación, na medida en que se mantén a opción 1 e se lle notificará a resolución que se adopte no procedemento; procede en cambio desestimar a súa petición de realizar un novo trámite de información pública en caso de variación do proxecto dado que (e ao marxe de que o proxecto non se varía) esta segunda información pública non está prevista no procedemento aplicable, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos que procedan contra a resolución definitiva do expediente.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

d) Declarar aprobado o expediente de información pública e aprobar definitivamente o proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU – 0807 promovido pola Deputación Provincial de Ourense, conforme ao proxecto de trazado elaborado pola empresa G.O.C. Consultoría e Ingeniería e entregado na Deputación Provincial o 2 de xuño de 2017, coas observacións seguintes:

- Deberán terse en conta no proxecto construtivo as observacións e condicións importas nos informes da Dirección Xeral de Patrimonio Natural de 23 de outubro de 2017 e da Confederación Hidrográfica Miño – Sil, de 18 de xaneiro de 2018, así como na avaliación de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 1 de xuño de 2016 e publicada no DOG nº 123 de 30 de xuño de 2016.

2º) Para os efectos previstos no artigo 55.4 do RLEG, faise constar que a urxencia da actuación (da que depende dar unha solución axeitada ao acceso ao núcleo de poboación de San Vicente de Leira, cuxa problemática se ven arrastrando dende hai máis de vinte anos) impide tramitar a súa incorporación no Plan director de estradas de Galicia, no plan sectorial de estradas da Deputación (que non existe ao día da data) ou no planeamento urbanístico municipal.

3º) Notificar o presente acordo aos interesados que formularon alegacións no expediente e ás administracións públicas afectadas ás que se requiriu informe, achegando coa dita notificación copia do informe técnico do Servizo de Vías e Obras e do informe xurídico de Secretaría Xeral, de conformidade co establecido nos artigos 21.4 da Lei de estradas de Galicia e 53.1 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

4º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á REACTIVACIÓN DO PROXECTO VAL DA RABEDA.-

O Sr. presidente indica que a este moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular, e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días. Traemos hoxe unha moción que, dalgunha maneira, é unha lembranza como xa estou seguro que xa leron. Un proxecto que impulsou, no seu día, o Goberno bipartito da Xunta, concretamente o departamento de Anxo Quintana e Teresa Táboas, o famoso proxecto do Val da Rabeda que tivo varios nomes: cidade da moda, etc... Aquel proxecto que todos

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

vostedes lembrarán que a súa intención era dotar, por fin, o *suelo* industrial que é tan necesario na nosa provincia de Ourense. Sabemos que moitos dos problemas que ten a provincia de demografía, de envellecemento da poboación, de paro etc... veñen pola razón *sencilla* de que non é posible que se instalen empresas na nosa provincia. Non é fácil para as empresas, sobre todo para as grandes empresas, instalarse na nosa provincia porque non hai chan industrial; iso é unhas das causas fundamentais do atraso do que tantas veces falamos.

Naquel momento, tratouse de impulsar ese proxecto na zona entre Paderne de Allariz, Taboadela, A Merca e San Cibrao das Viñas, no que se chama habitualmente o Val da Rabeda, un val con moita historia. Un dos primeiros empresarios que se mostrou interesado no asunto foi Adolfo Domínguez, como vostedes lembrarán, que apareceu presentando o proxecto con Anxo Quintana. Falábase entón de 2.000m² de solo empresarial; así como construción de vivenda protexida nunha superficie próxima a un millón de m² (os datos técnicos téñenos na moción). Falábase de impulsar as comunicacións coa autovía, coa liña vella de ferrocarril, etc... Empezáronse as expropiacións, gastáronse algo máis dez millóns de euros nas expropiacións. Ademais do interese explícito de Adolfo Domínguez, xa había máis empresas interesadas en asentarse. Pero cambiou o Goberno da Xunta e, de repente, o proxecto sufriu un parón cando xa estaban expropiados unha gran cantidade de terreos que hoxe están alí criando maleza e sen ter ningún tipo de uso, coa desculpa (na nosa interpretación, é unha desculpa) de que o proxecto era inviable nos termos en que fora proxectado polo goberno do BNG, polo cogoberno do BNG, porque se había liñas de alta tensión que por outro lado estaba proxectado que se soterrasen; que se había xacementos arqueolóxicos que por outro lado xa estaba proxectados como zonas verdes e non para construír neles, etc...

Dicía, o goberno de Feijóo, que esas actuacións encarecerían tanto o valor das parcelas que non habería empresas interesadas en compralas. O curioso é que as empresas, polo que temos entendido, seguen interesadas en comprar chan industrial para asentarse na provincia de Ourense e senón márchanse para outras zonas, para Lugo, para Coruña, para o norte de Portugal, a onde van levar emprego e a onde van levar desenvolvemento que é todo parte do emprego. Todo o desenvolvemento que falamos social, cultural, *tatatá tatatá*, sempre vén de que haxa traballo, e para que haxa traballo ten que haber empresas. Nesta

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

economía na que nós vivimos, o traballo -a parte do sector público- o traballo que xera riqueza é realmente o da empresa privada.

Nós traemos hoxe estas propostas, que se retome ese proxecto que loxicamente, efectivamente, algunhas das obxeccións que puxo no seu momento a Xunta de Galicia, o goberno de Feijóo, ao mellor si que hai que telos en conta; ao mellor hai que redimensionalo, ao mellor hai que ter en conta novas normativas, ou novas circunstancias que se deron na zona. Pero a cuestión é que entendemos que hai que retomar ese proxecto, entendemos que a zona é moi axeitada para seguir desenvolvendo nela chan industrial, para a creación desas parcelas, suficientes superficies para que se poidan asentarse empresas grandes, con suficientes núcleos de poboación no entorno que poderían subministrarlle a man de obra necesaria, etc...

En canto á emenda do Partido Popular, dous puntos. O primeiro deles bota balóns fóra e fala doutro proxecto que ten a Xunta, nós insistimos en que se retome o proxecto do Val da Rabeda que nos parece máis ambicioso e máis á sociedade ourensá merece un investimento desas características. E o segundo punto, que as empresas se apunten, que se poría en marcha cando houberse unha demanda suficiente por parte das empresas. A nós iso fainos moita *gracia*; iso é como se eu pretendo montar unha empresa, vamos a supor unha panadería e, en vez de facer un estudo de mercado, para ver se hai demanda, lle pregunto á xente: *mira, apúntate, quen estea interesado en que haxa unha panadería no barrio que se apunte nunha lista e cando teñamos unha lista de potenciais clientes, suficientemente numerosa, entón abrimos a panadería*. Non. Iso non funciona así, os clientes van comprar a outra panadería. Esa é unha cuestión que deixa ver que hai pouco coñecemento de como funcionan realmente os empresarios. Ningún empresario apúntase a unha lista e espera a que lle fagan chan industrial como Penélope esperando por Ulises na *Odissea*. Entón, imos rexeitar esa emenda do Partido Popular. De momento nada máis na miña primeira intervención.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Parece que o bipartito algo bo fixo nos pouco máis de tres anos de goberno. Agradecemos a Democracia Orensana que poña en valor o noso traballo. Tamén, por exemplo, no tema de

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

La Central no que o BNG foi pioneiro á hora de denunciar o espolio que alí se está a producir; é moi de agradecer.

En todo caso, vamos co que nos ocupa que é a moción polo proxecto do Val da Rabeda. Eu vou facer un pouco de historia, en decembro do 2006 presentábase o Plan Director de ordenación do Val da Rabeda que se ía desenvolver nos concellos de Paderne, San Cibrao, Taboadela e Allariz. Tratábase dun proxecto que ía alén da dotación do solo empresarial para a comarca de Ourense. A actuación previa e un investimento inicial que se situaría entre os 335 e o 345 millóns de euros con, entre outras cousas, a creación de máis de 4 millóns de m² de superficie industrial, a edificación de 2.000 vivendas protexidas era, en definitiva, o gran proxecto para Ourense. Tratábase dunha actuación integral deseñada para o Val da Rabeda para promover a transformación deste territorio en exemplo de cidade integral da Galicia do S. XXI combinando actuacións de creación solo empresarial, rehabilitación do patrimonio e construción de vivenda protexida. Era unha aposta que, máis alá da creación de solo produtivo, apostaba por crear espazos industrialmente desenvolvidos e, ao mesmo tempo, con calidade de vida para os seus habitantes. Contemplaba pór en funcionamento un campus industrial dun millón de m², cunha edificabilidade de 200.000 m², destinado a empresas de alta cualificación, máis varias áreas de superficies industriais de máis de 3 millóns de m² e unha edificabilidade dun millón seiscentos corenta mil; así como dun gran sistema xeral de espazos libres de 1,2 millóns de m².

En materia de vivenda, a promoción da habitabilidade no Val da Rabeda, permitindo a rehabilitación de 170 construcións nos núcleos do entorno, e coa edificación de 2.000 vivendas de protección, era unha aposta pola recuperación do patrimonio construído como vía de desenvolvemento sustentable. Convertería o Val da Rabeda nun espazo industrialmente desenvolvido e con calidade de vida para a súa poboación; xa que a implantación desta actividade empresarial respectaría as zonas de interese natural e paisaxístico, a calidade de vida da contorna e promovería o uso ordenado dos recursos do ecosistema do Val, dous puntos que eran clave dese Plan Director.

Por outra parte, o proxecto había resolver as eivas existentes na urbanización do polígono de San Cibrao das Viñas para integrar as ampliacións do parque tecnolóxico e da central de transportes e permitir a conexión sensata coa autovía A52 de todo o complexo e

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

integrar o paso do AVE e poñer en valor a vía ferroviaria existente como un sistema local de transporte. Tratábase dunha aposta inequívoca polo reequilibrio territorial e de dinamización da Galicia interior; conscientes de que o futuro do país pasa polo aproveitamento das condicións vantaxosas destas zonas.

Ourense precisaba daquela, e segue precisando hoxe, substituír a urxencia de planificación por unha política de solo empresarial que atenda á demanda empresarial e ao equilibrio territorial, cunha visión integral e de país que acabe co minifundismo e evite que medre a fenda entre a Galicia da costa e a do interior. Nos dous anos seguintes, o Goberno galego, daquela o bipartito, malia a que xa estabamos padecendo o *mazazo* da crise financeira, o BNG precisamente por iso apostou por continuar con maior determinación aínda na execución deste proxecto que contaba con compromisos empresariais de creación de emprego -os xa nomeados polos propoñentes- e outros que, dende logo, de continuarse coa súa execución nos terían situado en mellores condicións para afrontar a situación de crise.

Cando chegou o Partido Popular do señor Feijóo ao goberno, no ano 2009, xa se tiña avanzado na compra de miles de m² para a súa execución polo procedemento de mutuo acordo cun investimento millonario do erario público. Só un sectario, irresponsable, como Feijóo, podería tirar pola borda todo ese capital acumulado deixando a ermo miles de m² que poderían estar hoxe xerando emprego e riqueza cun cuantioso investimento que cos anos se acabou convertendo nun pasivo insoportable para Xestur Ourense que abocou á súa desaparición. Tan irresponsable foi esta actuación que o propio Partido Popular ourensán, por boca do seu actual presidente, censurouna directa e explicitamente instando á recuperación do proxecto.

De momento, nesta miña primeira intervención nada máis. Despois dareille un dato máis que avala a importancia deste proxecto que, por desgraza, non puido chegar a executarse. Nada máis. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Moi bo día e saúdos a todo o mundo. Ben, esta moción reflicte unha vez máis o que tantas veces se ten traído a este Plenario: o desleixo con esta provincia por parte dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

As datas manexadas na moción son ben elocuentes. Hai máis de 11 anos que se presentaba este proxecto. Dez anos que se compraron, expropiaron nunha pequena parte, as parcelas das dúas primeiras fases, o campus empresarial de Paderne de Allariz e a de Taboadela 1. O daquela presidente da Deputación manifestaba, alá por xullo de 2008, que o proxecto do Val da Rabeda era transcendental para a provincia de Ourense e que fixar o seu remate no horizonte do 2030 era unha tomadura de pelo e unha burla. Para José Luís Baltar, crear solo industrial na provincia de Ourense é vital para o futuro da mesma e o proxecto do Val da Rabeda é prioritario para o desenvolvemento de Ourense. Agora, que si o que se anuncia como investimento máis salientable e prioritario da Xunta se vai ao 2030, aviados estamos porque nos quedan 22 anos para velo rematado. *El presidente de la Diputación* -continúa la nota de prensa- *considera que el proyecto es necesario para la provincia, máis con otros plazos que dinamicen esta actuación*. Deses 22 anos, que lle parecían unha burla daquela ao señor Baltar, xa pasaron 10; 9 deles gobernando o Partido Popular na Xunta e para máis *inri* cun presidente que se gaba de ser ourensán. ¿Que diría a día de hoxe o señor Baltar?

Hai 8 anos, faraos o mes que vén, que a Xunta de Galicia desbotaba o proxecto do macro parque empresarial do Val da Rabeda ao considerar que o proxecto estaba sobredimensionado e carente de rigor *al no tener en cuenta las importantes afecciones de la zona que provocarían un sobrecoste y derivaría en la inviabilidad de la venta de las parcelas, debido a los excesivos precios que resultarían de su gestión*. Claro que, seis meses antes, o mesmo Feijóo anunciara que proseguiría co proxecto do Val da Rabeda; nada novo no actual presidente da Xunta, eses cambios de criterio. Ese presidente ourensán da Xunta era quen finiquitaba este proxecto pese a estar alí gastados máis de 10 millóns de euros sen que se fixese obra algunha.

As posibilidades de desenvolvemento desta provincia quedaban enterradas unha vez máis. Tanto é así que, hai seis anos, era esta mesma Institución quen se *posicionaba* aproveitando as alegacións ao Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia e presentaba, así, unha emenda a unha moción socialista que dicía o que segue: *a Deputación de Ourense insta á Xunta de Galicia para desenvolver a área empresarial de Taboadela, incluída dentro do Plan sectorial de áreas empresarias de Galicia, para facela viable e proceder á súa execución conforme coa demanda efectiva e contrastada de solo*

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

empresarial neste ámbito; garantindo a dispoñibilidade de superficie para a instalación de iniciativas emprendedoras. E segundo dicía a emenda: a Deputación Provincial presentará as alegacións oportunas ao abeiro dos informes técnicos dos que dispón e das propias alegacións presentadas xa por Xestur Ourense da que forma parte esta Institución no seu consello de administración.

Alegacións fundadas en que xa estaban adquiridos, a través de Xestur, máis dun millón de m² e que o alcance do parque -neste caso referido a Taboadela 1- ía ser cualificado, como mínimo, como supracomarcal e, ademais, aludíase a que existía un informe que presentaba unha solución compatible coa existencia das liñas eléctricas e un estudo económico que reducía o custo estimado para desenvolver o parque empresarial en 14 millóns de euros (de 61 millóns, pasábase a 47). Dicía naquel Pleno o señor portavoz daquela, que é o mesmo que hai hoxe en día, dicía: *a existencia de terreos adquiridos, a adecuación ao modelo de directrices de ordenación do territorio e a existencia dunha alternativa viable de integración das liñas eléctricas son criterios obxectivos que fan posible a viabilidade do parque empresarial; así o entende o Grupo Popular e así presentarán as alegacións.* Van alá seis anos do ano 2012 e nada se volveu a saber dese proxecto que daquela era viable en base a uns criterios obxectivos xa reseñados.

Polo tanto, está máis que xustifico falar de desleixo con esta provincia. Desleixo e parálise é o que temos, claro que o mundo empresarial non se detén e busca sitio e atópao na fachada atlántica. O rexistro, ese ao que apelan na emenda, seguro que lles da a razón, pero eu pregúntome ¿para cando teremos un rexistro do reequilibrio territorial? Pero non só atopan sitio na fachada atlántica, tamén o fan sobre todo no norte de Portugal. Un estudo recente do Club Financeiro de Ourense detecta 23 parques empresariais no norte de Portugal, nunha área de 50 km dende a fronteira, onde o solo é ata tres veces máis barato que en Galicia. Son máis de 300 pequenas e medianas empresas galegas as que se asentarán alí. No de Valença do Minho, por exemplo, o 95 das firmas alí asentadas son galegas. Nese estudo, o Club Financeiro realiza un chamamento a ordenar o solo industrial de Ourense e Pontevedra e activar un plan de choque para facelo competitivo e destacan polígonos que - e leo e remato con isto- *pese a contar con inversión pública se manteñen sen desenvolver totalmente desocupados como o do Val da Rabeda (Paderne de Allariz) con máis dun*

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

millón de m² e o de Taboadela con 1,1 millón de m². Esta é a situación que temos, por iso nós apoiaremos e votaremos a favor do proposto nesta moción. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. Moi bo día distinguidas deputadas e deputados, medios de comunicación, de información, público asistente e o que nos contempla indirectamente.

A verdade, señor Ojea, que é a primeira vez que o oí, escoito, que A Merca entraba no proxecto do Val do Rabeda. Nunca é tarde, pero é primeira vez. Vostede di que coñece a xeografía provincial, pero no, polo que acaba de dicir, porque onde está aquel proxecto do plan do Rabeda é onde está a Merca. Ademais, A Merca non entraba nese proxecto e podo dicilo con coñecemento de causa. Polo tanto, tivo un pequeno *desliz*. Como *desliz* ten vostede cando argumenta, leo do seu argumentario, *10 millóns de euros investidos*, se vostede lle chama 10 millóns de euros investidos a un gasto en comprar terreos sen ningún tipo de planificación, mal entende vostede por investido. Eu chamaríalle *despilfarro*. E prosegue: *deixando a Ourense paralizada e sen ofrecer solo industrial*; pois mire, eu déixolle aquí e se quere pode collelo que lle vale para a segunda intervención, que hai entre Xestur e o Instituto Galego de Vivenda e Solo 200.000 m² que poden facer uso cando queiran. Déixolle o papel, ¿quere que llo leven? Si (lévello por favor) porque lle pode valer para a intervención. Son 200.000 m² que se poden dispor en calquera momento. É máis, a historia repítese e na repetición estamos. O 24 de febreiro de 2012, poucos días despois de tomar o noso presidente posesión como tal, resulta que o Grupo Socialista trouxo aquí unha moción que leo textualmente: *esixirlle á Xunta o desenvolvemento do Val da Rabeda*. É verdade que Democracia Ourensana non estaba no ano 2012, non se deu conta ao mellor que se presentou, pero está na repetición en todo caso; quizais a base de repetilo pode atopar un filón.

En calquera caso, mire señor Ojea, falar do Val da Rabeda é falar do proxecto estrela do bipartito que resultou estrelado antes de nacer; iso si, deixounos unha herdanza envelenada, porque *despilfarrar* 10 millóns de euros é *fuerte*, realmente *fuerte*. ¿Como se poden comprar terreos, levar alí unha mesa para que os veciños non tiveran que desprazarse, pagar sabendo que estaba afectado (que non se *enteraban*) por dúas liñas de alta tensión por os xacementos arqueolóxicos e que ademais estaba afectado, e xa se sabía

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

daquela, pola liña do AVE, a entrada do AVE dende a Meseta por Ourense? Sen ningún tipo de planificación compráronse eses terreos. E por iso, a primeira medida da Xunta bipartita antes de comezar a gobernar, outros din a desgobernar, eu creo que empezaron a gobernar con boa intención, alá polo verán do 2005; pero xa en novembro de 2005 ¿sabe vostede, que non se falou aquí, cal foi a primeira medida do goberno bipartito Partido Socialista-BNG? Foi o de rexeitar a creación do Polígono de Santa Mariña -aquí en Ourense- que o goberno municipal da cidade tiña proxectado. Primeira medida, rexeitar o Polígono de Santa Mariña (parece que lle doe a cabeza ao señor Ignacio). O goberno municipal queda sen o proxecto de Santa Mariña. Noticia da prensa: *a Xunta do novo goberno bipartito descarta a creación do polígono de Ourense cidade e aposta polo Val da Rabeda*. Polo tanto, isto tamén hai que dicilo, como diría un castizo: *quítate tú, para que me ponga yo*.

Pero non só iso. O señor vicepresidente daquel bipartito en xullo do 2006 di: *o Plan Director de Ordenación do Val da Rabeda será un proxecto simbólico e referencial que contribuirá a dinamizar o interior da Galicia e, para a súa posta en marcha, a Consellería de Vivenda e Solo -da señora Táboas- entregará o Plan Director do Val da Rabeda o próximo mes de outubro*. Estamos falando do ano 2006. Unha primeira reflexión, se entrega o Plan Director no 2006, ata o 2009 que gobernaron ¿non lle daría tempo de facer algo máis? Pregunto. ¡En tres anos aínda da tempo de facer algo, sobre todo se o Plan Director se presenta en outubro do 2006! Pero nada fixeron, nada fixeron. *Somos enganados por la apariencia de la verdad*, diría Horacio. No 2009 claro que concluíu, como dixeran, de gobernar o bipartito. Sorte, iso si, que acabou de gobernar o bipartito. Pero do Val da Rabeda, dese proxecto que xa presentaron o Plan director no 2006, nunca máis se soubo. E adianta o ex vicepresidente: *o Plan disporá dunha superficie de tres millóns de metros cadrados* (eu cando lin o de tres millóns de metros cadrados dixeran non estará errada a hemeroteca; non, pero me reafirmei), *tres millóns de metros cadrados de solo produtivo cun investimento de 200 millóns de euros*. Señor Ramiro, a crise aínda non debía estar no 2006, porque 200 millóns, así porque si, son cousas maiores. Un maná, un proxecto estrela que resultou estrelado pola compra de terreos sen ningún tipo de planificación.

Sempre hai un pero, enredados como estaban os bandos deste bipartito non se deron conta (a verdade é que estaban moi enredados porque se dicía, e púideno comprobar que

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

pola mañá intentaban gobernar, pola tarde facíanse oposición, pola noite descansaban claro está de tanto esforzo); pois non se deron conta que os terreos estaban afectados por dúas liñas de alta tensión. ¡Olo! Que non é fácil de sacar e aínda varía máis isto que os propios terreos. As liñas de alta tensión, unha era de 132kV pertencentes a Fenosa -que están aí- e outra de 400kV de Redesa, e ¿sabe o que prevían? Cando se deron conta que as liñas estaban alí, dicía: o soterramento da primeira e no segundo caso o retranqueo da mesma. Sen darse conta que por debaixo ou por enriba non se pode facer porque o ordenamento non o permite, solo industrial.

Mire, empezou a gobernar o Partido Popular, como digo, despois de gañar as eleccións o 1 de marzo de 2009 e rexeita o Val da Rabeda. Rexéitao por sobredimensionando e por carente de rigor, por non ter en conta as importantes afeccións da zona que imposibilitan o seu desenvolvemento. Este foi o caso: as liñas de alta tensión, os xacementos arqueolóxicos e a liña do AVE. Por estas razóns o Consello da Xunta decidiu, en abril de 2010, desistir da tramitación do PTI, do Plan Territorial Integrado, e desenvolver o proxecto por medio de senllos proxectos sectoriais: o parque empresarial de Taboadela e o Campus Industrial de Paderne de Allariz. Isto foi no 2010 porque o proxecto inicial era, é, imposible de levar a cabo.

Redáctanse novos proxectos sectoriais e permiten adaptar as novas actuacións á situación real e aos condicionantes da zona. Un inciso, fíxense como enganaban á xente, por iso dixeran que somos enganados pola aparencia da verdade, que inicialmente o Campus Industrial de Paderne estaba destinado á empresa de Adolfo Domínguez, xa se presentara incluso, aparecera o vicepresidente da Xunta con esta empresa e o goberno bipartito xa asinara un protocolo ne 2008; pero a empresa renunciou á actuación prevista e foi necesario resolver este protocolo asinado.

En consecuencia co que acabo de dicir, presentamos unha emenda que se cinxe ao que acabo de dicir:

- *Demandar da Xunta de Galicia o desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais, aprobado en 2014 (isto non o nomeou), que inclúe o Campus Industrial de Paderne e o Parque Empresarial de Taboadela. Efectivamente, no 2012, o presidente demandou que dentro do posible se levara alí solo empresarial; por iso no 2014 se aprobaron estes Plans Sectoriais.*

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

- En segundo lugar da nosa emenda, *que en calquera caso, as novas actuacións de solo empresarial estarán vinculadas á existencia de demanda e necesidade do mesmo, que se acreditará a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Galicia, como no resto de actuacións de solo empresarial da Xunta*. Iso sábeo, ou debe sabelo, o señor Ramiro que, unha vez aprobado o Planeamento en Xinzo, se vai ampliar o parque cun novo rexistro de solo industrial.

Polo tanto, estas son as propostas que lles facemos que son razoadas e, por favor, aquí o único que impediu hoxe ter un Polígono Industrial era o que tiña demandado o goberno municipal de Ourense naquel momento, que era o de Santa Mariña. En vez de axudar e arrimar o *hombro*, o primeiro que fixeron foi rexeitar, como rexeitaron moitas cuestións ese goberno do bipartito. Ía acabar un parque empresarial, que ía ser modélico, no 2009 e, por sorte, o que acabou no 2009 foi o goberno dese bipartito; para a sorte dos galegos, como se pronunciaron nas eleccións do 2009. Nada máis e moitas grazas

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Terei que mirar o vídeo, efectivamente debínome confundir; os concellos son Paderne de Allariz, Allariz, San Cibrao das Viñas e Taboadela. Debín confundir Taboadela coa Merca por algún tipo de lapsus, que non se enfade o señor Gallego, alcalde de Taboadela, por confundilo co concello do que falaremos despois en base á imputación ou á condena do seu alcalde. Iso é o de menos. Na moción están perfectamente especificados os concellos que son.

Señor Rosendo, eu levo observado, xa, ata agora non sabía se era unha percepción; pero agora xa estou seguro, a vostede danlle todo o que é indefendible. Acábome de dar conta hoxe, xa van catro ou cinco. Cando lle dan a vostede a defensa dunha moción, xa digo: esta, indefendible, para o señor Rosendo. En base a todas as informacións que lle deron os compañeiros do Bloque e do Partido Socialista que lle recordaron que o propio presidente actual da Corporación reclamou retomar ese proxecto, etc..; en base a todo iso eu estimo indefendible, estimamos indefendible, que nos termos que propoñemos na moción, ao mesmo tempo tamén propoñemos que non sexa a mesma iniciativa orixinal, senón a adecuada ás novas circunstancias -como dixen na miña primeira intervención-, estimamos que é indefendible, coas necesidades que ten a provincia e cos problemas que ten a

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

provincia, que xa estamos farto de enumeralos, estimamos indefendible que non se potencie iso.

O da liña de alta tensión, o dos xacementos arqueolóxicos e o de que pase o AVE, todo iso son, estimamos que son meras desculpas. Esas son cousas que se poden solucionar. Decía o señor Feijóo que non tiña nin pés nin cabeza, que estaba sobredimensionando, que ía resultar moi caro. Os que fixeron o proxecto eran persoas expertas, non eramos Gonzalo e eu, era César Portela e un equipo de enxeñeiros e de historiadores; era xente preparada, non era como di vostede. Xa digo, dende o momento que lle deron a vostede a defensa, xa dixen: a Rosendo estanlle dando todo o que é indefendible. É o seu rol, polo que se ve.

Ás súas dúas propostas si que fixen referencia a elas, o que pasa é que non lle din o nome completo. *O desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación de áreas empresarias aprobado no 2014*, non dixen o nome concreto; pero dixen que nos parecía esa iniciativa da Xunta pouco ambiciosa, en comparación co que nós pedimos. En canto á segunda, pois, é de chiste, como dixen na primeira intervención. Que os empresarios se apunten nunha lista e cando haxa uns cuantos, como cando se fan cursiños, cando haxa un número suficiente de alumnos, entónponse en marcha o cursiño; cando haxa o número suficiente de demandantes entón faise o plan, ¡non, home non! Os políticos están, ou estamos, para facer o equivalente a un estudo de mercado, ou sexa, temos que entrever as necesidades da sociedade, neste caso, as necesidades dos empresarios e preparar o chan industrial. Vostede tráeme aquí unha folla co chan industrial que xa hai dispoñible na provincia de Ourense, en Pereiro de Aguiar, central de transportes en Vilamarín, Celanova, Carballiño... Mire, cando as empresas nos están pedindo, imaxino que a vostedes tamén, porque cando no lo piden a nós que somos un partido pequeno que ten soamente dous representantes na Deputación, e nolo están pedindo a CEO e os empresarios que hai que impulsar ese proxecto da Val da Rabeda, imaxino que tamén llo pedirán a vostedes, e cando se están marchando para outros sitios, estanse marchando, como tamén dicían os compañeiros que enumeraron moi ben moitos datos, están marchando para o norte de Portugal, para os parques de Lugo e de Coruña, será que isto nos satisfai as necesidades. Ao mellor estes polígonos, moitos dos cales non son máis que meros almacéns -porque aquí case todos coñecemos os sitios- e moitos destes chans empresariais que me traen nesta folla, non son máis que almacéns, non

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

son empresas, alí non están instalados realmente centros de produción. A maioría son almacéns.

Xa lle digo, non vou repetir os moitos datos que deron os compañeiros do BNG e PSOE que os coñecen ben e os teñen frescos porque o proxecto foi concibido por eles cando cogobernaban na Xunta; pero penso que a idea da moción está clara e que vostedes mesmos, noutros momentos, defendérona. Nada máis. Grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Dikir antes nada que eu tamén concordo coa percepción do compañeiro Armando que cando lle dan a vostede os asuntos para tratar son..., en fin.

Vou a seguir dándolle datos, como dixen na primeira intervención, porque os teño. Dende logo, si se fixo algo máis do que vostede dixo a partir do ano 2006 e eu voulo a comentar agora mesmo por detalle. A vía Val da Rabeda – Campus Industrial, 24 millóns de euros, máis dous millóns e pico para a conexión do Vial con San Cibrao. Val da Rabeda – Sector suroeste 1, máis de 51 millóns de euros.

Voulle facer agora algo de historia, de como se realizou a tramitación e dos trámites que se fixeran e do que se avanzara. O pacto de compra dos terreos por mutuo acordo rematou o 15/2/2008. Comezaría en setembro a compra dos terreos, por mutuo acordo tamén, da parte que se ampliou do parque de Taboadela. En data 4/6/2008, publícase no DOG o anuncio polo que se somete a información pública o Plan Territorial integrado do Val da Rabeda polo prazo de dous meses, que xa remataran; así como o informe de sustentabilidade ambiental. En data 30/6/2008 publícase no DOG o anuncio polo que se somete a información pública durante dous meses os proxectos sectoriais de Paderne e Taboadela, o prazo de exposición remataría o día 30/8/2008. En data 23 de xullo, publícase no DOG o anuncio polo que se someten a información pública, durante 30 días hábiles, os estudos de impacto ambiental dos proxectos sectoriais de Paderne e Taboadela. Nas resolucións do 5 e 6 de agosto do 2008, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, como promotor da actuación e tras a aprobación dos respectivos proxectos sectoriais, encárgase a Xestur Ourense os traballos necesarios para urbanizar ditos parques co obxecto de que os terreos lucrativos resultantes sexan postos a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo para proceder ao seu alleamento. Definidos os ámbitos de actuación, o 2/10/2008 convócase a Eptisa e Geotop para que inicien un novo proceso de compra-venda previo ao

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

proceso expropiatorio. Eptisa ten como data límite ata o 30/10/2008, mentres que Geotop dispón ata 15/12/2008. Finalizado o novo proceso de compra-venda, unha vez aprobado definitivamente o proceso sectorial, comézase co proxecto expropiatorio.

Dende o BNG, dende o Grupo Provincial do BNG, cremos que nestes nove anos cambiaron, efectivamente, moito as circunstancias e tense deteriorado de forma lamentable a situación económica e laboral na nosa provincia. Posiblemente un proxecto como o que representaba este Plan integral seguise a ser un revulsivo social, económico e demográfico para Ourense; pero por desgraza nin Ourense nin Galicia contan cun goberno coa altura de miras para implementar un proxecto ambicioso, respectuoso e sostible, e non o dicimos nós, dio a propia emenda que presenta o Grupo Popular. Unha emenda que o único que fai é avalar o abandono ao que unha vez máis o Partido Popular condena á provincia de Ourense. Unha emenda que o único que propón é que a Xunta agarde a que sexa a iniciativa privada a que detecte as necesidades e potencialidades e se acaso, xa daquela, actúe. Nós, pola contra, cremos que quen tería que liderar sería a Xunta, ofrecer propostas, alternativas, buscar a complicidade do sector empresarial para implementalas e sacalas a diante.

Por iso non imos votar favorablemente esta moción, non porque non concordemos con gran parte do que se relata na exposición; ímonos abster porque cremos que a parte resolutiva resulta un cheque en branco, ou resultaría un cheque en branco, a un goberno cativo, sen proxectos, sen aposta de futuro para Ourense.

Remato, a discriminación positiva, a discriminación positiva, consiste na aplicación de políticas ou accións encamiñadas a favorecer certos grupos minoritarios ou que historicamente sufriron discriminación, co principal obxectivo de buscar o equilibrio das súas condicións de vida ao xeral da poboación do país. ¿Onde está a discriminación positiva cara á Ourense da que fala o Partido Popular? Seguimos á cola de todos os rankings que miden o desenvolvemento, o benestar e somos incapaces de frear a sangría da emigración, vendo como os nosos mozos e mozas abandonan o seu país, a súa provincia por falta de expectativas. Agora, teñen unha oportunidade para corrixir un erro histórico e dar un golpe na mesa. Nada máis e moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Eu vou empezar discrepando da percepción que teñen os meus compañeiros que me precederon no uso da palabra con respecto á adxudicación das

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

mocións ao señor Fernández. Eu creo que llas dan polo coñecemento que ten de Horario e sempre ten unha cita na manga para empregalo.

Agora xa en serio. Dúas consideracións para empezar, señor Fernández, en canto á listaxe de solo dispoñible, ¡home!, hai outra realidade: as empresas vanse e vanse para o norte de Portugal, non se quedan aquí. Outra, con respecto a eiva que vostede lle facía a ese proxecto en canto das liñas eléctricas, mire, na acta da sesión ordinaria do Pleno de 24 nde febreiro do 2012 o seu portavoz dicía: *existe un informe realizado polo equipo redactor do proxecto sectorial que presenta unha solución compatible coa existencia das liñas eléctricas*. Non vexo que exista tal eiva polo que se pon aquí.

En canto as emendas, home, nós entendemos que nada achegan. Quedan ben e non gastan nada; pero en todo caso aterémonos ao que decida o Grupo propoñente da moción. Pero sobre todo, señor Fernández, mire, esta é unha cuestión de vontade política. Dende o 2014 que se aprobou o Plan sectorial, xa choveu, van alá catro anos. Xa non me remonto tempo a atrás, a eses 10 anos que hai que se presentou este proxecto. É unha cuestión de vontade política e, sobre todo, diso tan manido e tan *manoseado* que se chama reequilibrio territorial. Ou se toma en serio o reequilibrio territorial, ou a discriminación positiva á que aludía o compañeiro do BNG, e se pasa das promesas á realidade ou cando queiramos reequilibrar xa non haberá nada que reequilbrar. Será inútil. O que poderemos será certificar a defunción. Xa en febreiro de 2012 o daquela e actual portavoz, refírome a el porque é quen defendeu o tema naquel momento, dicíanos que a Xunta estaba traballando no redeseño do proxecto do Val da Rabeda. Volvo ao mesmo, coincidirá comigo en que houbo tempo máis que suficiente para redeseñar.

E unha consideración, mire, xa que non foron capaces de sacar adiante eses grandes proxectos que idearon vostedes mesmos para a provincia, pregúntome eu ¿U-la cidade do motor? ¿U-lo aeroporto, ese que idearon na Limia para aeronaves non tripuladas? ¿U-lo polígono para os *cochitos* eléctricos? ¿era en Melón, en Vilamarín ou en San Cristovo de Cea? ¿Que foi de UrbaOurense? E, ¿fálanos vostede de *despilfarro*? Fíxese vostede que non teño que recorrer, nin sequera á Cidade da Cultura? ¿Que nos agarda de gran anuncio ou de proxecto estrela para as municipais de dentro dun ano?

Digo que xa que non foron quen de sacar adiante eses grandes proxectos ideados por vostedes, alomenos, alomenos, non boten abaixo os proxectos que idearon e que puxeron en

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

marcha outros, polo simple feito de que non foron vostedes quen o idearon. E sobre todo, e sobre todo, e remato con isto, cumbran co que vostedes propuxeron aquí neste Pleno o 24 de febreiro de 2012 e insten á Xunta de Galicia a que desenvolva á Area Empresarial de Taboadela, incluída dentro do Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia. Non o digo eu, dicíano vostedes o 24 de febreiro do 2012. Seguro que Horacio ten unha cita acaída para isto tamén. Moitas grazas.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular: moitas grazas presidente. A verdade é que o tempo sempre é o mellor autor, sempre encontra un final perfecto. Iso non era de Horacio, era de Confucio.

En calquera caso, señor Ramiro, señor Rodríguez Suárez, a vostedes danlle os asuntos fáciles e os difíciles, entón é o que gaña máis aquí. Vostede copa a totalidade. E, en calquera caso tamén, mire, reflexione, se o Plan director presentado polo ex vicepresidente daquel bipartito, foi presentado no 2006 e el mesmo dixo que as obras para a construción do parque estarían rematadas no 2009, estará comigo en que incumpriu a súa palabra. Iso non o estou inventando eu. ¿Por que incumpriría a súa palabra? ¿por querer incumprila ou polos atrancos que encontrou no seu camiño? Porque o único que fixeron foi gastar -xa non digo *despilfarrar*- 10 millóns de euros en compra de terreos, cando o ex vicepresidente, digo e repito, as obras ían estar finalizadas, da construción do Parque, no 2009. No 2009 finalizou o goberno bipartito, para gloria dos galegos, como así o quixeron. De boas intencións está empedrado o camiño do inferno. Ía, vostede empezou a dicirme que había millóns para unha cousa, para conexións, para outra...había. De boas intencións -digo e repito- está empedrado o camiño do inferno; que foi o que pasou co goberno bipartito. Foron á oposición porque de dicir que había, que había; pero non ver nada, pasou o que pasou.

Señor Ojea, que son almacéns, ese terreo industrial da folla que lle pasei; pero, mire, lea ven, ¡*hombre!*. O Pereiro de Aguiar, ¿é un almacén? ¿Vostede sabe as empresas que hai en Pereiro de Aguiar para dicir que é un almacén? A Central de Transportes, da primeira e segunda fase, ¿é realmente un almacén a Cidade de Transporte? Vostede non se deu conta do que acaba de dicir. En Celanova, ¡home, xa quixéramos que houbera moitas máis empresas, pero hainas! ¿como lle chama vostede almacén?. A primeira fase de ampliación de Pazos, que hai terreo industrial tamén, e ¿vostede chámalle almacén a estes terreos? Que,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

por certo, suman 200.000m² e non foron solicitados por ninguén. E tamén lle vou a dicir algo, mire, vostedes foron á CEO a falar do PXOM e, como o Sil desemboca no Miño, xurdiu: *oe, ¿que pasa cos terreos do Val da Rabeda?. Concho, aquilo había que levalo a cabo*. E nós dicimos que hai que levalo a cabo, por iso o poñemos na emenda.

Ten vostede razón, señor Fraga Civeira, o que dixo o portavoz, claro que o dixo no 2012, dixo o que dixo. Por iso no 2014 -dous anos despois- o Plan sectorial de ordenación das áreas foi aprobado en 2014 que inclúe o campus industrial de Paderne con 1.129.596 m² e o de Taboadela con 1.220.711; por iso mesmo. Claro que o dixo no 2012. E creáronse estes plans sectoriais. Polo tanto, é verdade o que dixo o portavoz, claro que si. Pediu que había que aproveitar ese terreo. Dentro das afeccións que tiña a globalidade da superficie aquela, tres millóns de metros cadrados, fixéronse dous Plans sectoriais. Polo tanto, non hai nada que reprochar; nin o que dixo o presidente que ía demandar: que se aproveitaran eses terreos, nin o que dixo o portavoz no ano 2012. No ano 2014 cumpriu o que se dixo. Creo que está a demais na emenda.

En calquera caso, mire, primeiro, non hai reserva algunha de terreo. En segundo lugar, hai unha política de reducir, e estase reducindo o 50% do prezo de venda, que é o solo máis económico de Galicia que está en Ourense. Iso poden comprobalo con Xestur e co Instituto Galego de Vivenda e Solo. Xestur e o Instituto Galego de Vivenda e Solo actúan onde hai demanda; por iso, señor Ojea, hai que apuntarse. Non é apuntarse como di vostede, como se fora unha lista dun exame, nin moito menos, hai que ir a Xestur ou ao Instituto galego e dicir: queremos, esta empresa quere terreo e facilitaráselle; como se lle facilitou, porque fixo este requisito, Xinzo. Ten os terreos, dixo que quería ampliar, comprobouse e vanse ampliar os terreos do Parque Empresarial de Xinzo. ¿Que difícil é isto?

Polo tanto, miren, non é que sexa difícil o tema, non é que queiramos desaproveitar nada, é que actuamos con obxectividade e raciocinio; cousa que non fixo aquel goberno bipartito. Porque, se eu son amigo de citas, hai unha das señora Teresa Táboas que afirmaba, nunha rolda de prensa co ex vicepresidente do bipartito daquela: *cando o rumbo está claro, todos os ventos son favorables*. Nin estaba o rumbo claro, nin o vento foi favorable porque prometeron facer as obras no 2009 e o único que fixeron foi comprar terreos sen ton nin son. Cando digo sen ton nin son, digo sen planeamento de ningún tipo,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

porque se deron conta despois do das liñas de alta tensión, da afectación do AVE, dos xacementos arqueolóxicos, etc, etc..., porque non fixeron nada. No 2009 non acabaron, no 2009 acabouse o bipartito. Nada máis e moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: nada máis. eu creo que están totalmente claros os argumentos. O que si nos sorprende un pouco é a abstención do BNG, despois de dicir que lle parece ben que recuperáramos esta iniciativa deles e todo todo. Non terminamos de entender esa abstención. Do resto, nada máis. moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción de Democracia Ourensana, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Demandar da Xunta de Galicia o desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais, aprobado en 2014, que inclúe o Campus Industrial de Paderne e o Parque Empresarial de Taboadela.
2. En calquera caso, as novas actuacións de solo empresarial estarán vinculadas á existencia de demanda e necesidade do mesmo, que se acreditará a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Galicia, como no resto de novas actuacións de solo empresarial da Xunta.

5º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA MELLORA DO PAZO PROVINCIAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Señor Rosendo, agora tócame unha das fáciles; en todo caso, agradecerlle, o que tomo como un cumprido, ao hora de dicir que defendo as fáciles e as difíciles. Vamos rápido

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

porque aínda queda moito que debullar na orde do día. Vou a ler a exposición de motivos porque aquí se explica perfectamente cal é a nosa proposta. Despois engadirei algunha cousa máis.

Coa compra do local que ocupaba Calzados Vitán, a Deputación unificou a totalidade da propiedade do inmovible. Ao longo destes anos fóronse facendo pequenos arranxos, especialmente no primeiro andar, máis aínda queda moito por facer. As necesidades de espazo son evidentes e nalgúns servizos, caso de intervención, os arquivadores ocupan non só parte da oficina, senón que xa se acumulan polo *pasillo*.

Hai poucas datas tivemos coñecemento de que a Deputación alugou -aínda descoñecemos os termos dese acordo, así como as contías e tempo- parte das oficinas de Correos co obxectivo de trasladar ao persoal do Inorde e doutros servizos e ocupar o espazo liberado co Museo da Roda de Afiar. Aínda que non se nos deron eses datos, parece que estaríamos falando de 70.000€ ao ano durante 15 anos.

Temos constancia de que hai unha proposta de distribución de espazos no edificio da Deputación, dos técnicos desta propia Deputación, que o que pretende é que, dende unha perspectiva de conxunto, ir abordando as deficiencias que existen nos diversos servizos ao respecto da organización do espazo. Esta proposta, que tamén está cuantificada e rolda os 240.000€, permitiría, entre outras cousas, facer un arquivo soterrado debaixo dun dos patios, liberando a superficie para outros usos, e facer o aparcadoiro debaixo do outro patio, liberando tamén ese espazo.

Á vista do proxecto, parece claro que sairíamos gañando en moitos aspectos, aforrariamos cartos en alugueres ao termos máis espazo aproveitable, agás que o que se pretenda sexa axudar a Correos a enxugar o seu déficit; e tamén en seguridade, pois o arquivo na parte soterrada non suporía carga para a estrutura do edificio.

Nós, sinxelamente, o que solicitamos é que a Deputación estude a proposta efectuada polo servizo de arquitectura de marzo de 2012 ao efecto de facela viable e levala a cabo acometendo a reforma das propostas. De momento, nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Esta proposta do BNG a cerca da redistribución do espazo co gallo de que, polo visto, a

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Deputación necesita máis espazo, dende o momento en que solicitou por parte de Correos - ou ao mellor ofreceullo Correos, iso non o sabemos- ocupación dalgunhas das instalacións que teñen alí no edificio da Alameda.

Este estudo do ano 2012 non sabemos se se adapta ás novas circunstancias. Eu dixen na Comisión Informativa que, saben vostedes, nos últimos tempos está moi de actualidade ter en conta a presenza de radón nos *sótanos* e en todas estas construcións de pedra; entón ese estudo non sei se tería en conta esta circunstancia. Non temos suficiente información como para poder decidir se procede, ou non procede este estudo. Entón, en principio, ímonos abster. Grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Bo día a todas e a todos. Con respecto a este tema, que nos podería levar moito tempo, nós entendemos, primeiro, que sería necesario elaborar un Plan director con todas as modificacións, obras, reformas, adaptacións necesarias para reordenar os usos das dependencias que hai nesta Casa, neste edificio para que sexa eficiente, accesible e cómodo para todos.

Evidentemente, un dos motivos que fai na exposición de motivos dise que agora todo o edificio é da Casa porque Calzados Vitán foi adquirido, o único e que, probablemente, dadas as necesidades, eu teño aquí un pequeno *croquis* do que é o edificio, de cousas que se poderían facer que non están feitas e probablemente ese estudo que é do ano 2012, como di na moción, eu sinceramente non o coñezo, que non é dicir que non estea feito. Probablemente, actualmente non cumpra as necesidades, sabemos que estamos xa no eido das novas tecnoloxías, hai que facer adaptacións, algunhas si se están facendo; pero vemos que o edificio aínda ten moitas deficiencias. Por dicir unha delas, carece de escaleiras de emerxencia, por exemplo, algo que teríamos que ir pensando porque é un edificio público, habería que contar con elas.

Máis cousas, nós presentamos unha moción polo do amianto, quizais fora o momento de pensar neste Plan director, pensar no que é na cuberta do edificio, se é aproveitable unha parte desa cuberta. Claro, hai que pensar, eu descoñezoo tamén por iso fago a pregunta, ¿que protección te o edificio? e se a protección é total ou parcial, porque igual non se pode facer actuación na cuberta para aproveitar máis o volume deste edificio. Por iso, ¿que é o que pedimos? Pedimos que se faga un Plan director, en xeral, e despois poderíamos empezar a falar.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

O de alugarlle dependencias, neste caso, a Correos; pois pode ser probable que sexan necesarias, pero poden ser necesarias, igual, un certo tempo, en tanto non se acometan estas obras. Aquí fala, na exposición de motivos na moción que presenta aquí o Bloque -que tampouco temos eses datos- di que estaremos falando de 70.000€ ao ano durante 15 anos. Igual, pois si, se necesitamos máis espazo, pero aforrarían moitos cuartos se se fai ese Plan director e se ve como vamos redistribuír todo dentro do propio edificio. Porque é probable que haxa moitos espazos que non estean utilizados correctamente. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Bos días señoras e señores deputados e demais persoas que nos seguen, ben directamente ou a través da web desta Casa.

Antes de entrar en detalles sobre as reformas proxectadas no edificio da Deputación, quixera deixar ben claro que este goberno provincial non lle vai enxugar o déficit a ninguén. Debería ser vostede, señor Rodríguez Suárez, un pouquiño máis serio nos súas exposicións.

Dito isto, imos falar do que nos ocupa que, segundo a moción do BNG, xira entorno a unha proposta do Servizo de Arquitectura, como ben se dixo aquí, do ano 12, é dicir, xa choveu, para construír un arquivo soterrado nun dos patios internos desta Casa e un aparcadoiro no segundo, fundamentalmente. Nunca houbo, debémolo ter claro, nunca houbo un documento concreto que recollera esta proposta; tan só foi unha idea formulada no seu día e non materializada en ningún proxecto. Quede isto claro ao inicio de calquera debate sobre este asunto.

Esta proposta do servizo de arquitectura, da que fala vostede señor Rodríguez Suárez, foi en realidade un documento de traballo redactado, como dixen no ano 12, para realizar unha serie de melloras e reformas no inmovible. O obxectivo non era outro que gañar máis espazo para os diferentes departamentos e poder prestar os seus servizos nunhas condicións máis axeitadas. Así -e quero recordar estes datos porque se fala do informe, pois a raíz do informe falarei eu- así na planta baixa situouse o Rexistro xeral dotándoo de acceso directo dende o exterior. Tamén na planta baixa habilitouse un espazo para Tesouraría, reubicouse o Negociado de Publicacións e trasladouse o arquivo da Biblioteca do edificio Marcos Valcárcel ao antigo local da imprenta. Ampliouse tamén o Servizo de Recadación e creuse unha sala de usos múltiples. Na planta primeira ampliouse a Secretaría Xeral e o Servizo de Recursos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018

Humanos, trasladouse a este andar a Sección de Patrimonio, reubicouse a Sección de Fondos Europeos, parte, digo parte, dos Servizos Sociais e a Sección de Réxime Interior e tamén se ampliou a Área de Presidencia. En na planta segunda, ampliouse o Servizo de Intervención, trasladouse o arquivo deste mesmo servizo, trasladáronse tamén parte das oficinas dos grupos políticos dentro da mesma zona, realizáronse obras no Servizo de Agricultura e habilitouse un novo espazo para o Gabinete de Prevención de Riscos Laborais.

Nestes seis anos, e digo seis anos, desde que o Servizo de Arquitectura formulara a proposta, que polo que se ve motiva esta moción, a maioría das actuacións xa están executadas e digo a maioría, por non dicir case todas; polo que este documento ben podería considerarse superado. Para calquera de vostedes e tamén para os traballadores desta Casa, as reformas son perfectamente comprobables. Aí están.

Como xa adiantei antes, o soterramento do arquivo un dos patios e a construción do aparcadoiro no segundo so foi unha idea, unha idea máis no seu momento, pero que non se chegou a plasmar en ningún documento concreto como xa repetín en máis dunha ocasión. E ¿por que non se avanzou nesta proposta do ano 12? Pois por dúas razóns fundamentalmente, entre outras.

A primeira delas está no Plan Especial de Reforma Interior do casco histórico de Ourense, coñecido PERI. Para facer calquera obra baixo estes patios recorden que sería precisa unha modificación puntual da ficha de condicións particulares do PERI. Se ben é certo, e non se pode negar, que unha modificación deste tipo se pode abordar en calquera momento; tamén non é menos certo que estamos a falar de trámites moi complexos como seguro que a vostede non se lle escapa. Debemos ten en consideración tamén, neste aspecto, que calquera actuación, modificación que se fixera neste edificio estaría sometida a incerteza (e experiencias hai a diario) de que se aprobe polo Concello de Ourense, tamén ao que digo, ao informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e, como non, tamén ao que diga ou o que diría no seu momento a Dirección Xeral de Urbanismo.

A segunda das circunstancias que impiden calquera das actuacións das que fala vostede, señor Rodríguez Suárez, correspóndense tamén coas cesións que na actualidade -e deben ter presente isto-, coas cesións que na actualidade están pendentes de realizar na zona noroeste do Pazo Provincial. Estas cesións só se producirían cando se se executen os proxectos de rehabilitación dos edificios situados na rúa Alejandro Outeiriño.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Polo tanto, e en conclusión nesta primeira intervención, poden comprobar en calquera momento que esta proposta, señor Rodríguez Suárez, está esgotada e superada. Polo tanto anúnciolles, como non podería ser doutro xeito, que votaremos en contra das súas propostas. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Primeiro de nada dicir que agora son eu o que non entenda a abstención que anuncia Democracia Ourensana. Ao respecto do que me din os compañeiros do Partido Socialista, facer un Plan Director e reorganizar os usos das dependencias, pois tampouco nos parecería mal.

Despois, un pouco máis polo miúdo ás explicacións que nos dá o portavoz do Partido Popular. Eu nunca falei de proxecto, ou no se falou, no acordo fálase de que se estude a proposta. Vexo que, independentemente de que agora nos voten en contra da moción, xa a estudaron porque me deu un montón de motivos polos que a proposta é inviable. De todas as maneiras, ao mellor poderían ter aprobado a moción porque fala, digo e repito literalmente, *que a Deputación estude a proposta efectuada polo Servizo de Arquitectura de marzo de 2012, aos efectos de viabilizar e levalo a cabo acometendo as reformas propostas*. Pois se tivera aprobado a moción, ao mellor eses mesmos argumentos que nos da vostede como político, *entre comillas* non me entenda mal, poderían ser os que nos puxeran por riba da mesa os técnicos. Nós tampouco dicimos que non se fixera nada nestes seis anos, non falamos para nada diso e, efectivamente, recoñecemos todas esas actuacións executadas.

Co cal, lamentamos que unha proposta que formulaba unha ideas que nós pensábamos que poderían contribuír a mellorar os usos e os espazos e os servizos que presta esta Casa pois non se poida levar a cabo; independentemente de que tamén somos conscientes de todos iso que nos explicou vostede da existencia do PERI e toda a tramitación que debería levar aparelada. Pero repito, nós estábamos falando que dende esta Casa, dende os servizos técnicos de esta Casa se puidese formular a viabilidade de poñer en marcha esta proposta. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. É obvio que os edificios, toda clase de edificios, pero particularmente os edificios públicos deben adaptarse o mellor posible ás necesidades dos servizos, ás necesidades da xente que traballa neles (o outro día un funcionario de aquí, de medio ambiente, comentábame que lle

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

chovía no despacho). efectivamente habería que estar pendentes, non en tempo real, pero si ao mellor cada poucos meses de se os servizos están ubicados nas dependencias axeitadas; se as novas maneiras de traballar non esixen ao mellor unha redistribución interna dos espazos, etc... Nese sentido coincidimos coa percepción do PSOE de que podería pensarse nun Plan Xeral de mellora do edificio.

Efectivamente este é un edificio, afectado polo PERI. Dicía o señor Plácido que determinadas obras poderían esixir unha modificación puntual da ficha. Pasou recentemente co Museo Arqueolóxico, aprobamos fai poucos meses unha modificación da ficha do Museo Arqueolóxico para poder acometer unhas obras que estimamos todos os grupos interesantes e necesarias, porque aí no Concello de Ourense tamén hai xente, digamos, responsable; tampouco somos uns *frikis*, quero dicir, se se lle leva ao Concello unha modificación do PERI lóxica, seguramente non habería ningún problema en aprobala.

Esta proposta que trata de defender a moción é unha proposta do ano 2012. Desde o ano 2012 ata aquí cambiaron moito as necesidades. Apuntaba o portavoz do PSOE que, agora, as novas tecnoloxías esixen ás veces novas maneiras de distribuír os espazos, novos servizos, etc... Entón, fáltanos moitísima información, nós, o noso Grupo é o que peor coñece o edificio, levamos aquí pouco tempo, estamos aquí pouco tempo. Hai lugares desta Casa que aínda non visitei, porque un vai visitando os departamentos e as oficinas segundo lle vai facendo falta. Nós somos os que menos coñecemos o edificio, non estamos no día a día, non estamos tan afeitos como vostedes a traballar aquí.

Entón, a nosa abstención, aínda que lle pareza estraña ao Bloque, é que sinxelamente fáltanos moitísima información. Primeiro, fáltanos moitísima información de que, ata que punto, esta proposta do ano 2012 tería sentido impulsala hoxe, polos motivos que dixeran e, segundo, porque o mellor lo que se precisa é o que dicía o PSOE: unha análise máis de conxunto e non tan puntual. O señor Plácido apuntaba que moitas medidas deste proxecto, ou el dicía que non era un proxecto, que era unha idea, non sei que, que xa se levaron a cabo. Nós tampouco temos moita constancia diso porque, como dicía antes, non levamos aquí máis que dous anos escasos e non estamos moito ao día nestes temas. Sinxelamente esa é a explicación da nosa abstención. Nada máis. Moitas grazas.

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista: grazas señor presidente. Todo o exposto polo portavoz do Partido Popular, polo señor Plácido, evidentemente algunhas desas

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

actuacións xa as coñecemos, non digo que non sexan necesarias, supoño que serán moi necesarias; pero hai unha cousa, isto véñse facendo un pouco a salto de mata. Por iso, a parte de que xa anticipo que vamos apoiar a moción do BNG para que a Deputación estude esa proposta efectuada, aínda que nós recalcamos que iríamos moito máis alá. Iríamos moito máis alá de facer ese Plan director, ter unha base do que queremos e a onde queremos ir, vistas as necesidades que nos demanda a sociedade e que nós necesitamos; incluso dos nosos traballadores. Estamos nunha provincia intelixente, señor presidente, pero temos aló unhas fiestras que están tapadas con cinta adhesiva. Temos que mirar algo máis iso que iso témolo dentro desta Casa. Entón, se cuadra hai outras cousas que non son con tanta prioridade e igual teremos que ver algún tipo de actuación desas. Igual teremos que darlle prioridade porque non estamos falando, igual, de gastos excesivos.

Evidentemente, sabemos que este edificio ten unha categoría, ten unha tipoloxía e igual hai que facer unha modificación. Sabemos o que pasa con patrimonio, PERI, etc... Non se trata máis que de temas burocráticos. Son temas burocráticos. Levarán un tempo, como levan un tempo todas estas cousas, pero son temas burocráticos e pódense sacar a diante. Hai outras cousas que non son burocráticas, necesitan eses pasos, pero que teríamos que acometer, deberíamos acometelas polas necesidades. Xa se comentou aquí, por o señor portavoz, que xa a maioría dos servizos están na planta baixa, sobre todo o servizo ao público. Evidentemente, evidentemente débémolle facilitar a toda a xente o acceso, sobre todo que estea na planta baixa. E nada máis, é dicir, fagamos, e recalco, un Plan director do que temos e do que necesitamos dentro da capacidade do propio edificio. Nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. Pois claro que si, señor Rodríguez Suárez, claro que estudamos a súa moción, só faltaría que no o fixéramos. Respecto sempre ás propostas dos distintos grupos, esa é a noso costume; esteamos de acordo ou non. Logo, que falei da súa moción, ¿de que ía falar senón? E do informe ao que vostede se refire. Por iso me referín eu a el tamén. Ese é o contido da súa proposta e a ela debíame referir e non a outra.

Dito isto e sen alargarme moito, pero quixera deixar suficientemente claro que somos conscientes, e non o negamos, dicímolo abertamente, da necesidade de novos espazos e, polo tanto, unha vez escoitados -como ten que ser- os responsables das diferentes áreas e servizos desta Deputación, este Goberno provincial iniciou os contactos necesarios para poder atopar

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

outros espazos en particular co aluguer dun edificio nobre desta cidade coa indiscutible necesidade de conseguir máis espazos.

A ampliación das nosas instalacións coa ubicación de diversos servizos no edificio de Correos, que aquí se menciona e tamén se cita na moción -recórdolles que esta aínda en trámites esta negociación- e onde en principio, e digo en principio, se ubicaría a Área de Benestar, o Inorde, Recursos Europeos, Arquivo e Publicacións, entre outros. Pois ese espazo novo permitiría, sen dúbida, desenvolver o traballo en mellores condicións e cunha atención máis axeitada cara ao cidadán que, por enriba de todo e aí estaremos todos de acordo, debe ser sempre o máis importante para os responsables políticos e, neste caso, para nós.

En resumo, señor Rodríguez Suárez, e llo digo con todo o respecto, non o tome como algo persoal, nin moito menos, nin vostede nin para ninguén do Grupo, pero da a impresión que ben pouca iniciativa política teñen cando presentan unha moción baseándose nun informe do ano 12 -por certo, manexamos centos de informes internos durante o ano- e digo dun informe do ano 12 totalmente esgotado e superado polas diferentes actuacións que se realizaron e ás que xa me referín anteriormente. Esta mesma opinión e a do propio técnico que redactou no ano 12 ese mesmo informe.

Xa sei que non lles gusta escoitalo, señor Rodríguez Suárez, e moito menos recoñecelo, pero esta Deputación conta, un ano máis, cun superávit histórico, cunha redución de débeda importante e todo isto fai que nos sintamos orgullosos da nosa xestión porque a consideramos modélica. Por todo elo, señor Rodríguez Suárez, este goberno provincial e o seu presidente poden actuar con ambición; vela aí o acordo con Correos froito dunha estratexia de expansión da Deputación como ten declarado o presidente en numerosas ocasións. Anúnciolles tamén que nos próximos meses haberá máis novas, e digo máis novas, e pasos importantes nesta estratexia porque a boa xestión, como digo, nos permite ser ambiciosos.

Buscamos máis espazos para maior comodidade e mellor accesibilidade dos cidadáns desta provincia e, como non, continuamos coa execución planificadora do Plan Ourense 15-19, a noso sinal de identidade, que como deberían saber inclúe a apertura do Museo da Roda de Afiar da man de Florencio Arboiro. Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, máis visión política no contido das súas iniciativas, permítame o consello, e menos ocorrencias por aquilo de hai que presentar algo nos Plenos. Da a impresión de que esta *propositiña* que nos trae hoxe

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

aquí é un fiel reflexo -xa digo, dígollo con todo o respecto- pero no ámbito político máis ben parece que está acorde co momento político do seu partido. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, o das iniciativas políticas eu penso que simplemente hai que irnos ás actas de todos os Plenos desde os tres anos, máis ou menos, que levamos deste mandato para ver cal é a iniciativa política deste Grupo, con un único representante, si, pero cal é a iniciativa política deste Grupo que está, dende logo, á altura de calquera Grupo desta Deputación e desde logo proporcionalmente, como xa lle digo porque solo son un, moi por enriba. Entón, dende logo, rexeitar esas valoracións que fai vostede ao respecto das nosas iniciativas políticas. Tamén, a pulla que mandaba ao final respecto do meu Grupo, pois efectivamente somos os que somos, pero tamén lle podo dicir, pódolle adiantar, ou tamén o ve vostede, que desde logo podo dicir que estamos á alza e senón xa o veremos dentro duns meses.

A respecto da proposta, nada máis. Era unha proposta moi sinxela, efectivamente, era moi sinxela, falaba de que estudara unha proposta que había do ano 2012 e que, se era viable, que se puxera en marcha. Voulle dar un par de ideas máis que lle sirvan para ese Plan 15-19, se xa non as tiñan que as poidan incorporar. Sobre todo unha delas, pensando que vostedes apostan pola sustentabilidade, enerxía limpa, etc... seguramente coñecen que no patio da Deputación sae auga quente a 27°. Ao mellor poderían estudar algo por aí e montar un sistema de calefacción para este edificio aproveitando ese recurso. Despois tamén outra idea que lle deixo por riba da mesa, que é o que todo creo que vemos como unha anomalía que é que o Salón de Plenos no que estamos agora estea nunha segunda planta; habería que pensar, ao mellor, algunha opción para trasladalo a outro sitio máis accesible. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (1).

6º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DAS CONDENAS A ALCALDES DO PARTIDO POPULAR.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Primeiro de nada gustaríame formular unha cuestión de orde ao señor secretario, neste caso o señor vicesecretario, ao mellor non nos pode contestar, pero deixámola en riba da mesa que é que nos gustaría que se nos dixera se os deputados e deputadas que votan en contra de iniciativas que o que piden é aplicar a lexislación vixente, poderían incorrer nalgún tipo de responsabilidade. Porque teño que lembrar que vostedes, señores e señoras do Partido Popular, xa votaron en contra desta proposta na Comisión Informativa. Deixo esa cuestión en riba da mesa.

Vou, entón, ao que é a propia moción. Vou facer algunha consideración previa á vista, ou á luz, dos acontecementos producidos nas últimas horas. E primeiro lugar dicir que, no caso de Xinzo, xa chove sobre mollado, porque imos camiño de bater todos os records habidos e por haber en alcaldes inhabilitados do Partido Popular. O xa ex alcalde, Antonio Pérez, teño que lembrar, inhabilitado por prevaricación, neste caso por contratar a dedo; o seu predecesor Isacc Vila que tamén foi inhabilitado e tivo que deixar a alcaldía por un delito de negociacións prohibidas a funcionarios, apuntar tamén, antes de entrar na iniciativa que algunha razón debemos ter no noso argumentario cando, precisamente, a véspera que se debata este asunto neste Pleno, o alcalde que, ata agora se aferraba ao seu cargo, decide definitivamente renunciar.

En todo caso, independentemente deste feito, para nós a iniciativa, a expensas do que diga o informe xurídico que solicitamos no punto dous, segue tendo todo o sentido por dúas razóns. En primeiro lugar, porque aínda que xa se produciu a renuncia que solicitabamos do alcalde do meu Concello, o alcalde da Merca segue no seu cargo; temos que denunciar tamén que é unha práctica habitual no Partido Popular. Nós entendemos que a resolución do titular do Xulgado non deixa lugar a dúbidas, condenar ao rexedor a non desempeñar todo emprego ou función pública en calquera das administracións.

Nós, na exposición de motivos, recollemos os artigos da Lei orgánica do réxime electoral que entendemos que son de aplicación nestes casos e que son, dende o nos punto de vista, absolutamente claros e non admiten interpretación. Art. 6: *son inelixibles os condenados por sentenza, aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo, contra a Administración pública ou contra as Institucións do Estado cando a mesma establece a pena de inhabilitación para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou a de*

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

inhabilitación absoluta ou especial ou de suspensión para emprego ou cargo público nos termos previstos na lexislación penal. E por se non quedara isto claro, nas disposicións especiais para as eleccións municipais, Capítulo 2 -corrixo aí un erro- Dereito de sufraxio pasivo nos artigos 177 e 178, di que *son inelixibles para o cargo de alcalde ou concelleiro quen incorra nalgún dos supostos do artigo 6 desta Lei* -o que lle acabo de referir- e no artigo 178 di como hai que obrar chegado o caso, *cando se produza unha situación de incompatibilidade os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro ou ao abandono da situación que, ao abeiro do establecido no apartado anterior, dea orixe a referida incompatibilidade.* Neste caso, por desgraza para o alcalde de Xinzo non pode optar pola opción de abonar a situación esa que lle provocou a situación de incompatibilidade. Repito, dende o noso punto de vista a situación e a Lei son moi claras.

Tamén advertimos que hai unhas consecuencias claras de que alcaldes nesta situación se manteñan na alcaldía porque ¿que pasaría cos actos anteriores ás sentenzas que leven a sinatura destes alcaldes? ¿deberán ser declarados nulos de pleno dereito e, en consecuencia, non ter efectos? ¿que prexuízos se poden ocasionar a terceiros? Parécenos un auténtico disparate que parte dun total descoñecemento da lei e do feito de aferrarse con uñas e dentes ao cargo, para ver se entre recurso e recurso pódese rematar o mandato e que teña o menor custo posible para volver.

E teño que dicir tamén que vostedes son cómplices desta situación. Non vale dicir que o alcalde de Xinzo ou da Merca xa non son militantes do Partido Popular para botar balóns fóra e *escabullir* a responsabilidade. Teñen a responsabilidade do que acontece porque os seus grupos seguen apoiando a estes alcaldes independentemente de que temporalmente renunciem á militancia.

En definitiva, nós o que solicitábamos, ou o que solicitamos porque segue tendo plena validez, é:

1.- Que o Pleno da Deputación, en aplicación da lei, esixa a inmediata dimisión (ou se prefiren aí, renuncia que é o termo que recolle o artigo 178) dos rexedores –de Xinzo xa non fai falta- do rexedor da Merca.

2.- Que o Pleno da Deputación solicite que, por parte da Asesoría Xurídica da Deputación, se emita un informe ao respecto dos actos que os rexedores puideran ter tomado durante o tempo posterior á condena.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo, grazas. Nós pensamos que, o que é a lei, debe cumprirse e non fai falta votalo. A lei hai que cumprila e xa está. O que non temos tan claro é si a lei permítelle ou non lle permite, bueno, segundo dixo o portavoz do BNG, a lei di que, aínda que non sexa a condena firme, os alcaldes deben abandonar por lei a súa función. Se isto é así, loxicamente debe facerse. Hai que pensar que hai sentenzas nas que xa non procede a presunción de inocencia; a cousa xa está xulgada, aínda que non sexa sentenza firme.

O que tampouco temos claro é que teña que ser a nosa misión, como deputados provinciais, fiscalizar esa clase de cousas. Quero dicir, eu podo pensar a nivel persoal que ese alcalde debe dimitir, podemos pensar a nivel persoal niso; pero outra cousa é que nós, dende unha actuación política e desde a Deputación, dende unha administración allea ao propio Concello, teñamos que manifestarnos e pedir a dimisión desas persoas. Primeiro, se a lei lle permite continuar exercendo a súa función, sería súa decisión persoal seguir exercendo; xa lle pasarían factura os cidadáns á hora das eleccións. Eu podo pensar como cidadán que deberían dimitir e se non dimite, xa non lles votarei, se fose un dos seus electores. Pero, en todo caso, se a lei permítelle continuar exercendo a profesión, sería decisión persoal deles e se a lei non llo permite, quen ten que actuar é a fiscalía ou outros organismos. Non entendemos que nós teñamos que ser quen fiscalicemos absolutamente esas cousas.

Aquí fálase moitas veces do que é a autonomía municipal. A autonomía municipal incluso a podemos estender a iso, ás propias Corporacións deses concellos, no caso de Xinzo ceo que xa se fixo. As propias Corporacións deses concellos deberían, politicamente, instar as dimisión, etc... pero desde a Deputación non vemos nada claro que entrase nas nosas competencias andar solicitando iso.

Tampouco vemos claro que o señor asesor xurídico da Deputación teña que emitir informes en base a todo o que pasa no mundo. Imaxino que o asesor xurídico da Deputación deberá emitir informes xurídicos con relación ás competencias da Deputación, con relación ás cousas que lle incumben; pero tampouco vexo claro que teña que emitir

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

informes a cerca da legalidade de toda clase de actos que se poidan coñecer. Entón, o segundo punto tampouco o vemos claro.

Por todas esas circunstancias, en principio xa dicindo nada que ver coas opinións persoais que podamos ter, efectivamente a nivel persoal pensamos que debe dimitir, pero como temos dúbidas a cerca das competencias da propia institución e das propias nosas como deputados de que, dalgunha maneira, tiveramos algo realmente que dicir ao respecto; pois ímonos abster.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Na moción do Grupo proponente, o BNG, pídesse a dimisión ou renuncia dos rexedores de Xinzo e da Merca. O caso do alcalde da Merca non o coñezoo tanto polo miúdo, o caso do alcalde de Xinzo si porque me toca de cerca, posto que tanto o proponente, portavoz do BNG, como eu mesma somos concelleiros e portavoces nesa Corporación provincial.

Na condena do alcalde da Merca, parece ser que o Xulgado do Penal N.º 1 de Ourense impúxolle, en maio do ano pasado, catro meses de inhabilitación para cargo público e unha multa de dous meses e dez días cunha cota diaria de 10€. A Audiencia Provincial desestimou un recurso de apelación que fixo este alcalde pouco despois; polo que a condena é firme, señor presidente. De feito, dende o 16 de novembro de 2017, o Xulgado comunicoulle mediante exhorto a firmeza desta condena, a data de inicio e finalización tamén dese período de inhabilitación. Actualmente, medio ano despois, segue no seu cargo. Foi elixido como candidato do PP aínda que renunciou formalmente á súa militancia unha vez que se aproximaba a data para sentarse no *banquillo*; un feito que é habitual nos alcaldes do Partido Popular que deixan a militancia cando despois están *apretados* e teñen que comparecer perante os tribunais. Polo tanto, este alcalde segue no cargo con tres tenentes de alcalde do PP sustentándoo na Alcaldía. Vostede presidente dixo, fai un ano, que a inhabilitación é unha cuestión que ten que resolver el persoalmente. ¡Faltaría máis! é que a toma de posesión tamén é un acto persoal, ninguén pode facelo por un. E ao tempo tamén dixo, que o tempo dirá se se mantén no cargo e tamén se haberá un relevo. Vostede, a lei so cando lles convén.

No caso do alcalde de Xinzo, é un caso ben distinto. Distinto, digo, porque o noso alcalde acaba de renunciar á súa condición de concelleiro e alcalde no día de onte; por

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

certo, nun acto, nun Plenario con nocturnidade, aleivosía para que haxa menos escándalo mediático e sobre todo menos prensa e se lle dea menos eco. Podería ter renunciado persoalmente, pero optou por renunciar diante da secretaria; unha opción tamén lexítima. Un delito penal, o do noso alcalde, tipificado que causa un enorme prexuízo aos políticos como servidores públicos e aos cidadáns (se me deixan, podo continuar) e aos cidadáns porque deixan de crer nas institucións. *O delito de prevaricación se integra por la infracción de un deber de actuar conforme al ordenamiento jurídico del que la autoridad o funcionario es el garante y primer obligado. Su actuación al margen y en contra de la ley tiene un plus que justifica el tipo penal en este caso.* Foi o Tribunal do Penal de Ourense quen ditou sentenza o pasado 1 de marzo, condenando ao alcalde de Xinzo a pena de inhabilitación e di o fallo: *se condena a Antonio Pérez Rodríguez como autor de un delito continuado de prevaricación nos artigos 404 e 74 do Código Penal; no concurriendo circunstancias modificativas de la responsabilidad criminal. Se impone la pena de 8 años y seis meses de inhabilitación especial para empleo o cargo público.*

Antes de todo isto, señoras e señores do Partido Popular, este alcalde intentou pasarlle a responsabilidade ao secretario e á señora interventora, dicindo incluso en sede xudicial que non lía o que firmaba. Inaudito para unha persoa nova e con coñecementos fundados polo seu traballo profesional.

Pero, de todo o expediente que obra no Xulgado, o xuíz emite unha sentenza definitiva que, aínda que non é firme e ten posibilidade de recurso, esta sentenza foi emitida o día 1 de marzo. Pois ben, despois de que a oposición do Concello de Xinzo lle solicitara Pleno extraordinario para pedir a súa renuncia como concelleiro, deixa pasar 21 días ata que fai efectiva a súa dimisión. Só el sabe se por decisión propia, ou por presión de vostedes. Nós pensamos, e case podemos afirmar, que é o propio Partido Popular quen o deixa caer e quen o obriga a dimitir, pois o alcalde aferrouse ata o último día ao *sillón* da Alcaldía; nun momento moi desfavorable para o Partido Popular, como nestas últimas semanas e nos últimos días, a xente está nas rúas reclamando pensións dignas, menos recortes, mellor educación e mellor sanidade.

Polo tanto, chegados a este día, señor presidente e señor presidente do Partido Popular, reprochamos a conduta do mencionado alcalde de Xinzo pola súa tardanza en dimitir tal como llo obriga a sentenza. Reprochamos, do mesmo xeito, a conduta do Partido

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Popular por permitir e reiterar condutas impropias de cargos públicos, xerando desconfianza dos cidadáns na política e nas propias Administracións públicas. Reprochamos a conduta do mesmo Partido Popular cando permite que concelleiros militantes do seu partido manteñan no cargo e voten propostas e resolucións de alcaldes que deixan de militar no PP.

Reprochamos tamén, señor presidente, as súas declaracións nesta Corporación e as do PP provincial, xustificando o fallo dunha sentenza co argumento da presunción de inocencia, ¡algo inaudito en dereito!. *No se sustenta la afirmación*, si señor presidente, vostede dixo que hai que respectar a presunción de inocencia. Pero, de momento, xa hai un xuíz que condena; polo tanto, despois do xuíz, Deus -dicían antigamente-.

Reprochamos as condutas impropias e delitivas efectuadas en Xinzo co único propósito de acadar e manterse na alcaldía. Iso, señores do Partido Popular, só te un nome e chámase caciquismo que é o que mellor saben facer. Despois, na segunda intervención, explicareilles por que. De momento nada máis e moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: a señora Lama vén hoxe un pouco agresiva. Ben, grazas señor presidente.

Señor Rodríguez Suárez, o de tocar fondo...cando se toca, sempre se está á alza. En todo caso, máis pronto que tarde, serán os cidadáns os que digan os que baixan, os que soben e os que se quedan onde están.

Á marxe do que nos ocupa, señora Lama, ¡home!, falar de pensións e recortes cando o señor Zapatero recortounas e vostedes aplaudían todos...non, a memoria histórica está para iso, para recordar. Si, si, explíqueme vostede, vostede non estaba no Parlamento aplaudindo, pero aínda estou vendo a imaxe de todos os deputados do Partido Socialista de pé aplaudindo a *congelación* das pensións e o da dependencia que os efectos retroactivos voaban, para problemas de moitos dependentes que vostede coñece igual ca min. Non vamos a andar aquí con esas cousas, pero se vostede quita fóra de contexto algunha cousa, a miña misión está en contestarlle, como vostede a min, espero que si.

Señor Rodríguez Suárez, ao que nos ocupa. Está claro que a vostedes, unha vez máis, pódelles a impaciencia e, coa súa linguaxe habitual, esixen que todo vaia ao ritmo que lles interesa; ao que lles interesa a vostedes, claro. Pero iso a nós non. O único ritmo que lle interesa ao Partido Popular, en materia xudicial, é o máximo respecto ás decisións

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

xudiciais, non pode ser doutro xeito; e o respecto, tamén, máis absoluto aos tempos xudiciais e digo aos tempos xudiciais, que serán máis longos ou máis curtos pero aí están perfectamente regulamentados e a defensa da presunción da inocencia e, por suposto, a liberdade de decisión das persoas afectadas polos procesos xudiciais. Estas son as nosas máximas fronte aos procesos xudiciais en xeral, e na política en particular; afecten –señor Rodríguez Suárez e señora Lama- afecten a quen afecten; sexan do partido que sexan; sen condenas por adiantado, señor Rodríguez Suárez, sen condenas por adiantado porque para vostede, no caso de Xinzo de Limia (e déixeme rematar señor, déixeme rematar, que aínda non terminei), porque para vostede -digo, para o señor Rodríguez Suárez- el ditou sentenza antes de tela. Ditouna, estaba moi clara -dixo vostede- cal ía ser a sentenza. Iso dixo *antes de*, non *despois de*.

Pois ben, os representantes municipais, ou calquera outro cargo, incursos en procesos xudiciais teñen todo o dereito do mundo, todo o dereito do mundo, señor Rodríguez Suárez e señora Lama, a que se respecten esas premisas, sen xuízos paralelos; aínda que a *tirria* política pasa, as veces, por encima da normalidade. É un dereito que lle asiste a calquera cidadán, dá igual que represente un traballo no ámbito privado que no ámbito público; supoño que ata aí estaremos de acordo.

Ese respecto aos tempos xudiciais e á presunción da inocencia, dos que falaba vostede, atopa máis argumentos de peso diante da posibilidade dun fallo que absolva ás persoas afectadas; posible e real. Porque non lles poden escapar a vostedes que non sería nin a primeira, nin a segunda vez, que un recurso acaba en absolución. E voulles a recordar algo, non fai moito tempo, vostedes, vostedes -Democracia Ourensana non- pouco menos que nos esixían que ao señor Feijóo, alcalde de Baltar, o desterráramos para Zambia. Aí está absolto e non tiveron a delicadeza de pedirlle perdón. O enxeñeiro desta Casa, don Javier Bobe, tamén. E hoxe, recentemente, por lle dicir algo, unha ex parlamentaria, unha ex alcaldesa de Betanzos e ex vicepresidenta da Deputación, di: absolta; ¿quen a repón onde estaba? Pero a vostedes xa non lle interesa. Como vén de facer o alcalde de Xinzo que tomou a súa decisión libremente cando considerou oportuno, como debe ser e como defendemos nós sempre e así o manifestou el. Tomouna libremente, ninguén, e dou fe disto, ninguén lle dixo o que tiña que facer; dou fe e podo dicilo abertamente, nin o presidente, nin o outro presidente, nin os compañeiros de partido tampouco; todo o contrario se acaso.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Po iso, dende o Partido Popular, non imos entrar en valoracións de ningún tipo en situacións particulares de ninguén; tampouco destes casos. E moito menos, e moito menos cando as persoas das que falan na súa moción xa non militan no Partido Popular. Vostedes quererían que militaran, pero non militan porque voluntariamente se deron de baixa.

Os Estatutos do Partido Popular, por se non os coñecen, establecen as ferramentas precisas para abordar estas situacións e una delas é a baixa temporal de militancia á que se acolleron os cargos que a vostedes lles preocupan tanto. Nin o alcalde da Merca, nin o ex alcalde de Xinzo de Limia, pertencen neste momento ao Partido Popular por decisión única e exclusivamente deles.

E seguindo esta liña, a Deputación non é quen, xa se avanzou aquí por parte do señor Ojea, non é quen de poñerse a facer informes xurídicos; aínda máis, incorrería -eu téño claro- nunha competencia impropia que mesmo estaría na ilegalidade. Lémbrolle tamén, señor Rodríguez Suárez e por extensión á señora Lama, outra das nosas máximas, autonomía municipal, á que tamén fixo mención o señor Ojea. Se vostedes queren ter informes xurídicos sobre posibles consecuencias na xestión municipal en Concellos afectados por procesos xudiciais, poden e deben solícialos aos secretarios dos propios Concellos; aí é onde deben facelo. Dende logo, a Deputación non ten entre as súas competencias ditaminar se un alcalde pode ou non pode adoptar acordos mentres agarda unha resolución xudicial en firme, e digo en firme.

A xustiza, señores do Partido Socialista e do BNG, sempre, sempre acaba falando, sempre; sexa ratificando en firme as súas decisións ou, como xa dixen, facendo unha interpretación legal totalmente oposta. Deixemos, pois, que os propios afectados decidan que va face atendendo aos dereitos que lle asisten, e digo, aos dereitos que lle asisten como a nós e deixemos que a xustiza fale en firme, determine e faga cumprir os seu fallos no seu caso. Á vista de todo isto, anúnciolle que votaremos en contra das propostas que nos fai na moción. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Fun tomando notas, así que, ao mellor, agora contéstolle dunha forma un pouco desleixada e vou dando saltos; espero que me perdoen por iso. En todo caso, si, vou intentar darlle resposta ás cuestións que se puxeron por riba da mesa que me parecen máis importantes.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

En primeiro lugar, vostede fala de que eu adiantei a sentenza, ¡home! Adianteina, non vexa mal a intención nin vexa nada raro, adianteina porque coñezo perfectamente, dende o primeiro minuto o que pasou; teño un coñecemento perfecto de cales foron os feitos, cales eran as evidencias que había sobre da mesa e iso, ao final, levou a unha sentenza que era que calquera que estivera na miña mesma situación –non fai falta que sexa eu ou que sexa ninguén do BNG- adiantaría exactamente o mesmo fallo. Xa se dixo aquí tamén, é dicir, no caso de Xinzo -eu no pretendía centrarme exclusivamente no caso de Xinzo, pera xa que parte do debate vai por aí-, tamén teño que dicir que, ao que veciños e veciñas de Xinzo asistimos na fase oral do xuízo que se desenvolveu fai uns meses, é un auténtico esperpento e unha auténtica tomadura de pelo cando se nos di que ninguén lía nada. A propia xuíza tivo que dicirlle, ¿pero é que no Concello de Xinzo ninguén lee ningún papel que firma?. Isto é o que tiñamos enriba da mesa, o cal tamén lle digo que esta era unha segunda fase porque, primeiro, viñeron as condenas do Contencioso-Administrativo que deron lugar a isto.

Despois, nós dende logo non temos ningunha impaciencia. Do que menos se nos pode acusar, no caso que coñezo eu perfectamente como lle digo que é o caso do alcalde de Xinzo, é de impaciencia e de saltarnos ningún tipo de ritmo porque fomos absolutamente respectuosos coa súa presunción de inocencia; ata que xa esa presunción de inocencia deixou de ser tal, respectando que aínda a sentenza non sexa firme e haxa unha instancia á que recorrer. Pero agora xa o da presunción de inocencia xa o temos que pór entre comiñas e apartado cando xa temos sentenzas dun Tribunal Contencioso-Administrativo e unha sentenza dun tribunal penal. Entón, respecto ás decisións totalmente, á presunción de inocencia ata o último minuto.

Respecto aos tempos exactamente o mesmo, o alcalde leva seis ou seis anos e pico nas súas funcións de alcaldía dende o inicio deste proceso e nós en todo este tempo pedímoslle responsabilidades cando houbo que pedirllas, cando houbo sentenzas para pedirlle esas responsabilidades. Iso lévanos a outra das cousas que quería deixar claras que, precisamente o compromiso de rexeneración coa vida política vén por aí, que o alcalde de Xinzo se vaia hoxe, cando xa non lle queda máis remedio, na explicación estrita do que di a lei -despois farei un repaso para que nos quede a todos claro- pois non ten absolutamente ningún mérito, nin é dende logo exemplarizante para os noso cidadáns, para os veciños e

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

veciñas de Xinzo. Non se vai por motivos persoais, vaise porque hai unha sentenza que, aínda que non sexa firme, obrígao a irse. Tivo seis anos para irse de propia vontade, e por ese motivos persoais que agora aduce.

Tamén defender o que nós solicitamos, neste caso, no segundo punto. Nós pensamos que non se invade ningunha competencia municipal. E que vostede tamén nos veña dicindo que consideraría que sería unha competencia impropia, cando esta Casa está chea de competencias impropias por todos os lados e asume cantidades de competencias que non son súas e que deberían pertencer a outras administracións; pois permítame que lle diga que me dá, non sei, non o vou a dicir.

Nós o que queremos, o que pretendíamos con esta moción, era que quedara perfectamente claro para calquera alcalde que estivera nunha situación parecida, temos dous que están nesta situación, pero para calquera caso que se puidera dar no futuro, que agardemos que non sexa ningún tamén llo digo, cales serían as consecuencias e cal é o modo como se debe actuar.

Nós entendemos, e volvo a repetir, que a lei é clara; teño aquí os artigos -xa os lin, pero teño que insistir neles- da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral local que di, art.6 vólvollo repetir, *son inelixibles os condenados por sentenza firme a pena privativa de liberdade no período que dure a pena; os condenados por sentenza aínda que non sexa firme, por delitos de rebelión, de terrorismo, contra a Administración pública ou contra as Institucións do Estado cando a mesma establece a pena de inhabilitación para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou a de inhabilitación absoluta ou especial ou de suspensión para emprego ou cargo público nos termos previstos na lexislación penal.* artigo 177 *son inelixibles para o cargo de alcalde ou concelleiro quen incorra nalgún dos supostos do artigo 6 desta Lei que lles acabo de referir. Artigo 178 , cando se produza unha situación de incompatibilidade os afectados deberán optar entre a renuncia á condición de concelleiro ou ao abandono da situación.* Eu creo que máis claro, máis claro imposible.

Repito, nós pedimos ese informe no punto dous porque pensamos que os alcaldes que estean nesta situación poden levar a unha total situación de inseguridade xurídica aos seus concellos porque se lles podería reclamar ou podería reclamárselle que foran declarados nulos todos os acordos e todas as determinacións que tomen a partir de estar condenados. Por iso pensamos que é totalmente pertinente ese informe por parte dos

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

servizos xurídicos desta Deputación, para que dende todos os Concellos, igual que se lle informa de outras cousas, se lles informe desta e o teñan claro. De momento, nesta intervención, nada máis. moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Como dixen na miña primeira intervención, a lei está para cumprirse, iso dende logo; o que non somos nós quen de dicir se esas condutas deses alcaldes entran nos supostos da lei que leu o portavoz do BNG. Esas interpretacións téñenas que facer noutras instancias, noutros foros, quen ten que ser é o poder xudicial para iso existe a división de poderes do señor Montesquieu.

Nós, como dixen na nosa primeira intervención, aínda que pensamos que deberían dimitir, a nivel persoal, sobre todo porque tamén como apuntara eu xa non procede falar de presunción de inocencia dende o momento que hai unha sentenza firme; pero unha cousa é que a nivel persoal pensemos que deban dimitir, e outra cousa é que a lei o esixa. Se o esixe, son outros os que deben facer cumprir a lei -xa falei da fiscalía e dos outros poderes-; ou se teñen estatutos internos nos propios partidos, aos que tamén fixo referencia o señor Plácido que si que o Partido Popular nos seus estatutos internos esixe a baixa temporal dos seus cargos, pois entón, esíxanllo vostede, loxicamente. Ou en todo caso, incluso, a propia Corporación municipal, antes que a Corporación provincial, debe esixirlle en termos políticos, claro, porque se a lei lle permite á persoa seguir exercendo a súa función ata que a sentenza sexa firme, *aquí paz y después gloria*, como se soe dicir. A decisión persoal última sería del; iso si, a nivel político pasaríalle factura nas eleccións como llas tivera que pasar.

En canto ao informe xurídico, como dixen na miña primeira intervención, nós pensamos que unha cousa é que a Deputación de vez en cando tome decisións en ámbitos que non lle competen e iso témolo denunciado en Democracia moitas veces; e outra cousa é que un funcionario público, un interventor ou un asesor xurídico, asuman competencias que non lle corresponden. Aí, ao mellor, xa entraríamos dentro do terreo da prevaricación ou da ilegalidade como tamén dixo o señor Plácido. Non lle podemos esixir, ou pedirlle, a un asesor xurídico que informe a cerca da legalidade ou ilegalidade de toda clase de cousas á marxe de que formen parte das competencias da propia Deputación.

Resumindo, nós pensamos, a nivel persoal e como partido, que deben dimitir dende o momento que hai unha sentenza firme; pero en todo caso deixamos a cuestión en mans

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

por un lado da lei -se a lei llo pide, xa non lle queda máis remedio-, ou dos estatutos dos propios partidos, das propias normas internas que teñan. Por iso pensamos que non é o noso cometido formalmente decidir ao respecto, ímonos abster. Grazas.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista: grazas presidente. Voulle a responder ao señor portavoz do Partido Popular, señor Plácido, cando menta vostede a Zapatero. Será que foi un bo presidente, porque no fondo saben vostedes que foi un bo presidente; incluso para moitísimo alcaldes do Partido Popular e voulle a dicir por que, deixe terminar. Con respecto ás pensións que digo que están reclamando os pensionistas na rúa; mire, doulle só un dato, subían máis as pensións nun ano con Zapatero que as que levan subido en todos os anos de goberno do Partido Popular. Vostedes, que saben que agora parece que España crece al 3%, resulta que lle seguimos aplicando unha subida do 0,25 aos pensionistas. Esa é a realidade palmaria e a que non se pode ocultar porque xa a xente maior non é parva, a xente maior tenlle moita carreira da vida para saír a reclamar á rúa o que lle corresponde. Iso por un lado.

Polo que respecta á dependencia, vostedes saben moi ben que é unha lei que da dereitos, que ten que ir acompañada de orzamentos e que foron vostedes os que fixeron, coa chegada de Mariano Rajoy ao poder no ano 2011, que desmantelaron esa lei e onde hoxe moitos dependentes tardan dous anos en ser valorados. Dígo con coñecemento de causa, por desgraza, con coñecemento de causa. Igual que coñezo os recortes que hai na sanidade pública e na educación pública; tamén por desgraza, *ojalá* non os coñecera.

Mire, con respecto á sentenza, da que vostede di que hai moitos alcaldes aquí tamén sentados, estiveron en xuízos que despois foron absoltos; non só lle pasa ao Partido Popular, tamén lle pasa a xente que ten cargos públicos no BNG e no PSOE. Polo tanto, non son vostedes os únicos prexudicados; tamén llo digo con coñecemento de causa porque o deputado e alcalde de Baltar estivo nun proceso onde a fiscal fixo un alegato demoledor e foi absolto para o seu beneficio, foi absolto.

Pero mire, voulle a dicir outra cousa. Vostedes teñen un código tan elástico como o *chicle*. Élle tan elástico o código do Partido Popular como o *chicle*. *Soy alcalde del Partido Popular e cando teño que sentarme diante dun xuíz, entonces me doy de baja y dejo de militar*. ¡Mire que fácil! ¿Entende? ¡Iso élle facilísimo! Ese é o código ético e estético que vostedes practican. Hai outros que temos un código ético, onde cando se abre xuízo oral,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

esa persoa marcha para a súa casa e deféndese, persoalmente, con todos os dereitos que lle correspondan en dereito, por suposto que si, pero dende a súa casa. Que era o que lle pediamos ao alcalde de Xinzo cando, xa fai tempo, Ramiro nun Pleno extraordinario, cando empezaba xa o xuízo oral, pediámoslle que dimitira e non o fixo. E non o fixo amparado por vostedes e amparado polos concelleiros do Partido Popular -que algunha está sentada nesa bancada de enfronte- que votan con el e que refendan os actos dun alcalde que está procesado. Alcalde non, ímonos referir xa a partir de agora como ex alcalde.

Pero mire, éllo o segundo alcalde de Xinzo que dimite por orde xudicial, o segundo. E isto élle xa unha vergoña, non para eles, ao mellor, nin para o seu partido; pero para min si como veciña de Xinzo e como representante de moitos que me votaron, e dos que non, tamén. Porque lles aseguro, señor Plácido e señor Baltar, que hai motísimos veciños de Xinzo, votantes do Partido Popular, que se avergoñan de tales feitos. Avergoñanse.

Este alcalde, como o seu predecesor, sonlle do mesmo partido, o PP, que os mantén no cargo ata o último minuto e que lle deu folgos típicos do PP: *Luís, aguanta, sé fuerte* (*dixit* Mariano Rajoy). Este alcalde, que acaba de renunciar, non fixo máis que o que ditan as leis por ser un alcalde condenado por sentenza definitiva. Un dato e unha realidade palmaria que non se pode agochar. O resto dos concelleiros do PP estanlle deslexitimados para ocupar cargo público por mostrar ese apoio público e por participar de decisións dun alcalde que xa está fóra da militancia do PP como vostedes tanto pregoan.

Almorzamos, xantamos e ceamos corrupción de menú habitual en todos os medios de comunicación. Non podemos adormecer á sociedade como se a corrupción fose algo natural e cotián, como algo que vai no ADN dos políticos, intrínseco á vida política. Non é certo, señor Plácido, non é certo, hai xente honesta como servidores públicos, ¡moitos! E seguro que sentados nestas bancadas tamén.

Os veciños de Xinzo non merecen ter gobernantes baixo sospeita de estar cometendo ilegalidades. Mire, os veciños de Xinzo merécenlle un equipo de goberno solvente, honesto, que governe para todos e todas, sen mirar a cor política de ninguén, sobre todo de ninguén, de ninguén do que vote en cada momento. Porque lle digo unha cousa, ben que se gaban nos discursos de investidura de que van a votar para todos e despois xa se ve o que fan, contratar a dedo e sen ningún principio constitucional que é polo que se condena a este alcalde.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

O alcalde de Xinzo dimite e se vai para a súa casa. Chegou da man doutro inhabilitado, no seu día, e seguiu coas mesmas prácticas; xa sei que non lle gusta que llo recorde, pero é o mellor que saben facer. Xa vai sendo hora de que os veciños de Xinzo depositen a súa confianza nun alcalde ou nunha alcaldesa serios e solventes. O vindeiro ano, cando toque, que sexan cautos que teñan memoria para, daquelas, elixir ben que tipo de goberno queren para o seu pobo.

Mire, porque voulle a dicir unha cousa, en ningún sitio, en ningún sitio, señores do PP, está escrito que Xinzo teña que ser portada dos xornais por este tipo de cousas. En ningún sitio está escrito que isto sexa unha profecía que se vai a cumprir. Polo tanto, nós vamos apoiar a moción do BNG.

Con respecto aos informes, eu penso que esta Casa ben pode emitir un informe e, como ben di o portavoz do Partido Popular, o señor Plácido, autonomía municipal si. Este Grupo Socialista xa pediu un informe da secretaria municipal de Xinzo; pero mire que desgrazas que como, de momento, este alcalde non foi notificado persoalmente -parece ser que pola folga dos funcionarios de xustiza que tamén algo estaranlle a reclamar ao goberno do señor Feijóo-, aínda non foi notificado persoalmente. Polo tanto, xa digo, reiteramos ao noso apoio á moción e alegrámonos de que o alcalde, por fin, tome unha decisión acertada. Xa tivo que tomala antes. De momento nada máis e moitas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. A señora Lama vén hoxe con ganas de falar de moitas cousas e case lle encontro gusto de falar doutras que non nos ocupan.

De todas maneiras eu como acostumo a ser respectuoso coa orde día, señor Rodríguez Suárez, eu veño aquí non para revisar as causas do señor ex alcalde de Xinzo, nin do señor alcalde da Merca, para nada. Eu estou aquí para, en nome do meu Grupo, falar do punto nos trae aquí, dende o punto de vista político, non doutro. En todo caso, vanme permitir un *desliz* pola miña profesión e logo falareille algo a nivel xurista, aínda que no ámbito político. Pero dígoo por se acaso se me confunde.

Señora Lama, home, polo que vexo cuestiona vostede ata a sentenza do señor alcalde de Baltar. Eu sei que lles doe moito, doeulles moito; pero está absolto, está aí. Entón as sentenza hai que acatalas, gusten ou non gusten. Polo que se ve, parece que lles

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

gusta a do ex alcalde de Xinzo, pero non lles gusta a do alcalde de Baltar. Pois as dúas, señora Lama, as dúas.

Avergonzarnos, ¿de que? Absolutamente de nada. ¿Que é unha vergonza e que os cidadáns....? home, eu recórdolle que Isaac Vila, do que me prezo de ser amigo persoal, don Isaac Vila foi inhabilitado, volveuse a presentar e gañou por maioría absoluta e vostede era adversaria del, por algo sería; salvo que os veciños de Xinzo sexan todos tontos, porque ás veces cando non lles votan a vostedes, son tontos e cando nos votan a nós son tontos. Si, parece a imaxe que queren dar vostedes; porque logo din que as maiorías non o din todo, pois os votos falan e dentro dun ano, un pouquiño máis, volverán a falar.

Logo, parece ser que hai unha sentenza, non firme, non firme aínda, do señor ex alcalde de Xinzo. Esa é unha sentenza xudicial, pero vostede xa ditou aquí outra; deslexitimou a todos os demais compañeiros, a todos, incluída a miña compañeira que está aquí detrás (amiga Montse, toma nota). Non valen para nada, todos fóra. Pasen vostedes a gobernar, pero esperen un pouco, paciencia como lle dixen antes.

Dito isto, señora Lama e señor Rodríguez Suárez, o posicionamento dos Grupos está suficientemente claro polo que vexo. Pero se me permiten, vou a afondar un pouquiño máis e, xa digo, ese pequeno *desliz*, permítame dende o punto de vista xurídico porque creo que é importante aclaralo para todos. Miren vostedes, trátase efectivamente, o que nos propoñen vostedes, de asuntos que afectan aos Concellos respectivos, non a esta Deputación e que deben ser resoltos en sede municipal polos propios Concellos a través dos seus órganos políticos, democraticamente elixidos. A Deputación Provincial, téñano claro, non está para facer política nos Concellos, nin para ser o seu titor. Os Concellos, ao igual que os cidadáns que os elixen, son maiores de idade e teñen plena autonomía política para tomar as súas propias decisións. E a autonomía política municipal non é outra cousa que o cumprimento do principio democrático de autogoberno dunha colectividade. A deputación simplemente, e quede claro, non pinta nada neste asunto, nada; e non lle corresponde meterse a pedir dimisión -como dixo o señor Ojea- de alcaldes, destes dous alcaldes en concreto. Para nada esa debe ser a súa misión. Algo que si poden facer, xa o dixen antes, se o consideran oportuno os cidadáns e os concelleiros de cada concello, para iso están.

Nese senso, nós rexeitamos rotundamente a lóxica intervencionista e paternalista desta moción que o único que busca é armar barullo mediático de comunicación con este

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

tema e outros similares. Barullo mediático a ver se pescamos algo, como *suelo* dicir eu, señor Rodríguez Suárez. E con respecto ao punto dous, inscríbese perfectamente nesa lóxica paternalista e intervencionista onde se pide, nada menos, que un informe da Asesoría Xurídica da Deputación sobre a legalidade dos actos destes alcaldes no tempo posterior á súa condena. Á marxe de que entendemos que estes casos, os alcaldes sono, e dígoo claramente, sono no tempo posterior á súa condena e sono ata que non dimitan e, polo tanto, os seus actos presúmense válidos e producen os efectos previstos no ordenamento, como ben di a lexislación de procedemento administrativo común. A emisión dese informe para nada corresponde á asesoría xurídica desta Deputación; senón en todo caso, como xa dixen, aos secretarios dos propios Concellos. A lexislación de réxime local contempla, precisamente, mecanismos para que mesmo os concelleiros da oposición podan solicitar e obter eses informes.

Recórdolles, señor Rodríguez Suárez e señora Lama que a Asesoría Xurídica da Deputación só pode, e digo, só pode emitir informe cando así o soliciten os Concellos interesados; tal e como sinala o artigo 2 da ordenanza que regula a asistencia aos municipios que data, como vostedes recordarán, do ano 2008 e que establece que o servizo de asistencia a municipios –e isto inclúe a asistencia xurídica- baséase, entre outros, no principio de petición municipal que implica como di textualmente á ordenanza e o leo para que quede claro e para sempre que *a intervención da administración provincial nunca se producirá de oficio, debendo ser solicitada polo goberno*, insisto, *polo goberno local interesado*. En resumo, o que se pide neste punto 2 da moción e ilegal e para min está claro porque vai contra a ordenanza provincial, como acabo de dicir. Os servizos xurídicos da Deputación están para facer dúas cousas. Unha, asesorar á propia Deputación, como é lóxico, e en segundo lugar, asesorar aos Concellos; pero neste último caso, cando así o pidan os gobernos municipais interesados. Quede claro, repito.

Polo tanto, señora se señores do BNG e do Grupo Socialista, pequenos datos e sen ánimo de que ninguén o tome a nivel persoal. Hai deputados provinciais con familiares na cadea; deputados provinciais investigados e responsable provinciais e autonómicos de partidos da oposición con xuízos orais abertos e incluso, incluso condenados algún, ou algunha, mentres era membro da Mesa do Parlamento por agresión a un cargo público. estou seguro que o recordan. ¿Onde estaban vostedes daquela? Outro que chegou á

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

vicepresidencia da Xunta, sen máis detalles. Outros que ocuparon algún concello entrando polo balcón. Estou seguro que recordan todo isto moi ben; pero ás veces falan os menos indicados. A certos compañeiros do bipartito da cidade absolvéronos recentemente no tema de asistencias técnicas, señora Lama (vostedes tamén andaban por alí), condenaron a outros, por certo, ¿que pasou aí? ¿Presunción de inocencia? Pois claro que si ¿Merecen respecto? Claro que si. E para nós sempre e rotundamente.

E remato xa, repetindo unha vez máis que a dimisión, e así o dixó o noso presidente porque o Grupo témolo claro todos, unanimemente, a dimisión é unha cuestión persoal. Non confundan dimisión con cese; o touciño coa velocidade; os desexos radicais e partidistas, coa racionalidade da aplicación da Lei. Polo tanto, señor Rodríguez Suárez, señora Lama, de ningún xeito podemos votar a favor das dúas propostas que nos presentan na moción.

Nada máis, tan só aconsellarlles, e permítanme que o faga así, non lles vería mal algo de paciencia nestes asuntos e, sobre todo, máximo respecto, e digo máximo respecto, aos tempos xudiciais. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi breve. ¡Home! Esta práctica que fai o señor portavoz do Partido Popular de deixar caer cousas sen poñer nomes, sen concretar, repartindo sospeitas por todos os lados...desde logo, mire, voulle a dicir unha cousa, leccións de ética política por parte dun Grupo como de vostedes que está publicamente recoñecido como partido máis corrupto de Europa, é cuestión de acudir simplemente aos números de encausados, imputados, etc...; dende logo, leccións ningunhas.

Eu xa llo dixen antes, realmente o compromiso, ese do que vostedes tamén se gaban, porque por gabarse tampouco custa nada, dese compromiso de rexeneración da vida política demóstrase en casos coma este. Cando un se vai para a súa casa, como explicou moi ben a compañeira Elvira, cando está arrancando un proceso xudicial no que hai sospeitas ao respecto da súa conduta e se defende dende a Casa e deixa paso a algún compañeiro para que desempeñe ese cargo público, iso é compromiso coa rexeneración da vida política, iso é compromiso e iso é dar exemplo aos cidadáns do que se debe actuar e como se debe actuar nestes casos; independentemente de que despois te defendas na túa casa, como moi ben ela dixó, e ao final ao mellor podas chegar incluso a ser absolto.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Pero o feito de que un alcalde como do que estamos falando, o alcalde do meu concello (que eu non quería, xa o dixeran antes, centrarme exclusivamente; pero como é o caso que me mellor coñezo e se fixo tanta referencia a elo, non me queda máis remedio que insistir nel) que un alcalde como o do noso Concello se vaia para casa seis ou sete anos despois de arrancar todo este procedemento, cando xa ten unha condena dun Tribunal Contencioso-Administrativo e unha condena, non firme, pero unha condena dun tribunal penal, dende logo non é nin exemplarizante, nin é compromiso ningún de rexeneración e, desde logo, que o partido no que milita, ou polo que se presentou ás eleccións, ou polo que chegou ao cargo non lle esixa esas responsabilidades dende o minuto un e se escude, como xa se dixo, no de que...aquí pasan vostede de abrazarse e comerse a beixos, ao xa non milita no partido, a despois rematan por: *ese señor do que me está falando*. Esa é a folla de ruta habitual e é por onde acaban vostedes. Mañá seguramente cando lle pregunten polo señor alcalde de Xinzo dirán vostedes que *ese señor do que me está falando* xa non é do Partido Popular nin é alcalde.

Esa non é forma de tratar eses casos, non é forma -insisto- de demostrar ese compromiso coa rexeneración da vida política e, desde logo, lamentamos moi profundamente que vostedes non apoién esta moción porque, volvo a insistir, nós o único que estamos pedindo é que se aplique a lei. Ninguén me dixo, ninguén me rebateu que as consecuencias que se quitan dunha simple e literal lectura dos artigos, 6, 177 e 178 da Lei orgánica do réxime electoral non leve consecuencias como as que nós pedimos. Nós pedimos sinxelamente que se aplicara a lei. Se este Pleno non ten competencias para pedir que se aplique a lei, ¿non sei para que ten competencias? E o mesmo para o da emisión do informe. Se este Pleno non ten competencias para, a un funcionario de esta Casa, que emita un informe sobre as consecuencias dunha situación que poidan levar aparelladas na que agora mesmo hai dous alcaldes, ou hai un alcalde, que no futuro podería haber máis; é dicir, que non quede claro para todos os alcaldes da provincia, para todas as Corporacións cal é a folla a seguir e a ruta a seguir e as responsabilidades que se lle poden esixir a un alcalde nesta situación, dende logo a verdade é que nós non o entendemos. Nada máis. Moitas grazas.

Por alusións, o señor presidente cédelle á palabra ao deputado do Grupo Popular **D. José Antonio Feijóo Alonso**: si, bo día, bo día a todos os deputados, deputadas,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

compañeiros, público, medios... Ben, serei breve porque non quero ser o protagonista. Non o quixer ser antes cando debía telo sido para recuperar unha imaxe que, de forma inxusta, se deteriorou; sobre todo cuns custes familiares que vostedes deben ser conscientes que existen. É triste cando saes nos medios por cousas como polas que a min acusouse e tamén é triste case escoitar o que se está a dicir dun alcalde que cometeu irregularidades administrativas e que eu penso que pode levantar a cabeza orgulloso, no sentido de que non se lle está xulgando por ter roubado ou ter feito uns delitos impresionantes. Aquí é gravísimo porque resulta que estivo 20 días sen dimitir. Antonio ten o máis importante e penso que é o recoñecemento dos veciños e dos seus compañeiros de Xinzo e o meu propio porque o coñezo.

Ben, pero centrándome no meu, é triste -como dixen- ter soportado, eu e a miña familia, unhas acusacións totalmente inxustas como quedaron demostradas. Alguén aquí dicía que a fiscal mencionaba algo negativo sobre o meu comportamento; ¡home!, sería imposible que non houbera algunha mención específica a que o comportamento non foi o correcto. Pero quérolles dicir que o que mencionaba era que eu invitei, de forma pouco elegante, a alguén a que fose comigo nas listas, a que participara comigo en política. Resulta que iso un grupo, un grupo que ademais é a nivel nacional, un grupo que ten que garantir, e debería garantir, as institucións e o noso estado de dereito, como foi o Partido Socialista; e non quero meter a todos porque sei que hai xente moi responsable, é un partido responsable, pero algunhas persoas -algunha aquí presente-, pois algunha foi a dicir non sei o que, porque comportamento o meu delitivo quedou demostrado que non. A miña acusación máis grande é dunha persoa que di que fun a ameazala á súa casa é resulta que había un montón de testemuñas que din que me recibiu cos brazos abertos e, diante de cinco persoas que estaban alí, invitoume a pasar e despediume na porta cun abrazo. Iso quedou demostrado e iso non o leu a deputada que falou agora fai un momento.

Pero miren, eu considérome pagado. Teño aquí que referirme á prensa que é totalmente inxusto, despois de ter saído corenta veces na prensa, me despachen cuns renglóns así dicindo que fun absoluto. É moi triste esa circunstancia.

Pero tamén os invito, e a ver se remato xa, a que non revolvamos nunha *basura* que é a do desprestixio, considerando á clase política case como delincuente. Non estamos facendo nada positivo polo colectivo. Estamos destruindo o colectivo. A credibilidade xeral

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

do pobo sobre a política baixou dunha forma alarmante. ¿Alguén non ten corrupción nas súas filas? ¿Ten menos corrupción? E ¿pregúntase o porqué seguramente? Porque claro, se o Partido Popular está en dez concellos e o Bloque, *por exemplo*, nun; o *lógico* é que teña o 10% máis, ou o 50%, ou o 60% máis.

Mire, simplemente quero acabar dicíndolle unhas cousas. Estou rematando. Estou dicindo que eu pídolles a vostedes, eu pediríalles, por favor, só 15 segundos máis porque eu creo que non os utilicei todos estes anos para falar deste tema. Recoñecerán que eu paseino moi mal e a miña familia tamén e que creo que hai outras familias e outros señores que están no mesmo carro. Non revolvamos, por favor, na *basura*; non nos desprestixiemos e, despois, deixemos que xulgue quen ten que xulgar, que son os veciños os que nos coñecen. Naquel momento os veciños dixeron que iso era mentira, que pagaba uns cotes inadecuados e o que fixeron foi darnos un concelleiro máis na seguinte, naquela lexislatura e na seguinte, na que non hai ningún tipo de acusación....(señor Ignacio, eu pediríalle que me escoite igual como eu o escoito a vostede). Remato inmediatamente dicíndolle isto, que quen xulga ao pobo, xulgaraos en Xinzo, estaos xulgando en Baltar onde sen ningunha arte estiveron a punto de desaparecer. Moitas grazas e bo día.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA PARA IMPLEMENTACIÓN DAS NOVAS ESIXENCIAS LEGAIS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PRESOAL NAS ENTIDADES LOCAIS.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Pasemos dos delitos ás penas, ás penalidades. A moción que se trae aquí (vou a esperar un momento, que amaine o temporal), digo que a moción que traemos hoxe

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

aquí, unha delas, neste caso trata sobre algo que lle pedimos a esta Deputación que entendemos que é competencia dela. E a moción reza así, dou lectura dela:

A próxima entrada en vigor da nova Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, que actualmente se atopa en tramitación nas Cortes Xerais e que xa foi publicada no Boletín Oficial das Cortes, vai supor a derogación da anterior Lei de protección de datos do ano 99. A nova norma o que pretende é adaptar e complementar o noso marco legal ao Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas e a regulación sobre a circulación dos seus datos.

Esta normativa comunitaria, que ao tratarse dun regulamento é de aplicación directa, será aplicable a partir do 21 de maio do 2018; é dicir, dentro de apenas dous meses. A súa aplicación vai supor importantes novidades con especial incidencia no ámbito local; polo que vai ser necesario que as entidades locais da provincia de Ourense adopten as medidas necesarias para acomodar a súa actividade administrativa á normativa europea. Entre esas novas esixencias, destaca a importancia de novos dereitos que os cidadáns poderán exercer respectos dos seus datos de carácter persoal, especialmente protexidos; como o dereito á portabilidade, o dereito ao esquecemento ou o dereito á limitación do tratamento. Tres posibilidades que se engaden ás xa existentes nos chamados dereitos ARCO: acceso, rectificación, cancelación e oposición. Pero tamén se debe proceder a unha adaptación de formularios e trámites (documentos, correos electrónicos, etc...) no procedemento. Deberase ter en conta que, a partir de agora, o consentimento do afectado terá que ser verificable e deberá ser recollido de forma expresa e inequívoca.

Igualmente, introdúcense outras novidades importantes no modelo organizativo, adquirindo unha gran relevancia dúas figuras das que actualmente carecen as entidades locais que tratan grandes cantidades de datos protexidos; a saber: un responsable e encargado do tratamento e un delegado de protección de datos. A supresión dos tradicionais ficheiros de tratamentos de datos e a implantación dun novo rexistro das actividades de tratamento, tamén forman parte desa nova regulación. A obriga de comunicar determinadas violacións de protección de datos, así como a avaliación do impacto dos trámites con datos persoais, cando sexa probable que comporta un risco para os dereitos e as liberdades das persoas, son outras das medidas destacadas e de calado desta normativa europea.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

As novidades que introduce esta disposición e a súa transposición á lexislación española, son amplas e numerosas, como xa dixen, debido a que os servizos prestados por as entidades locais da provincia afectan a datos tan sensibles como poden ser o padrón municipal, servizos sociais, xestión tributaria, xestión de persoal municipal, dereito de acceso á información pública ou documentación, mesmamente, sobre denuncias da Policía Local e outros servizos municipais (eu non sei se me escoitan, como escoito algo de barullo, ¿si escoitan?). Non debemos esquecer que a nova norma debería proporcionar a máxima seguridade xurídica posible aos cidadáns no tratamento da súa información sensible e o papel dos Concellos na consecución deste obxectivo é nuclear.

A maior parte dos Concellos desta provincia, administracións pequenas e con escaso persoal que en moitos casos teñen competencias delegadas nesta Casa ou servizos mancomunados, carecen de técnicos e persoal axeitado para levaren a cabo estas medidas e é por iso que, polo que dende este Grupo Provincial, consideramos fundamental que esta Deputación, como Concello de concellos e como goberno provincial, tome cartas no asunto e auxilie, sen demora, ás entidades locais da provincia nesta complexa tarefa de formación tanto do persoal, como de execución dos cambios administrativos que pola premura do tempo, o 28 de maio está preto, xa debería de estar en marcha.

Por todo isto, facemos as seguintes propostas de acordo:

A primeira é que a Deputación Provincial elabore de forma urxente -xustificada a urxencia como xa dixen antes- un programa de cooperación no que se defina un sistema (valla a redundancia) de cooperación e de prestación de servizos, ao que os concellos da provincia poidan acollerse, e que determine en que condicións e que servizos de cooperación prestará ás entidades locais de Ourense para a activación efectiva dos obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal.

E o segundo, que vai ligado co anterior, é que esta Deputación Provincial, unha vez implementados os obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal a través deste programa de cooperación, realice unha auditoría para determinar que as entidades locais de Ourense se adaptaron correctamente á nova regulación europea e, polo tanto, están a cumpriren, efectivamente, coa lei vixente.

Moitas grazas.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Antes de ir ao punto sete da orde do día, gustaríame, máis que nada para que non se perda o contexto, facerlle unha solicitude formal ao secretario da Deputación para que nos faga chegar unha certificación das palabras literais do señor portavoz do Grupo Popular referidas ao vicepresidente Anxo Quintana.

Indo á moción, dicir que estamos ante unha moción que deixa pouca marxe á discusión, pois a norma é a norma e dende logo hai que cumprila. O Regulamento xeral de protección de datos que foi publicado en maio de 2016, entrando en vigor nese mesmo mes, será de aplicación a partir do 25 de maio de 2018; polo que todas as modificacións no tratamento de datos que deban realizarse, terán que estar preparadas para esa data. As administracións locais, ao igual que o resto das administracións públicas, son responsables e en encargadas de tratamento de datos persoais no desenvolvemento de moitas das súas actividades. Neste marco, o Regulamento xeral de protección de datos terá un forte impacto e requirirá un gran esforzo de adaptación ao novo marco legal por parte de todos.

En todo caso, poremos un par de cuestións por riba da mesa para o debate. A parte resolutiva da moción fala de dous temas, necesidade de elaborar un convenio marco cos Concellos de forma urxente, toda vez que o 25 de maio, como digo, esta norma será de obrigado cumprimento, e outra de facer unha auditoría para determinar se se está a producir unha adaptación correcta e ao tempo cumprir, efectivamente, coa Lei. Con respecto a esta segunda cuestión, convén lembrar que no ano 2008 por parte desta Deputación cofinanciáronse auditorías básicas ao Concellos da provincia; outra cousa é cal foi o resultado das mesmas, o cal descoñecemos. Esta auditoría ten que dicirnos cal é a foto fixa que existe nos Concellos e se estes están preparados para asumir os retos que veñen.

Non sei se non o di a moción, porque debemos entendelo inserido dentro do primeiro punto ou simplemente porque o proponente non o considerou, que a Lei establece entre as medidas de seguridade unha figura importante que é a do delegado de protección de datos. Esta é unha figura imprescindible no novo marco normativo e a cuestión é se os concellos van poder ter un delegado, cousa que entendemos pouco probable, ou vai ter que ser a propia Deputación a que poña esta figura ao seu dispor dentro deste Convenio marco do que se está a falar.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Tamén sería bo despexar algunha outra dúbida, ¿cal e como vai ser a colaboración que se vai prestar aos Concellos? ¿vaise facer dende a propia Deputación contando cos seus propios recursos, ou vaise facer a través dalgunha empresa externa?. En todo caso, nós xa anunciamos que vamos votar favorablemente á moción do Grupo Socialista. Nada máis, moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Xa se falou na moción anterior de que a lei está para cumprirse e que se ten que cumprir, a lei témola que cumprir todos; pero os poderes públicos, ademais de cumprir a lei, teñen a obriga de facela cumprir no ámbito das súas competencias e do seu poder. Nese contexto de que debemos facer o posible, a parte de cumprir a lei, de facela cumprir no que poidamos; pois sinceramente vamos a votar a favor da proposta do Partido Socialista. Nada máis. Grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas señor presidente. ¿Como lle doen algunhas cousas, señor Rodríguez Suárez e quen lle da ordes?, pero *bueno*, hai que ser obedientes ás veces. *Pues bueno*, non acabará aí a cousa. Se o que pretenden é iso, falaremos de máis cousas. Non se preocupe vostede que, como din por aquí, munición hai para todos. Non hai problema.

E con moita brevidade e o que nos ocupa. Anúnciolles que votaremos a favor da proposta porque xa levamos tempo traballando nela e proba diso, voullo a recordar, señor Fraga Civeira. No pasado Pleno do estado da provincia aprobamos unha proposta de resolución presentada por vostede precisamente, a número 10, onde literalmente dicía: *a elaboración dun convenio marco de colaboración cos Concellos da provincia que, en consonancia coa previsión de elaboración dun Plan provincial sobre este eido, asistan aos municipios na aplicación do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril do 2016*, e continúa a súa redacción. Pero antes xa, antes diso, no mes de outubro, a unha pregunta do compañeiro deputado do seu Grupo, señor Bautista Carballo sobre este tema, o señor presidente contestoulle por escrito no seguinte sentido: *en relación cos pasos que vai a dar esta Deputación para garantir a aplicación do Regulamento* (non o cito máis para acabar pronto) *indicarlle que se está a avanzar en dúas liñas de actuación consistentes na previsión de realización dunha auditoría que reflectiría a situación actual*

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

para logo desenvolver as liñas marcadas para a súa adaptación e, así mesmo, elaboración dun Plan provincial.

Pois ben, a raíz de todo isto e cumprindo os acordos que adoptamos aquí, anúnciolles que dentro da nosa filosofía de adaptación, na que a cooperación cos Concellos é a nosa *seña* de identidade; polo tanto, como digo, anúnciolles que no Pleno do próximo mes de abril presentaremos unha iniciativa neste sentido que será un Plan provincial de cooperación ao que poderán acollerse os Concellos que así o determinen. E, ¿por que non o fixemos antes? Pois simplemente porque o Plan necesita unha dotación económica, como é evidente, e esta dotación vai vencellada a unha modificación de créditos e esa modificación non era posible ata que se coñecera o remanente líquido de tesouraría para gastos xerais para o ano 2017, resultado que coñecemos o pasado 1 de marzo. Por certo, un remanente, unha vez máis, histórico o que fala, e o repito outra vez, dunha modélica xestión económica desta Deputación.

Polo tanto, a partir do Pleno de abril e o anunciamos solemnemente, ou formalmente, os Concellos que queiran adherirse a ese Plan que presentaremos poden ir facendo as previsións correspondentes para estar, como digo eu, preparados para finais de maio que entra en vigor o Regulamento ao que nos referimos. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Con brevidade, porque a orde do día é extensa e porque xa se anunciou por parte dos Grupos políticos o voto a favor, cousa que eu lles agradezo.

Dicir que isto entra dentro de algo que entendemos que é unha competencia básica desta Institución, das Deputacións en xeral, que é o de auxiliar e cooperar cos Concellos, sobre todo nunha provincia como a nosa, onde a maior parte dos Concellos, salvo un, todos, salvo un, teñen menos de 20.000 habitantes e, polo tanto, dificultades para implementar e levar a cabo as novas esixencias desta normativa de orixe comunitario, pero xa normativa incorporada ao corpus xurídico nacional. Como xa digo, a nosa preocupación é importante, levámola no debate do estado da provincia, desenvolvémola aquí e digo que é porque o 25 de maio está preto; non sei se chegaremos en tempo, ou se chegaremos un pouco máis tarde.

Señor Álvarez, señor portavoz do PP, xa é a segunda vez que lle escoito falar e gabarse do remanente de tesouraría; alégreme que así sexa. Espero que a maior parte del,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

senón todo (digo senón todo, porque supoño que quererán amortizar parte da débeda tamén, ao igual que o teñen feito outros anos), pero alegrárame ou pediríalle que a maior parte vaia a programas de cooperación nos que os Concellos poidan participar en pé de igualdade; e senón, ten aí e retome a nosa proposta feita no mes de agosto do ano 2017 de elaboraren un Plan único para os Concellos desta provincia. Estou seguro de que sería benvido por todos. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moitas grazas señor presidente. Simplemente para contestarlle ao señor Álvarez Dobaño. En primeiro lugar recordarlle o obvio, eu son o portavoz do Bloque Nacionalista Galego e no Bloque Nacionalista Galego, non sei no seu partido, pero no Bloque Nacionalista Galego todas as decisións, todo se toma de xeito consensuado; co cal, teño que dicirlle que a min ninguén me da ordes e dende logo un tamén ten que ser valente e responsable do que di. Entón, nese camiño nos vamos a atopar. Nada máis. moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: creo que iso sona a ameaza. Eu sonlle pequeno, pero rebulideiro, quede claro, tome nota. Non me asusta vostede, nin quen lle da as ordes e sigo mantendo o mesmo. Non sei onde lle ve o chiste alguén.

Remanente de tesouraría, pois claro que si. Debería vostede, señor Fraga Civeira, alegrase de que esta Institución, vostede tamén forma parte dela, tivera un remanente de tesouraría importante. ¿A que o vamos a destinar? Home, faga vostede propostas en positivo, pero non se olvide que o goberno somos nós, porque así o quixeron os cidadáns desta provincia. Entón, escoitaremos como é menester as súas propostas, pero as decisións serán de quen goberna que para iso estamos. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Reitero os agradecementos. Señor Álvarez Dobaño, non me caracterizo precisamente por negar o obvio, é obvio que vostedes gobernan e é obvio que vostedes teñen que tomar decisións. Tamén é obvio que nós estamos para facer propostas, para criticar tamén. Por certo, agradeceríalles que eses reproches cruzados que teñen entre vostede e o portavoz do Bloque Nacionalista Galego o tiveran noutros puntos da orde do día e non, dalgunha maneira, o introduciran neste, porque este é unha cuestión moi concreta e tal. Eu pídllelo aos dous, é dicir, hai outros puntos e en fin...

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Nada máis. propostas, fala vostede; continuamente nos Plenos estamos facendo. Tome nota delas e cando chegue o momento de facer a modificacións orzamentarias que estimen oportunas, aí están as nosas propostas. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación Provincial elabore de forma urxente un programa de cooperación no que se defina un sistema de cooperación e de prestación de servizos, ao que os concellos da provincia poidan acollerse, e que determine en que condicións e que servizos de cooperación prestará ás entidades locais de Ourense para a activación efectiva dos obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal.

2º.- Que a Deputación Provincial, unha vez implementados os obrigados cambios en materia de protección de datos de carácter persoal a través dese programa de cooperación, realice unha auditoría para determinar que as entidades locais de Ourense se adaptaron correctamente á nova regulación europea e, polo tanto, están a cumprir efectivamente coa lei vixente.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE A DEPUTACIÓN POÑA EN MARCHA A ACCIÓN DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO EN MATERIA DE IGUALDADE SALARIAL.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción e dálle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas presidente. Moi bos días a todos e todas. Vou a dar paso a toda a lectura de exposición de motivos que nos levou a presentar esta moción, para que nos quede claro o que pedimos e por que o pedimos.

Máis da metade da forza produtiva da nosa sociedade corresponde ás mulleres, porén, esta forza produtiva vese exposta aos peores efectos do sistema económico

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

imperante na actualidade. É hora de combatermos a desigualdade estrutural do mercado laboral que padecemos as mulleres.

Por moitos que algúns e algunhas desexen negar a realidade, a fenda salarial, lonxe de se reducir, viuse acrecentada coa crise económica que padecemos nos últimos anos; ao tempo que medrou a fenda ou a diferenza de salario percibido entre homes e mulleres por igual traballo realizado. Aumentaron as cifras de precariedade entre o xénero feminino e a pobreza en termos relativos, pero tamén absolutos.

No caso de Ourense, acabamos de coñecer que as mulleres percibiron de media uns 3.000€ menos que os seus compañeiros por un traballo das mesmas características. Hai múltiples aspectos que inciden nesta diferenza salarial tales como o efecto dos cobros dos complementos como o de perigosidade, das horas extras, da redución da xornada que teñen a súa orixe na falta de medidas de conciliación.

Segundo datos da Axencia Tributaria, recollidos no informe de Comisións Obreiras, o salario medio anual das mulleres no 2016 foi de 15.111€; mentres que os dos homes alcanzou os 18.105. isto ten un efecto máis que pernicioso nas prestacións por desemprego e nas pensións das mulleres. As mulleres percibimos de paro un 12% menos que os homes e un 27% inferior no caso das pensións. Solo se pode comprobar a xusta reivindicación dos noso pensionistas afogados por un goberno insensible. Teñen ademais un claro sego de xénero sendo peores as condicións das pensionistas que dos pensionistas.

O mercado laboral feminino está caracterizado por unha masiva feminización dos contratos. Contratos a tempo parcial, o 73,3% dos mesmos son desempeñados por mulleres; é dicir, tres de cada catro. Neste caso nace un temo novo que coñecemos como subemprego. As mulleres asumimos maioritariamente os permisos e excedencias por coidado, 9 de cada 10, o que limita o seu desenvolvemento profesional e mingua os seus dereitos e prestacións sociais. Vivimos nunha sociedade machista que castiga tamén aos propios homes ao censurar, en moitas ocasións, que queiran asumir a corresponsabilidade parental.

De todos os xeitos non podemos centrarnos na maternidade que se castiga ás mulleres por ter fillos e fillas; algo que na nosa provincia case é un milagre e celebrar o segundo porque as mulleres asumen, na maioría dos casos, tamén os coidados familiares dos avós, dos nosos pais, nais, sogros, sogras, de menores dependentes, dos adultos

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

dependentes. As mulleres cuidadoras son o verdadeiros sostén do estado de benestar, posto que asumen, de xeito moitas veces gratuïto, as tarefas de dependencia ás que o goberno tería que destinar recursos. Isto *merma* a nosa vida laboral en milleiros de casos e ten o efecto prexudicial a efectos de cara a xubilación.

O papel das administracións públicas nesta problemática de violencia económica que padecemos as mulleres é determinante. Debemos ser os primeiros en cumprir estritamente os plans de igualdade que se veñen desenvolvendo e implementando nas administracións públicas e sermos pioneiros en todas aquelas medidas que, de xeito práctico, rematen coa discriminación laboral, social e económica das mulleres e que veñen recollidos, como todos sabemos, no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero. Por isto e antes de que nos poñamos a esixir ao sector privado que cumpra e desenvolva plans de igualdade e medidas de corresponsabilidade parental e de cuidados, ademais de reducir a fenda salarial e de precarización do traballo feminino debemos predicar co exemplo.

O papel desta Deputación, como o de todas, é importante como Concello de Concellos é primordial á hora de abrir camiño e implantar medidas que rematen coas escandalosas cifras de discriminación que afectan as mulleres da provincia. É polo que traemos estas propostas de acordo a Pleno:

A primeira, que a Deputación de Ourense poña en marcha a acción de pacto de estado contra a violencia de xénero destinada a rematar coa fenda salarial mediante a implementación dunha auditoría de xénero en materia salarial que analice as características de cada un dos postos de traballo desta Institución, así como as retribucións percibidas, os complementos e as xornadas.

Que a Deputación Provincial poña en marcha un programa de cooperación ao que os concellos se poidan adherir para recibir asistencia e cooperación para implementar auditorías de xénero en materia salarial nas súas administracións locais.

Punto 3, instar ao Congreso dos e das Deputadas e ao Goberno de España para aprobe, desenvolva e dote a lei de igualdade salarial, que reforce a actuación da inspección de traballo e da seguridade social neste ámbito así como que imponha a obriga empresarial de dispor dun rexistro actualizado de todas as retribucións desgregadas por sexo; así como todas as medidas conducentes a paliar os efectos discriminatorios dos contratos a tempo

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

parcial, temporais, etc... que precaricen o mercado laboral feminino, entre outras medidas a desenvolver pola propia norma.

E punto número 4, que a Deputación inclúa nas cláusulas de emprego das contratacións puntuación extraordinaria para aquelas empresas que demostren e cumpran coas súas obrigas en materia de igualdade salarial.

Moitas grazas. Por agora, nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Neste mes de marzo producíronse dous feitos de enorme relevancia. O pasado domingo, día 4, milleiros de mulleres e tamén de homes comprometidos coa igualdade, na manifestación en Vigo, deron unha mensaxe a Galicia e ao mundo. O 8 de marzo foi outro día histórico. Sen dúbida estanse dando pasos de xigante na visibilidade dos problemas das mulleres. Unha visibilidade que produce moita incomodidade e mesmo hai a quen lle está resultando difícil non quitar a carauta da súa inacción neste ámbito.

Urxe deseñar unha folla de ruta para avanzar na superación das desigualdades, nun contexto onde a consolidación da precariedade introduce novas dificultades. O BNG vén de reclamar ao goberno galego que demande do estado responsabilidade e compromiso firme para incluír sancións económicas no marco legal nun prazo de tres meses e non seguir o exemplo de Mariano Rajoy, máis partidario do *no meterse en eso* cando lle preguntan sobre a diferenza salarial entre homes e mulleres. A fenda salarial do 28%, unha muller cobra de media 4.513€ menos ao ano que un home, provoca logo a fenda das pensións que chega ao 35%.

Francia, Italia, Noruega, Bélxica, xa aplican sancións económicas e Islandia deu un salto cualitativo blindando por Lei o combate á fenda salarial. Todo o contraio do que nos ofrece o Partido Popular no Estado e para mostra un botón; so o 0.1% das multas por inspeccións laborais no 2017 en todo o Estado foron por desigualdade, só 135 sancións; e a mesma desidia vémosla na propia Xunta, a pesar de que o noso país é pioneiro en materia legislativa que nin a propia Xunta cumpre.

O BNG vén de propoñer a creación dun organismo público que promova e vixíe o cumprimento da lexislación en materia de igualdade, unha ferramenta valedora da

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

igualdade que traballe transversalmente pola eliminación das discriminacións. Temos exemplos cerca, en Euskadi cunha defensoría para a igualdade de mulleres e homes, a través do Instituto Vasco da Muller, un órgano gratuíto de defensa para a cidadanía ante situacións de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo no sector privado.

Ao respecto doutro dos acordos da moción, o que fai referencia á introdución de cláusulas específicas nos pregos de contratación, simplemente lembrar que xa o BNG presentou unha moción neste senso o 27 de xaneiro de 2016. Resultado, o Partido Popular votou en contra. A ver se desta vez teñen vostedes máis sorte. A utilización de ditas cláusulas, insistimos, favorecería nunha contratación pública socialmente responsable e daría resposta aos retos das políticas socias de futuro en diversos aspectos, entre eles, o do fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, contribuíndo deste xeito ao desenvolvemento do principio constitucional de igualdade. De momento, nesta miña primeira intervención, nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Temos falado xa algunhas veces deste tema da igualdade de homes e mulleres, algunhas veces xa soltamos aquí algún *speech*. Hoxe vai máis encamiñado máis no ámbito laboral, da igualdade de mulleres e homes no ámbito laboral.

Loxicamente isto vén dunha historia. A desigualdade entre homes e mulleres na sociedade, mesmo no ámbito laboral, ten un substrato histórico, ten un substrato antropolóxico, incluso hai quen di que ten un substrato biolóxico. Non hai que esquecer que durante milenios, podemos dicir, o traballo estaba totalmente relacionado co esforzo físico, cando non había máquinas ou incluso mesmo antes de que o home puidera domesticar aos animais que lle proporcionaron forza de traballo; pois o traballo, o extraer da terra, do entorno, os recursos para alimentarse, para sobrevivir tiña que ver moito co esforzo físico das persoas. Desde tempos inmemoriais ese esforzo físico estaba en mans dos homes, das persoas de sexo masculino e as mulleres ocupábanse daquelas labores de menos esforzo físico.

Linlle unha vez a un antropólogo que a división do traballo, a medida que se foron desenvolvendo procedementos para non ter que facer tanto esforzo físico, empezando pola domesticación dos animais e seguindo polo deseño das primeiras máquinas, palancas e todo iso; empezou a dividirse o traballo con arranxo a algo moi curioso e é: aquel traballo cuxos

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

efectos sexan acumulativos e se poidan ver e poidan terminar por converterse nunha proeza visible, corresponden aos homes. Por exemplo, se vou facendo unha casa e se vai vendo cada vez cun piso máis ou se vou rotulando unha parcela, iso como se vai ver o resultado e vai acabar sendo moi grande o efecto visual, pois, corresponde a un home. E aquilo cuxos efectos non se vexan, porque o froito do traballo vaise volver a perder. Por exemplo, si hoxe cociño, maná vou ter que volver cociñar; se hoxe limpo a casa, maná vou ter que volver limpar, o efecto acumulativo dese traballo non se vai ver. Ese vai corresponder ás mulleres. Iso foi, segundo certos antropólogos, a división que se empezou a facer do traballo en canto se foi reflectindo o asunto da esixencia do esforzo físico.

O gran salto cualitativo tivo lugar, loxicamente, no S.XIX-S.XX xa coas máquinas que permitiron que os traballos de esforzo físico xa non dependeran dos homes; senón que dependían das máquinas. Mesmo houbo quen nun primeiro momento, homes, que se opoñían precisamente a invasión das máquinas -un temor similar ao que hoxe temos pola invasión dos robots- porque dicían que lle ían a quitar o traballo; pero sobre todo perdíase aquela imaxe do home machote, *fuerte*, que tiña forza. Entón, *sabotearon* as primeiras máquinas (de feito, a palabra *sabotear* ten a seu orixe etimolóxica na palabra *sabot* que significaba zapatos, porque metían zapatos nas máquinas para que deixaran de funcionar) e despois xa no S.XX xa empezou a ser totalmente innecesaria a forza, ou practicamente, a forza do ser humano para manipular as máquinas. Aínda había unha cuestión e era que aquelas máquinas non só as podían *manejar* os homes. As máquinas proporcionaban a forza, pero aínda había que se listo para manexalas e aínda lle correspondía aos homes o manexo daquelas máquinas.

Despois veu a guerra e na II Guerra Mundial foi cando houbo un cambio importante porque os homes tiveron que ir ao fronte a combater e quedaron as mulleres a cargo daquelas máquinas, a cargo dos procesos produtivos e demostraron que elas tamén podían *manejar* as máquinas. Cando volveron os homes do fronte, os que non morreran, claro, encontráronse que as mulleres non querían volver para a casa a facer os seus traballos domésticos que lles asignaba asculturalmente a organización social . entón, elas decidiron que tamén sabían *manejar* aquelas máquinas e foi cando empezaron a pedir a igualdade e *igual traballo, igual salario*.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Así foi evolucionando a cousa e agora estamos nunha fase na que absolutamente as máquinas, os procesos produtivos, etc... non requiren para nada nin do esforzo físico nin das diferenzas que puidera haber en termos biolóxicos entre home e mulleres e é cando se demostra que a intelixencia das persoas e as capacidades cognitivas son as que se necesitan para desenvolver os traballos que son exactamente iguais, en principio, entre homes e mulleres e é cando non empeza a ter sentido, xa dende hai tempo cronoloxicamente, empezan a non ter absolutamente ningún sentido as diferenzas ás que fai referencia a moción: diferenzas de salario, prexuízos, prexuízos de que se as mulleres son máis listas, máis *tontas*, *mujer de pelo largo*, *inteligencia corta* que dicía aquel escritos español. Entón, como dise temos falado máis veces, o cambio social que ata agora foi a remolque dos cambios tecnolóxicos, alguén dicía unha vez que se volvían a desaparecer as lavadoras, ou se volvían a desaparecer os electrodomésticos, ao mellor había unha reacción. Porque non no damos conta, pero moitos dos avances sociais ao mellor nun caso de catástrofe no que non houbera electricidade, que non funcionaran os electrodomésticos, ao mellor volvíamos para atrás, e non soamente nas diferenzas entre homes e mulleres; tamén nas diferenzas de clases, etc...

As medidas que propón a moción, neste contexto filosófico no que estiven agora falando, parécennos perfectamente válidas porque estamos de acordo en que a iniciativa a partir de agora téñena que tomar os poderes públicos. Os poderes públicos son os que teñen que abanderar, digamos esta loita polo futuro da igualdade entre as persoas, da igualdade entre homes e mulleres no caso concreto que nos ocupa, sobre todo no ámbito laboral.

Vamos a votar a favor de todas elas, a aínda que algunha delas nos parecen máis unhas boas intencións ou un brinde ao sol, como xa alguén falou, creo que foi Rosendo, trouxo a colación a cita de Dante no seu inferno de que está empedrado coas boas intencións. Sobre todo provocábanos dúbidas a número 4: *que a Deputación inclúa nas cláusulas de emprego das contratacións puntuación extraordinaria para aquelas empresas que demostren e cumpran coas súas obrigas en materia de igualdade salarial*. Isto en teoría claro que está moi ben, non podemos dicir que non; a cuestión está en que non temos nada claro como isto se poida levar á práctica, en base a que criterios ou en base a que síntomas podemos entender que unha empresa privada vai cumprir ou deixar de cumprir con isto. En principio, polas boas intencións votaremos a favor.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Do resto dos puntos votaremos totalmente a favor porque nos parecen pasos, pasos que van facendo as institucións nacionais cara a ese destino, que entendemos que canto máis pronto se achegue mellor, da igualdade dos homes e das mulleres no ámbito laboral. Nada máis. Grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular: moitas grazas señor presidente e moi bos días a todas e todos. En primeiro lugar quería dicirlle que, dende o meu Grupo propoñemos a emenda que todos vostedes teñen no seu poder por varias razóns. En primeiro lugar quería dicirlle a Susana Rodríguez, á señora Rodríguez, que aquí xa se fixo unha diagnose dos postos de traballo para poder elaborar lo primeiro Plan de Igualdade (aquí o teño, a diagnose que xa se fixo nesta Deputación Provincial); nótase que ningún de vostedes asistiu á presentación, a cal estaban invitados.

Lembrarlles tamén que as retribucións salariais están estipuladas de maneira igualitaria. Non lles vou a pór aquí a explicar as retribucións básicas e as retribucións complementarias; o que si lles podó dicir que está claro que non se distribúen os complementos salariais segundo o sexo, loxicamente, depende directamente do posto de traballo e non da persoa.

En segundo lugar xa lle informo que xa fai varios meses que estamos a estudar un Plan Provincial de Cooperación en materia de igualdade. Pódollo dicir e asegurar, que aquí están as actas da Comisión de Igualdade onde x fai varios meses estamos a estudar ese tema.

Tamén vostede me dixó que son maioría as mulleres que concilian; pois algo deberemos estar facendo ben na Deputación Provincial de Ourense que, dende que aprobamos e levamos a cabo o primeiro Plan de Igualdade de oportunidades, tivemos sete solicitudes de conciliación e tres son de homes e non de mulleres.

Dende logo, entendo que non queira aceptalo, señora Rodríguez, pero xa existe un compromiso firme do Goberno do Estado onde a fenda salarial está sendo obxecto de negociación salarial tanto polo Ministerio de Emprego, os empresarios e tamén os sindicatos. Por suposto que estamos a favor da equiparación salarial e que sexa xusta, faltaría máis, ¿vostede que pensa, que as mulleres do Partido Popular ou que temos unha responsabilidade no Partido Popular non nos importa ou non loitamos por isto?

Mire, señora Rodríguez, o impulso do emprego e do emprendemento feminino guían, dende logo, a acción política do meu partido, co obxecto de acadar cada día máis mulleres

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

traballando en postos de maior responsabilidade e que tamén haxan máis medidas que estimulen a conciliación e a corresponsabilidade entre os homes e as mulleres. E, ¿sabe como se loita contra estas desigualdades ou diferenzas salariais? Con actuacións señora Rodríguez. Convocatoria de axudas dirixidas a empresas e entidades -entre 30 e 200 persoas- para financiar custes derivados de implantar plans de igualdade que contemplan cuestións relacionadas coas condicións de traballo. Axudas que se veñen financiando dende o ano 2008 e se destinaron, xa, máis de 8 millóns de euros. *Distintivo igualdad en la empresa*, ¿coñéceno? Que reconece a empresas que destacan as súas políticas de igualdade. Web *igualdad en la empresa.es* creada polo instituto da muller e para a igualdade de oportunidades, onde proporciona asistencia técnica a todas as empresas e entidades deste país e onde se desataca a transparencia salarial.

En resumo, os últimos datos publicados por Eurostat sinalan que a fenda salarial caeu dun 18,7% ao 14,9%, situándose nun mínimo histórico e baixando. ¿Que queda moito por facer? Dende logo que si, non o dubiden, pero isto só se consegue facendo políticas de igualdade real. Políticas de igualdade sen utilizar ás mulleres como instrumento de debate político malo. Somos fortes e sobre todo somos o suficientemente capaces de seguir loitando polos nosos dereitos e acadar a igualdade total de maneira inmediata. Para elo pídolle unidade, unidade porque non somos mulleres do PP, do PSOE, ou do BNG, ou de Democracia Ourensana; somos nós, mulleres, simplemente mulleres, e así conseguiremos moito mellor os nosos obxectivos. De momento nada máis. Moitas grazas.

D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: grazas presidente. Dúas cuestións. Dicirlle ao señor Armando que, en relación ao punto 4, hai empresas que están obrigadas a facer auditorías de xénero pola súa capacidade. Se están obrigadas a facer unha auditoría de xénero, nós podemoslle pedir unha auditoría de xénero.

Con respecto á señora Lama. Vostede di que se crea emprego, non calquera emprego é bo porque o emprego que se está creando para as mulleres vostede sabe que é subemprego. Logo, respecto ao pacto, ao plan de igualdade de oportunidades de homes e mulleres, si que o lin, e mire se o lin que aínda o teño aquí, lino cando foi a presentación e dinlle varias voltas; ao cal, teño que dicirlle, que non fomos invitadas nin invitados ningún partido da oposición a participar no Plan. ¿Fomos invitados a participar no Plan? Non, non fomos invitados a participar no Plan. Á presentación, pero non invitados a ir ao Plan. En

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

relación ao Plan, vostede, cando presentaron o plan, agora nos fala de que xa teñen bastante acadado neste tema e nos falan de que xa teñen medidas. Cando o presentaron, vostedes presentaron catro bloques no Plan; un que falaba de estratexia e de organización interna, un segundo bloque participación equilibrada, un terceiro bloque favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e un cuarto bloque que garanta a protección integral das mulleres traballadoras. Para nada se fala da fenda de salario nesta Deputación.

Xa o que é entrando na moción que presenta o Grupo do Partido Popular, non me sorprende nada a súa intervención e a súa moción. Seguen o guión habitual do partido popular. Vostedes non teñen a mulleres na súa axenda política, nin teñen perspectiva de xénero nin filosofía feminista nos seus programas; presentaron un plan de igualdade fai cinco meses, cinco meses un plan de igualdade, algúns Concellos xa o temos dende algún tempo máis.

A verdade é que están fóra de xogo, non teñen resposta para as mulleres. Miren, a xornada histórica de reivindicación feminista do 8 de marzo obrígaos a vostedes, ao Partido Popular, a poñer a igualdade na súa axenda. É unha realidade que as mulleres temos salarios máis baixos que os homes, non poden negar esa realidade, encontrámonos lonxe da igualdade en materia salarial con datos preocupantes. Nós hoxe con esta moción presentábase medidas concretas, creo que iniciativas facilmente asumibles por esta Casa e que mellorarían a situación e resulta increíble que nos veñan cunha emenda de substitución na cal falan de actuacións proactivas en materia de igualdade salarial, no primeiro punto. ¿Poderíame explica a que se refire isto en concreto? ¿Que se refire a campañas de fomento da igualdade? ¿Que se encargue o Goberno de España? Tamén lle poderían pedir financiamento para os plans de igualdade e para as auditorías nas entidades locais das que nin vostede, nin a Xunta, se fan cargo. Voulle recordar, xa o dixemos varias veces, que dende o ano 2014 a Xunta non convoca axudas para a elaboración de plans de igualdade nos Concellos.

No segundo punto falan que se amplíen as axudas para financiamento de plans de igualdade. Isto que fai referencia aquí son plans de igualdade para as PEMS, non sei se o saben. Esquécense unha vez máis do financiamento das entidades locais neste eido e parece mentira que queiran salvagardar a honra do goberno ao tempo que instan cando teñen a pouca vergoña de dicir que consignaron un millóns douscentos cincuenta mil euros no ano

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

pasado para este cometido, cando a propia resolución -se non a teñen aquí, pásolla- di literalmente *esta cantidade que é para o ano 2017-2018*. O seu é increíble, solicitan ao goberno o que nós lle pedimos que fagan vostedes. Exactamente é iso, que lle pedimos información desgregada en función de xénero (non sabemos dese informe que ten vostede, teránolo que pasar, a verdade eu pídollo); esta información desgregada en función de xénero íase resolver cunha auditoría que se negan a facer e que tamén lla negan aos concellos, aos cales teñen a obriga de asistir.

Tamén falan de medidas oportunas para solventar a precarización no mercado laboral feminino e as modificacións legislativas pertinentes, ¿a cales se refiren? ¿a que modificacións se refiren no terceiro punto? ¿refírense ás medidas concretas como as que nós propoñemos hoxe aquí, como as dos contratos con outras administracións? ¿Ou as que propoñemos como o PSOE acaba de presentar o proxecto de Lei de igualdade salarial?

Eu creo que propoñen esta emenda, que son tentativas para desviar a atención porque vostedes non queren asumir medidas de transparencia salarial no seo desta Institución. Presentan unha emenda baleira de calquera compromiso, non fagan oposición da oposición, por favor, vostedes son goberno. O que nos presentan hoxe na emenda para nada ten que ver co sentido da moción, nós presentamos medidas concretas e vostedes van a instar ao goberno, instan ao goberno no tres puntos.

Mire, non podemos pasar de lado e dicir non nos metamos niso; porque iso son os nosos salarios de hoxe e as nosas pensións de mañá. Porque nós, non só nos metemos niso, porque, ademais, queremos acabar cunha grande discriminación. Non se pode entender que unha muller, por facer o mesmo traballo que un home, cobre menos e vostede ten que estar de acordo niso. A verdade é que estamos fartas de desigualdades. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para anunciar a nosa postura nesta moción que vai ser a de absternos. Fundamentalmente, entre outras cousas, sobre todo polo punto 2 no que se fala de que a Deputación poña en marcha o convenio cos Concellos para que despois se poidan adherir, etc... Nós estamos, xa o temos dito máis veces, dende logo en contra de que esta Deputación siga asumindo competencias que lle son impropias e, neste caso, debería ser a propia Xunta, como eu tamén dixen na primeira intervención, é a quen lle hai que reclamar que adopte acordos e que cumpra a propia lexislación que xa existe e que, xa o dixen

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

tamén, somos un país pioneiro nesta materia, pois que a Xunta aplique a lexislación, cumpra os seus compromisos e que é a Xunta quen debe actuar neste caso. Ese é fundamentalmente o motivo que fai que, concordando con moitas dos razoamentos e explicacións que se puxeron en riba da mesa, nos levan a optar pola abstención.

En canto á emenda presentada polo Grupo Popular, faremos o que acorde o grupo proponente neste caso que entendo que será votar en contra; co cal, votaremos en contra. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola de novo. Recordar que eu dixen que o punto 4 espertaba as nosas dúbidas. Efectivamente moitas empresas teñen a obrigaón de cumprir con estas condicións de igualdade, a dificultade está no control. A dificultade estaría por parte da Deputación de ter mecanismos para saber ou para controlar que efectivamente cumpren. Xa sabemos que poden estar obrigadas a cumprir e non haber un xeito práctico de que se comprobe.

No punto 2, ao que se refería o Bloque, aínda que nós moitas veces dicimos que a Deputación non se debe meter en competencias que non lle son propias, aquí fálase de colaboración cos concellos. Se algunha competencia ten a Deputación é axudar aos Concellos naquelo que se estime oportuno e aquí fálase de cooperación cos Concellos, non se fala de misións comerciais con Estados Unidos, por exemplo.

Efectivamente, como dicía na miña primeira intervención, ás entidades públicas compételle a institucionalización progresiva da igualdade. Porque aquí temos dúas cousas, por un lado a revolución feminista; a revolución feminista que xa leva unhas cantas décadas funcionando, pois é iso, unha revolución como tal, terá unha existencia efémera porque en principio as revolucións rematan en institucionalizacións e despois pasan unhas cantas décadas ou séculos ata a seguinte revolución, se nos esquecemos da tese da revolución permanente de Trotski que iso é outra historia. Como os colectivos feministas cumpren a súa misión de revolucionar á sociedade para sensibilizala con estes temas; pero as institucións públicas cumpren a segunda fase que é a da institucionalización da igualdade e destas medidas e a iso terán que apuntarse todas as institucións públicas e todos os organismos públicos, cada un dentro das súas competencias e a Deputación e os Concellos tamén entrarán no xogo achegando as súas medidas no ámbito das súas competencias. Nesa

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

filosofía, como dicía na miña primeira intervención, é pola que vamos a votar a favor da moción do PSOE. Nada máis, moitas grazas.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular: grazas señor presidente. Señoras e señores, creo que non hai mellor debate que o debate con datos e realidades.

Señora Rodríguez, cando vostedes gobernaban no bipartito da Xunta de Galicia, ¿pode explicar porque había un 85% menos de prazas en escolas infantís que a día de hoxe?. ¿Cando vostedes gobernaban por que non existía, por exemplo, o bono concilia, as casas niño no rural ou por que o rural no tiña escolas infantís? ¿Acaso non lle importaban as mulleres do rural? ¿Por que cando gobernaban había máis paro feminino que agora? ¿e menos mulleres afiliadas tamén á seguridade social? Señora Rodríguez, ¿por que cando gobernaban a fenda salarial era bastante superior á da agora?

Señora Rodríguez, datos, datos concretos e reais. Non se pode mentir e moito menos faltar á verdade dicindo que o partido ao que eu pertenzo non fai nada en políticas de igualdade. Voulle a lembrar dúas cousas, a primeira, Lei de igualdade. A primeira Lei de igualdade que tivo a comunidade autónoma de Galicia foi proposta por un goberno do Partido Popular. O primeiro Plan de Igualdade entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense foi proposto e elaborado polo Partido Popular. En ambas, vostedes abstivéronse ou votaron en contra.

Señora Rodríguez, non se poden manipular os datos. A fenda salarial das mulleres galegas e do 14% e a media europea está no 16%. Hai que seguir traballando. Hoxe hai 22.500 mulleres que traballan a tempo parcial. Si, por desgraza, por coidar dos familiares, é certo. Pero, ¿por que non di vostede que, cando vostedes gobernaban, había 27.800 mulleres nesta situación? 5.200 máis que o de agora, a pesares da crise. No 2009 en Galicia traballaban 465.000 mulleres; hoxe, traballan 472.000, 7.000 máis, a pesares da grande crise económica. A isto chámasele xestión, señora Rodríguez. No 2009 o paro rexistrado en mulleres era de 113.000, hoxe 106.000; 7.700 menos que cando vostedes gobernaban. Punto...(eu respéctolle o seu *turno* de palabra sempre, entón, por tanto pídlles que sexan consecuentes coa súa responsabilidade e co seu saber estar, por favor) no Bipartito que vostedes gobernaban co Bloque Nacionalista Galego gastaban en conciliación 54 millóns de euros; hoxe estase a gastar case o dobre, 98 millóns de euros.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Señor Rodríguez Suárez, só dicirlle que a utilización dunha parte do corpo dunha muller para facer política é impropio, vulgar e iso si que é machista, iso si que é penoso e insultante para todas nós, créame.

Queridos e queridas compañeiras deste Plenario, ¿saben vostedes que o 65% dos xuíces deste país son mulleres e o 63% dos fiscais son mulleres? todos os indicadores din que vanos no mellor camiño, vamos avanzando. Igual deberían pensar que os que non teñen en conta ás mulleres e non representan ás mulleres son vostedes; porque o que está claro é que nós estamos aquí gobernando e vostedes están aí, na oposición. Todo por non respectar e, sobre todo, por manipular sempre os datos e todo o relacionado coas mulleres.

Señores, señoras, a igualdade real e efectiva só se consegue con tres piares fundamentais: máis democracia, menos manipulación e máis unidade. Moitas grazas e nada máis.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista: sorprendente. Sorprendente. Impresionante, tes toda a razón. Solo dicir que me estraña a postura do BNG porque nesta Casa eu creo que os programas de cooperación son os que ten que facer esta casa cos Concellos, é o deber desta Administración, o fin co que foi creada, para os concellos de menos de 20.000 habitantes.

Logo, señor Armando recordarlle que as feministas non pedimos máis dereitos, pedimos os mesmos dereitos, soamente ese punto. Pedimos os mesmos dereitos que os homes, non pedimos máis dereitos.

Señora Lama, fíxenlle varias preguntas en relación á súa emenda pero non me respondeu ningunha. Balóns fóra, dixo: *y tú más*. Eu creo que a sociedade pide outra cousa. Mire, no plan de igualdade nós abstivémonos porque non nos invitaron a participar nel, ao mellor este tema sairía para incluír no plan de igualdade.

Outra cousa, fai nove anos creáronse as Galescolas, hoxe Galiñas azuis, e creáronse os Centros de día e ¿quen os creou? ¿o goberno do PP? Non, creounos este mal chamado, que *madre mía qué horror*, catro anos do goberno bipartito.

Solo dicir que o emprego, xa dixen antes, o emprego que se está creando ¿de que forma se está creando o emprego das mulleres? ¿a que emprego optamos as mulleres? A subemprego, non emprego digno, a xornadas laborais de catro horas que, ao final, convértense en máis. Por favor, non confundamos.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Eu xa só para rematar, eu creo que xa están claros bastante os conceptos, por suposto non vamos a aceptar a súa emenda. Poderían ter presentado outra, poderían terse acollido porque nós presentamos na nosa moción cousas claras que podería facer esta Deputación sen entrar en moitos incisos, nin nada. Non creo que propoñamos cousas aí surrealistas nin se outro planeta. Pero vostedes deciden e teñen razón, vostedes deciden e a cidadanía ponnos a cada un no seu sitio. Teñen toda a razón. Pero dicir tamén que o día pasado 8 de marzo a folga feminista que houbo foi unha repercusión e eu creo que este movemento vai a continuar.

Eu só terminar por dicir que na sociedade patriarcal na que vivimos son necesarias medidas correctoras e compromisos económicos para que as mulleres non segamos sufrindo discriminación, desigualdades e violencia. Custa crer que continuemos cun lastre de desigualdade non só salarial senón en todos os aspectos da vida. A nosa sociedade segue ancorada na crenza de que o peso da familia ten que recaer muller, agora xa temos coñecido isto como o imposto feminino. Temos vidas laborais máis descontinuas, menos promoción e quedamos lonxe do poder, lonxe da dirección. A brecha salarial débese paliar, e pódese, esixindo máis transparencia nas retribucións e unha auténtica política de retribución; unha política orientada á igualdade, á corresponsabilidade que contribúe a pechar unha brecha que non só é salarial e laboral e, sobre todo, unha inxustiza social. É necesario modificar norma e leis para conseguir maiores condicións laborais e salariais; pero atopámonos cun goberno -aínda que non lle guste recoñecer- o goberno do Partido Popular porque si están gobernando para o cal a igualdade salarial non é unha prioridade. As Administracións públicas debemos ser os primeiros e debemos ser pioneiros en medidas que rematen coa discriminación social, laboral e económica das mulleres.

Mire, fai pouco lin que dicía Virginia Woolf: *una mujer debe tener dinero y una habitación propia para escribir novelas*; pero a realidade é que as mulleres atopámonos con trabas e dificultades no mercado laboral para poder conseguir diñeiro e habitación e, se a temos, esa habitación é alugada, moito máis pequena e de menos valor que os homes. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar ao Goberno de España, ao Congreso e ao Senado para que desenvolva a Lei de igualdade salarial e introduza as modificacións lexislativas no Estatuto dos Traballadores que melloren a transparencia retributiva e promovan actuacións proactivas en materia de igualdade salarial.
- Solicitar ao Goberno de España a ampliación das axudas para financiar plans de igualdade con respecto ao ano 2017, cando tivo un importe de 1.250.000 €, así como tomar as medidas oportunas para solventar a precarización do mercado laboral feminino.
- Solicitar ao Goberno de España modificacións lexislativas que permitan avanzar en transparencia salarial e clasificación profesional, para incorporar a obrigaición do empregador de ofrecer aos traballadores e aos seus representantes información desagregada en función de xénero sobre retribucións.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A ELABORACIÓN DUN CATÁLOGO DE LOCALIZACIÓNS NA PROVINCIA DESTINADO Á INDUSTRIA AUDIOVISUAL.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: bos días señor presidente. Compañeiras e compañeiros desta Corporación, público que asiste. Aínda que vanos a tratar na seguinte moción o tema do Centro Galego, quero agradecer e felicitar a presenza de impulsores dese manifesto en favor de Bos Aires, grazas por acompañarnos. Grazas tamén

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

aos medios de comunicación que dan fe de todo o que ocorre neste salón de plenos. Moitas grazas a todos.

O programa de mandato deste goberno provincial, reflectido no Plan Ourense 15-19, fai unha aposta singular por unha estratexia turística provincial que permita atraer un novo concepto de turismo. Falamos de turismo termal, cultural, etnográfico, patrimonial ou de natureza, aspectos onde a provincia de Ourense ten os recursos dabondo para se converter nun punto de atracción para os visitantes.

Cómpre non perder de vista que a chegada do AVE vainos poñer ao alcance de milleiros de potenciais turistas, aos que temos que ofrecerlles novas experiencias se desexamos captar a súa atención. Neste sentido vai, precisamente, a moción que desde o Grupo Popular, traemos hoxe a este Pleno, a posibilidade de poder ofrecer experiencias diferentes aos turistas a través de novos conceptos de turismo.

Un destes novos conceptos é o chamado turismo cinematográfico que, por todo o mundo, move corenta millóns de turistas internacionais; mesmo algúns países teñen baseada a súa estratexia de promoción turística na visita ás localizacións de grandes producións. Desde *Spain Film Comission*, unha realidade que agrupa ás oficinas públicas de rodaxe que operan en España, afírmase que unha produción audiovisual, sexa cine, series de televisión ou vídeos musicais de afamados artistas, ten tres vantaxes sobre calquera xeito de promoción tradicional: é unha promoción máis prolongada no tempo, chega a máis xente e crea vínculos emocionais integrando as localizacións ou escenarios en historias e personaxes.

O mesmo di un estudo da Universidade de Vigo realizado polos profesores Noelia Araújo Vila e José Antonio Fraiz Brea na Facultade de Ciencias empresariais e Turismo, o sector audiovisual -destaca este documento- pódese converter no medio de difusión dun destino turístico que fose utilizado para calquera produción, chegando a un elevado número de potenciais espectadores e xerando sensacións e emocións que nun futuro poden decantar a elección do seu destino de vacacións cara á ese lugar. A interese e recíproca, apunta tamén este estudo, pois as produtoras incrementan o valor das súas películas, series ou vídeos musicais ao rodar en zonas que resultan atractivas para o espectador. Este estudo da Universidade de Vigo centra a súa atención nunha serie de televisión, *Doctor Mateo*,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

emitida por Antena 3. A localidade pesqueira de Lastres onde se rodaron as escenas en exteriores aumentou por milleiros o número de visitantes en dous anos.

Quixera apuntar dous datos tamén importantes, segundo os expertos un 30% dos turistas recoñecen que elixiron o seu destino logo de velo no cine ou na televisión. A mesma porcentaxe dese 30% é o cálculo que fan sobre os ingresos económicos que xera a rodaxe nunha localización. Un 30% do orzamento da produción queda en aloxamentos, restauración ou noutros servizos.

Pois ben, a provincia de Ourense tamén pode sumarse a este novo concepto de turismo. De feito, non é un terreo descoñecido para o sector audiovisual xa que nos últimos anos foi escenario de diversas producións: *La lengua de las mariposas* (A lingua das bolboretas) en 1999; *Los girasoles ciegos* en 2008 (ambas as dúas dirixidas por José Luís Cuerda e gañadoras dun Goya); *Pradolongo* no 2007, *A esmorga* no 2014 (as dúas de Ignacio Villar); *Toro* de Quique Maíllo en 2016 e recentemente emitida por televisión e que rodou varias escenas aquí en Ourense capital. Series de televisión como varios capítulos do *Camiño de Santiago* de Antena 3 en 1999 ou *Hospital Central* de Telecinco en 2007. Máis recentemente, vídeos musicais dos cantantes Alejandro Sanz no Mosteiro de Oseira ou Marta Sánchez para a Volta Ciclista a España. Aínda que o cite en último lugar, non por menos importante, senón para destacar -señor Bautista- a primeira longametraxe galega: *Sempre Xonxa* (perdón, señor Bautista, estábame referindo ao señor Bautista) dirixida por Chano Piñeiro no 1989 rodada grande parte na localidade de Santoalla, o que levou ao Concello de Petín a utilizar o lema: *Petín, un pobo de cine* (era iso ao que me quería referir). Entendo señor alcalde que comprenderá vostede a importancia desta iniciativa; senón é así laméntoo, eu dende logo considero así.

A nosa provincia ten atractivos suficientes en patrimonio, natureza, paisaxe como para ofrecer ás produtoras un amplo abano de localizacións que, de ser elixidas, impulsarán a promoción turística da provincia. De aí a nosa proposta de elaboración dun catálogo de localizacións na provincia de Ourense, tanto exteriores como interiores, para o sector audiovisual; elaborado co asesoramento de profesionais do sector tanto ourensán como de Galicia e España. Un catálogo que tamén serviría de guía pois incluíría todos os servizos e recursos necesarios para calquera produción, como medios de transporte, aloxamentos, restauración, tramitación de permisos, produtoras locais ou empresas de aluguer de equipos.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Ademais levarase a cabo unha campaña de promoción destas localizacións na provincia entre profesionais de grupos de comunicación, produtoras e empresas vinculadas ao mundo do cine e da televisión; con atención ás compañías con experiencia en coproducións internacionais, organizando unha visita para dar a coñecer, a modo de exemplo, os espazos e localizacións para producións audiovisuais.

Xa contamos con outras ferramentas de gran impacto para traballar neste ámbito como a ICC Week que organiza a Deputación ou o Festival de Cine Internacional de Ourense que nas edicións 2019 poderían incluír ambos apartados dedicados á promoción de localizacións na provincia. É claro que está na liña da colaboración institucional, desenvolveríase este proxecto contando coa axuda da Xunta de Galicia, a través do Centro Galego das Artes e da Imaxe e do Ministerio de Cultura para a difusión do catálogo.

Estamos ante unha interesante oportunidade para ocupar un oco nos novos modelos de turismo e ofrecer novas experiencias ao turista, polo tanto, por sio propoñemos:

1.- Elaborar un catálogo de localizacións na provincia de Ourense, tanto exteriores como interiores, para o sector audiovisual que inclúa, a modo de guía, todos os servizos e recursos necesarios para calquera produción (medios de transporte, aloxamento, restauración, tramitación de permisos, produtoras locais ou empresas de alugueiro de equipos ...) co asesoramento de profesionais tanto do sector en Ourense como en Galicia e España.

2.- Tomando como base este catálogo, levar a cabo unha campaña de promoción de localizacións na provincia entre os profesionais de grupos de comunicación, produtoras e empresas vinculadas ao mundo do cine e da televisión, con atención ás compañías con experiencia en coproducións internacionais, organizando unha visita para dar a coñecer, a modo de exemplo, os principais espazos e localizacións para producións audiovisuais.

3.- Incluír na ICC Week e no Festival de Cine Internacional de Ourense, nas súas edicións de 2019, ambos apartados dedicados á promoción da provincia nese ámbito.

4º.- Solicitar o apoio da Xunta de Galicia, a través do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Ministerio de Cultura, para a difusión do catálogo.

Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Nótase que estamos xa en plena transición do azul ao laranxa. Dígoo porque non sei se se acordan vostedes daquela proposta que facía Ciudadanos, en plena campaña electoral, de converter Galicia nun plató de cine. *Ciudadanos de orquestas y rodajes. El partido apuesta porque Galicia sea un plató de cine y por potenciar el porco celta y la rubia gallega ante la despoblación del rural.*

Indo ao que a moción en si mesma. Galicia dispón dunha industria audiovisual sólida e competitiva. As empresas que integran o sector teñen unha ampla experiencia e apostan pola innovación en todos os seus produtos e servizos. O sector galego conta con recursos técnicos de última xeración, instalacións que inclúen platós, estudos de dobraxe, *mezclas* de audios, especialistas en subtitulación ou pilotaxe de drons...A súa creatividade maniféstase nos diferentes formatos producidos para canles de televisión e plataformas dixitais.

Señores do Partido Popular, o verdadeiro potencial de Galicia é como creadora audiovisual e cinematográfica, non como mera localización. O seu partido, no goberno da xunta, ten o sector abandonado sen unha política de impulso claro, como demostran os orzamentos, para apoio do audiovisual destinan, no 2018, 148.000€; fronte por exemplo - por poñer un exemplo- tres millóns que entregan a dedo para un único evento, un macrofestival que está previsto de promoción do Xacobeo.

Queren promover o país e a provincia como localización cando resulta unha odisea iniciar e desenvolver un proxecto cinematográfico e moito máis aínda poder presentalo en salas comerciais e sábeno ben os proxectos galegos que se presentan no Ourense Film Festival. Diversas mostras de cine e audiovisual na provincia foron pasando á historia, como cineclubes que deixaron de programar, produtoras desaparecidas, ou a practica totalidade das salas de exhibición cinematográficas pechadas son a triste bagaxe na nosa provincia dun sector que *aúna* a industria e a cultura por partes iguais.

Facemos unha valoración negativa da falta de apoio recibido polos recursos, xa existentes, na provincia no sector audiovisual; moitos deles, como digo, desaparecidos o que se evidencia na ausencia, case total, de profesionais de Ourense dentro do catálogo on line do sector audiovisual galego. Queremos tamén, aproveitamos, para chamar a atención sobre a necesidade dunha valoración cultural e económica acorde á realidade de cada

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

momento, dubidando sobre o impacto económico inmediato que poida exercer unha rodaxe a través das súas canles de produción e comercialización e que isto reciba a totalidade do que se vai gastar na provincia de fondos propios para o sector.

En definitiva, o noso voto vai a ser en contra porque pensamos que esta é unha máis das moitas ocorrencias coas que, periodicamente, nos vai agasallando o Partido Popular. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola a todos, buenos días. Normalmente utilizo folios para atar lo que son las ideas, pero en el ordenador se puede cambiar el orden mejor. Hoy voy a probar el ordenador (ya lo había utilizado una vez con la moción de La Región) y bueno, a ver qué pasa.

Antes de nada decir que, normalmente, me suelo ausentar de estos Plenos por temas personales o profesionales, en este caso me tuve que ausentar por temas políticos porque el alcalde de Orense, fíjense hasta qué punto está en la inopia y desprecia aquí, aunque es su jefe y lo desprecia, que ni sabía que hoy había Pleno de la Diputación, de forma que convocó una reunión de portavoces en la misa hora de este Pleno; entonces tuve que ir allí y ese fue el motivo.

Antes simplemente decir que me llamó la atención las palabras que decía aquí Plácido, una persona por la que tengo un gran respeto, no solo yo, sino los oyentes de Auria Tv que dicen: ese é o único bo do PP (lo siento Rosendo, pero lo dicen de él). Antes dijiste de una persona -supongo que te referías al alcalde de Xinzo- que había sido condenado pero luego en los votos, había arrasado con mayoría absoluta. ¿Desde cuándo el tener votos es amnistía o un indulto? En ningún caso, entonces no sé a qué viene ese razonamiento que no tiene sentido.

Antes de empezar con este tema que es fascinante y me encantó que lo presentara Doval, hoy salió una noticia en La Voz de Galicia que es fascinante, perdón, del Faro de Vigo y dice lo siguiente, atención porque es fascinante la noticia: *Vigo vertical. Inaugurada la escalera de la segunda República*. Unas escaleras automáticas que inauguran en Vigo y lo hacen con los fondos EDUSI, fondos europeos EDUSI. Los mismos fondos y 15 millones de euros que ese señor perdió por hacer mal la solicitud de la subvención. Ese señor y Pumar de al lado y el alcalde de Orense, los tres en común, perdieron el dinero. Pues Vigo ya utiliza parte de esos fondos y ya acabó; no es que recibiera los fondos, es que ya acabó la obra y este está diciendo que van a ver si había una tercera convocatoria para rescatar la subvención. La

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

perdieron. Fíjense lo que es el desastre de ese gobierno, mientras Vigo inaugura hoy una obra con los fondos EDUSI, ese señor perdió los 15 millones de euros. Esto es muy importante.

Me hace gracia porque sale aquí otra noticia, justo también hoy en La Región esta vez -un gran periódico que es de todos nosotros porque lo pagamos nosotros-, dice lo siguiente, atención que esta noticia es fascinante y demuestra también la mierda que son también estos Plenos de la Diputación, la mierda que son, y Plácido corrígame si me equivoco: *José Manuel Baltar exige una rebaja en el parking de Santa María Nai*. José Manuel Baltar dice que ahora con el nuevo parking puede haber bajada de precios y presiona al parking para que se bajen los precios porque dice que son muy altos. Oiga, la gente me dice que no insulte, pero ¿cómo no voy a insultar con estas historias? Pero si hace año y medio trajimos una moción aquí para que bajaran los precios del parking porque eran abusivos y el PP votó en contra, dijo que los precios estaban bien. Claro, ¿a quién utilizaron para defender la moción? Al que citó antes Armando Ojea, aquí, al cabeza de turco, a Rosendo. O sea, hace un año y medio ustedes dijeron: no, los precios del parking está bien, no son abusivos y ahora este señor dice: ey, voy a exigir que bajen el precio. Esto es de esquizofrenia total. Es imposible reírse más de los ciudadanos, ¡joder!. Luego me dicen: no insultes Gonzalo porque pierdes las formas y así no consigues votos, pero ¿cómo no voy a insultar, coño? Que me pongo una camisa de fuerza, pero no me contengo. Coño, es que es verdad.

Rosendo antes me decepcionaste, *carallo*, porque a mí me gusta la gente con memoria y datos como tú, ¿vale? Pero tienes que tener cuidado si utilizas esa memoria con gente que puede tener la misma que tú, o mejor, y perdona que presuma; pero antes dijiste literalmente: *todos los vientos son favorables para el que sabe a dónde se dirige*. ¿Lo dijiste o no? A ver, que está grabado, coño. ¿Lo dijiste o no? Repito: *todos los vientos son favorables para el que sabe a dónde se dirige*. La cita no es así, coño, la cita es: *ningún viento es favorable para el que no sabe a dónde se dirige*, que no tiene nada que ver. La que tú querías decir se parece a una, que yo recuerdo muy bonita, que dice: *no importa equivocarse, si estás en el camino correcto*. Vale, esa iría más por ahí, no la que dijiste tú. Por cierto, es de Séneca, aunque citaste mal la cita, es de Séneca, a mí una de las que más me gusta de Séneca es la de *si quieres que te amen, ama*. Es lo que no hace este señor, desprecia a todo el mundo y por eso, si e solo se metiera a las elecciones no tendría ningún voto. Lo que pasa es que como está en un rollo perverso en el que votan los alcaldes y él recauda los votos, es otra historia.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Vamos ya con este tema. Me quitó las palabras el del Bloque, y entramos ya en la moción en sí, efectivamente el del Bloque rescató, lo que dijo antes, esta es una moción para básicamente hacer un catálogo de situaciones cinematográficas de Orense, lo que llaman localizaciones cinematográficas de Orense, para hablar con los productores y que esto venga para aquí a firmar diversos temas audiovisuales y esto produzca una riqueza en la provincia de Orense. Bien, lo decía antes el de Bloque, este argumento ya lo utilizó antes Ciudadanos para las elecciones autonómicas del 2016 y fue uno de los mayores ridículos porque era la propuesta que tenían. Decían, al bajar el IVA se le va a bajar a las orquestas, por lo tanto va a beneficiar mucho a Galicia (eso fue desternillante) y además hay que proponer hacer un catálogo para películas y Galicia aquí podría arrasar. Fue un poco la comidilla que fue aquello, de hecho, Ciudadanos tuvo cero votos en Galicia. Fue también cuando le preguntaron ¿qué propuestas tienen para Galicia? Y dice: las diremos después de las elecciones. Bueno, pues resulta que aquello fue de alucinar, lo que dijo ciudadanos y tenemos que escucharlo porque el del Bloque se me adelantó, pero yo también lo traía aquí: *bueno, creo que ha llegado el momento de hacer propuestas, ¿no?, he seleccionado unas cuantas de las que afectan directamente a Galicia, un registro ambiciosísimo de lugares de España en los que se puede rodar. Yo creo que los acantilados de Vixía Herbeira podrían salir perfectamente en Juego de tronos. Las Fragas do Eume son una maravilla para hacer un anuncio, pero hay que hacer conocer a la gente que están aquí. El turismo...*

Pues ahí lo tienes Doval, una propuesta que fue realmente de las más ridículas de un partido político y coge la Diputación y la trae aquí a Orense en lo que es el catálogo más de José Manuel Baltar que ya es la guinda de lo que realmente es todo esto. Fíjense la movida de antes, resulta que quiere hacer un catálogo de películas para irle a ofrecer a la gente; primero hacerlo, gastar dinero, y luego ofrecérselo a los productores y antes, en el Val da Rabeda, que es un polígono para generar trabajo dice: no, non ahí que nos demanden ellos. Es decir, en esto él quiere anticiparse y decir mirad lo que tengo. Igual que en los Suevos, nadie pidió tener una exposición de los suevos y él se gasta medio millón de euros haciendo una exposición de los suevos. Sin embargo, la gente quiere suelo industrial y dice: no, que se ponga en lista de espera y, cuando haya muchos, lo haga. ¿Por qué no haces así en los suevos? Cuando veas que muchos te piden el tema de los suevos, haces lo de los suevos. Esto igual, cuando veas que muchos productores te piden sitios para gravar, lo haces. No, aquí lo haces al revés. Aquí lo

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

haces al revés. En lo que no hay dinero lo hace al revés. Esto me recuerda a un capítulo de los Simpson en el que decía un tío: *en vez de dar a la gente lo que quieren, le dicen lo que tienen que querer*. Esto es lo que hace él. Oye, en política tendrás que satisfacer las demandas del pueblo. No, son los desbarres de este señor.

Me hace gracia porque es tal la ignorancia del Partido Popular en este tema, y en concreto el señor Doval, que se ponen a hablar de este tema, de las localizaciones sin saber, que seguramente no lo sabe, que Galicia donde es una potencia en el tema audiovisual es en animación, en dibujos animados, hombre, en dibujos animados. Es que ni os enteráis de nada.

Mira, varios datos. Traéis aquí todos estos temas de las películas, *La lengua de las mariposas* en el 99; *Los girasoles ciegos*, *la Esmorga* en el 2014, o *Camiño de Santiago*, Hospital Central, Alejandro Sanz en el tema del vídeo, Marta Sánchez la Vuelta a España. Pues macho, lo acabáis de poner a huevo, si nosotros cogemos ahora un gráfico del turismo en Orense en los últimos años, desde que empezó eso aquí, en el 2007, veremos cómo Orense sigue a la cola de España en turismo. Todo esto no ha servido para nada. Esto me recuerda cuando decían el argumento de que el Club Orense Baloncesto debía estar en la ACB porque relanza la economía y dije yo ¡coño, pero si ya estuvo doce años en la ACB y Orense fue para abajo! Ese argumento no me vale. Entonces, este argumento no me vale.

Cuando estaban diciendo lo de *Sempre Xonxa*, que se filmó allí la película hace 25 años o 30, ¿cando foi? No 89 ¿no ano 89? No ano 89 foi o ano en que eu fixen case todo. Automaticamente que dixeron iso que se fixo a película de *Sempre Xonxa* en Petín, alí na zona de Santoalla (levoume Armando a velo) dinme a volta para preguntarlle aquí ao alcalde Petín cantos bares había antes da película e despois; díxome os mesmos. Unha película, que é unha película de culto e os bares en Petín os mesmos. ¡Pero vós que creedes que isto vai relanzar! Vós vivides na inopia, vivides na inopia. Tirade de historial.

Me hace gracia porque dice aquí unas cosas fabulosas, dice hay que hablar con los productores y organizar una visita guiada para dar a conocer Orense. El típico rollo, como los americanos de *Bienvenido Mister Marshall*. Ya sabéis lo que es esto de dar a conocer Orense, traes a unos tíos para que este se codee y salga en la foto y los invitamos a papar. ¿Y qué se van a llevar de Orense? Hostia, cómese se puta madre, invitounos o presidente da Deputación, si o fillo do cacique aquel, cómese de puta madre. É o que se van levar.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Dice unos datos que son fascinantes. Dice, el 30% de los turistas van a los sitios por lo que vieron en cine o televisión. Vamos a ver, primero, el dato viene de *Spain Film Comission* el datos ya no es imparcial y, segundo, dice el 30% de los turistas van por lo que vieron en el cine o la televisión; hombre, primero, si esto es así, la mayoría será por la televisión y en la televisión no solo ves turismo, estás viendo noticias constantemente. Entonces, obviamente, la televisión es la que realmente difunde casi todas las zonas geográficas. Esto es como si digo yo, e Orense casi todo el mundo compra en Zara o en Holper música, compra en Zara o en Holper música. Hombre, normal, la televisión é a que che da unha gran cultura audiovisual, obviamente, pero no por hacer películas precisamente, está en el día a día. La media antes en la televisión era de cinco horas al día, así que imagínate.

Pues la historia es la siguiente. Hay aquí unos datos que dice: *dende hai anos* (atención a lo que dice la redacción de la moción), *dende hai anos o mundo audiovisual leva fixando a súa atención en Ourense e provincia*. Esto parece una coña, si Orense parece que es la comidilla en todos los directores de cine de Europa, creo que todos hablan de Orense. Pero, ¿a quién queréis engañar con estas palabras? Este tío realmente es impresionante.

Luego, dice que hay que incluir este rollo en el tema del Festival de Cine de Orense (éramos pocos y parió la abuela) y luego solicitar la ayuda a la Xunta de Galicia que realmente o que tiña que facer a Xunta de Galicia era promocionar o que tiña que promocionar.

Total, a mí me hace gracia porque realmente, ya lo dije yo un día y salió publicado en El País cuando hablan aquí de Orense y dije que en Orense sí se podría filmar, y es lo que tienes que proponer si quieres quitar potencia, aquí se podría filmar una película sobre el caciquismo y la corrupción. Aquí era un sitio ideal para filmar, se lo dije a Cristina Huete y lo publicó en El País, el Padrino IV. El cuarto capítulo del Padrino, si se hace, hay que hablar con Coppola, se podría filmar aquí. Yo recuerdo una vez, cuando fue el Exército Guerrilleiro, que había hecho una tentado, creo que fue a finales de los, no sé si fue a finales de los 80 o a principios de los 90, y de aquellas estaba de moda las películas de Rambo; entonces se dijera que Rambo va a filmar la próxima película en Castro Caldelas, en Orense, y se va a titular: Rambo e a desarticulación do exército guerrilleiro. Esa es la historia. Pero estaría bien hacer aquí, también estaría bien ofrecérselo a los de *Satr Wars* y poner *Star Wars: Esgos, el origen* ahí con José Manuel Baltar, el origen

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Y qué más puedo decir de aquí, nada que realmente es una tomadura de pelo y quedará para otra de las mociones estrella de José Manuel Baltar, porque esto es una idea de José Manuel Baltar, como fue la de hacer un museo del tema de la emigración. Una tomadura de pelo y, desde luego, como fin de fiesta de este Pleno, aunque no es el final, está muy bien porque estas cosas por lo menos alegran la mañana.

D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo do PSOE: eu voulle a levar a contraria a Jácome é digo que, espero, que non é unha idea do presidente, se fose unha idea do presidente, faltáballe poñer un bosque de música, cruzamos o charco con ese documental, rodado tamén en Valdeorras. Espero que non sexa idea do presidente.

Íalle tirar das orellas ao Partido Popular ao non ter nomeado, na exposición de motivos, *Siempre Xonxa; Sempre Xonxa* que é a primeira película, a primeira gran película, do cinema galego. Danse varias casualidades en *Sempre Xonxa*; primeira, a parte de ser rodada na zona de Valdeorras, en Petín, hasta no Bierzo (saen as Medulas) é algo que creo que nunca se vai a volver a repetir; a non ser que teñan moitos cuartos, ten as catro estacións, están gravadas as catro estacións do ano (hoxe gravan nun mes, como moito); pero ten as catro estacións do ano gravadas aí, quero dicir que a fotografía de Valdeorras vese en primavera, verán e inverno nesa película, por falta de orzamento, imaxino (non, sen *carretera*). Pero dáse un paradoxo, que en *Sempre Xonxa* soamente se grava, todo o demais faise en Madrid. Aí voulle a dar a razón a eles. A industria audiovisual, sobre todo de técnicos, é impresionante hoxe en Galicia. Porque hoxe en Galicia xa se pode facer case todo, con *Sempre Xonxa* non se fixo nada, máis que as imaxes; todo o demais, edición...foi fóra. Os cámaras eran de fóra, toda a xente era de fóra. Hoxe en día hai unha industria cinematográfica e uns técnicos galegos, por certo, a Escola de Imaxe e Son da Coruña creouna un Valdeorrés, Manolo González, fai pouco que lle deron un premio do audiovisual galego.

O Grupo Socialista está un pouco a favor de votar ou non votar a favor, entón nós o que vamos facer é absternos. Ímonos abster por varias razóns, unha delas é que cando se quere facer unha película o primeiro que se fai é pedir unha subvención para un guión e a continuación buscan orzamento. Buscar orzamento é que se veñen á Deputación de Ourense, que é verdade que é subvencionado, pódese gravar a película aquí. Quero dicir, a esta moción fáltalle o aceite para mover a roda do carro. Temos grandes sitios onde rodar,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

pero é verdade que si non buscamos axudar, é difícil que veñan por aquí; a non ser que sexa unha localización que non hai noutro lado, pero normalmente localizacións hai por todos os lados. Quero dicir, que está moi ben a moción, pero creo que lle falta ese tema. Porque, hai cidades que, non é que non deixen gravar, é que tes que pagar por gravar, ese é un punto en contra, a non ser que sexas un xenio do cine, pero o cine que se roda por aquí é ese.

É verdade que dixo Jácome que había os mesmos bares, si. Pero despois de *Sempre Xonxa* en Petín hai un produtor cinematográfico, *jovencito*, Alfonso Blanco; en Petín hai un director de cine, Ignacio Vilar; en Petín hai un produtor Domingo Díaz; en Petín hai unha rapaza que está traballando en Antena 3 en Madrid de axudante de dirección. Quero dicir que algunha semente creou en Petín, non sei por que; por iso lle puxemos despois *Petín, un pobo de cine*.

Referente ao novo catálogo. O catálogo é fácil de facer, é coller todas as guías que hai, hai dabondo guías; mire nos Geo destinos, nos GDR, na Deputación, no Inorde, nos Concellos e xa o temos. É xuntar todo e poñelo nun catálogo. Entón, dende o Grupo Socialista ímonos abster. Grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: como é o meu costume, eu estou sempre tremendamente atento a todo o que propoñen os grupos da oposición. Sempre demando a crítica construtiva porque as propostas nacen de aquí; e nacen, evidentemente do Grupo Popular e onde o presidente ten moito que dicir. Pero, dende logo, o que buscamos aquí é mellorar a nosa provincia. Mellorar a nosa provincia desde todos os aspectos posibles, iso é o que busca a moción. Que Galicia ten no audiovisual cousas, alégrome moito; pero a min o que me interesa é que se fagan cousas en Ourense. Ao noso Grupo o que lle interesa é que iso que temos, tanto interiores como exteriores, o poñamos en valor e consigamos que xente veña aquí a gravar ou a visitarnos. O que ninguén negará que o que aparece na televisión leva a que logo vaimos, ben sexa unha reportaxe, ben sexa un documental ou o que sexa.

Tamén quero citar que, do que eu falo aquí, do que fala a moción é dun estudo que fixeron, para min, dous bos profesores da Universidade e que coñecen o tema onde está, digamos, rescatado ou sacado de aí a súa opinión.

Polo tanto eu agradecer sempre a crítica construtiva e dende logo o resto, síntoo moito, falar doutras cousas que nada teñen que ver, láméntoo. Vou a seguir polo mesmo camiño, sendo respectuoso con todos os que interveñen, como non pode ser doutro xeito,

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

lamentando que se *mezclen* outras cousas que nada teñen que ver coa moción. E, dende logo, respectando o voto.

Agradeceríalle ao Partido Socialista que pasase da abstención ao voto favorable porque entendemos que quedan cousas por facer e aquí non hai ninguén imprescindible, pero todos somos necesarios. Ese é o espírito da moción, o espírito da moción é construtiva e, dende logo, estou seguro que non contradí absolutamente nada do que din vostedes, do que dixo o señor deputado do Bloque e tampouco do que dixo o señor deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Jácome, quero pensar que, ao igual ca min, pensa que Ourense construímolos entre todos. Dende logo, eu non sei nunca quen fale mal da miña provincia, nin quen fale mal dunha iniciativa porque non se sabe nunca onde pode... E, dende logo, se me equivoco, aínda que nos equivoquemos, se temos o norte claro, vamos a seguir. Nada máis e moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:
Doval, me convenciste, vamos a cambiar el sentido del voto, realmente me convenciste. Es una broma.

Me hace gracia porque resulta que una persona que estaba haciendo esto, cuando presentamos esto de las mociones pues el personal de Democracia Orensana estaba apuntando ideas de lo que le parecían las mociones para ver qué le parecían las mociones, entonces tenían sus argumentaros; cuando llegó a esta, el argumentario que nos llegó fue: ja, ja, ja ¿y qué quieres que diga? Decía, o sea ti crees que van estar os directores de cine de España esperando que lle veñan os da Deputación e lle digan, mira, vinde alí que tedes un sitio magnífico para gravar. Es una tomadura de pelo.

Ya sin mirar aquí, me hace gracia, porque me mandan aquí una escena (lo pueden mirar en internet) y te pone localizaciones para grabar the support location at films places y ni siquiera viene España en eso lugares más destacados. Imaxiante xa o que sería Ourense, xa é difícil situar a España, cuanto menos a Galicia y canto menos a Orense.

Si ponemos ahora aquí en internet el vídeo que demuestra que Galicia podría ser un escenario de Juego de Tronos lo hace un tío cualquiera, sin ocasionar gastos a la Diputación. Es *trending topic*, lo vi o todo el mundo, ya lo sabe todo el mundo como es Galicia y no hace falta gastar un duro. ¿Va a venir Juego de tronos a Galicia? Posiblemente no, a pesar de que ese vídeo va a tener más difusión que todas las trapalladas que vais a hacer vosotros con dinero público que va a costar un pastón.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Decir que esto es una tomadura de pelo, pero que es más de lo mismo, va a producir un gran gasto porque se va a producir un catálogo, se van a realizar viajes, se va a invitar a gente y todo esto va a producir un despilfarro de la Diputación a cambio de nada. Orense seguirá estando a la cola de España. Vemos que Orense es la provincia española donde hay más pensionista que cotizantes. Este es realmente el bagaje de José Manuel Baltar, todo lo demás de aquí es cortina de humo. Esto es una cortina de humo, pero la realidad es la que marcan los datos del Instituto de estadística.

Os galegos eran a envexa dos arxentinos, pois posuían a mellor asistencia sanitaria de todo o país. Foi na década dos anos 40 cando o Centro Galego de Bos Aires comezou a apostar con forza pola difusión da cultura e da historia de Galicia; mesmo converténdose no refuxio de exiliados da ditadura. Así empezou a medrar o patrimonio cultural e histórico deste Centro que posúe unha enorme biblioteca con máis de 20.000 libros, o maior arquivo fotográfico da diáspora galega, gravacións sonoras de destacados intelectuais e escritores galegos, preto de 200 pezas de arte entre pinturas e esculturas e ata un magnífico teatro de case 500 prazas. Ata 120.000 socios chegou a sumar o Centro Galego de Bos Aires a mediados do pasado século; representando a unha colectividade, a galega, que, se calcula, estaba integrada por máis de 500.000 galegos asentados na Arxentina. A casa de todos os galegos, non obstante, comezou a sufrir declive en torno aos anos 70, Arxentina aprobaba á asistencia sanitaria para todos os traballadores, a chegada de emigrantes redúcese notablemente, tamén o número de socios, e o máis maiores requiren máis atención sanitaria que eleva os custos. Chegarían despois outros conflitos referidos á xestión e que en 2012 obrigan ao goberno arxentino a intervir o Centro Galego.

Poderíamos falar, sen fin, do que supuxo na nosa historia, na historia da emigración o Centro Galego de Bos Aires onde cada día, de Galicia, dábanse cita destacados intelectuais chegados expresamente á Arxentina para falar de Galicia. A dura realidade é que, hoxe, 111 anos despois de mercar o inmovible que alberga o centro está en perigo unha moi importante parte da nosa historia, dun sentir que forma parte, xa, do noso carácter galego.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

As Institucións públicas temos a obriga de preservar ese legado, material e inmaterial, estea dentro ou fóra das nosas fronteiras; pero máis aínda cando estamos a falar da que foi a quinta provincia galega. Por iso, solicitamos a esta Corporación que exprese o seu apoio ao manifesto pola defensa e porvir do Centro Galego de Bos Aires e trasladar este acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e ao Ministerio de Asuntos Exteriores. De momento nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ben, o texto que se nos propón é o do manifesto impulsado polo Partido Galeguista que tamén está recollendo apoios a través da plataforma dixital *change.org* e dirixíndose tamén dixital e telematicamente a outras institucións, organizacións e entidades varias.

Ao respecto do futuro incerto do centro galego de Bos Aires, desde o BNG temos impulsado iniciativas no Parlamento, a comezar por preguntarlle ao conselleiro de cultura en Pleno cando se soubo que o vendían, amosamos a nosa preocupación porque se vendese e se dispersase todo o fondo documental, fotográfico, sonoro, pictórico e bibliográfico que garda (que é moito) e sinalamos a responsabilidade da Xunta para salvagardalo e protexelo.

A responsabilidade pública sobre a salvagarda do patrimonio cultural na diáspora vén determinado pola Lei de galeguidade -art.27- e pola Lei de patrimonio cultural de Galiza -art.4-. Así llo lembrou tamén o Consello da Cultura Galega nun informe publicado sobre este asunto, no que a institución ofrecíase a protexer este patrimonio. O informe é o informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Gallego de Bos Aires, como digo, do Consello da Cultura galega.

A nós parécenos ben que se impulsen iniciativas de apoio ao mantemento do Centro Galego de Bos Aires, á salvagarda do seu patrimonio e tamén dos servizos asistenciais sanitarios que axudaron moitísimo á comunidade galega na diáspora, emigración e exilio. Pero cremos que quen debe cumprir coas súas responsabilidade, e non o está a facer, é a Xunta. A Xunta escúdase en que se trata dunha entidade privada e que o patrimonio réxese pola lexislación arxentina, moi garantista e protectora fronte ao espolio; polo que o goberno galego non pode intervir. Mais ese deixar facer pode acabar co edificio vendido a calquera

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

e o patrimonio, que se atopa en mans do centro, espaxado vai ti saber por onde e de que maneira.

Nós pensamos que se debe procurar unha solución que manteña unido todo ese patrimonio, garantir a súa protección e tamén a súa posta en valor e difusión. Neste senso, valoramos que a mellor opción e máis viable podería ser musealizar na Arxentina, no museo da emigración galega ese fondos, para o que sería necesario investir diñeiro e ampliálo e, de non ser posible a protección e salvagarda tamén deste patrimonio na Arxentina, que sexa traído para o noso País, cuestión que por certo tamén formulou o Consello da Cultura Galega.

Remato, está ben apoiar manifestos para quedar ben; pero se as demandas caen en saco roto e a Xunta (que, como digo, é a que ten a responsabilidade) vai seguir mirando para outro lado, non serven de nada. Nós, en todo caso, vamos a apoiar esta proposta e vamos a votar a favor. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. Tema este de Buenos Aires. Yo soy una persona que viajo bastante al extranjero y cuando estoy en Chaves... (Eso es una introducción una vez que hice en Auria Tv, fue como una anécdota, es una broma). Voy a contar una anécdota. Yo estuve en Buenos Aires, precisamente el año anterior, hablan del 2012, a que empezó la quiebra de este local, del Centro Gallego de Buenos Aires, fue en el año 2012 y, lo estaba diciendo en la broma, fui mucho a Estados Unidos (recuerdo una vez una cosa, algo ridículo que dijo José Manuel Baltar en televisión: *fun a Nueva York 22 veces, máis que a Vilar de Barrio dixera. Eu fun máis veces ca el*. Es por poner en entorno esto que dicen de Buenos Aires), siempre que he ido a Nueva York, a pesar de conocerlo bien, estoy en un país extranjero, cada vez que entro, nada más llegar, pues no es tú país, es un país realmente extranjero, lo mismo ocurre si vas a Londres o, incluso, por muy cercano que se sienta Portugal, Francia también, pues están en un país, súper cercano, pero quieras o no es un país que no es el tuyo.

Yo recuerdo cuando fui a Buenos Aires, nunca había ido en mi vida, ya digo, fui en año 2012 a grabar un documental que, precisamente, de aquellas financió la Diputación (en el año 2011 para una televisión local) y una de las cosas que me llamó la atención cuando llegué a Buenos Aires es que, en el momento que llegas allí, parece que has hecho 14 horas de vuelo y llegas y parece que estás en Madrid. No parece que cambiaste de país. Es una

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

sensación algo impresionante. Doce horas, cruzas el Atlántico y parece que estás en casa porque es todo, todo igual. Todo, incluso el español. Es una sensación muy rara porque siempre que había cruzado el Atlántico era para ir a Estados Unidos. Total, que conocí el Centro de Buenos Aires y, realmente, recuerdo que el centro de Buenos Aires era un sitio en el que, de aquellas, intentaba generar su propio dinero y tenían un activo que era muy importante; es decir, tenían un parking que era de pago y era un sitio que tenía ciertamente un rollo algo elitista.

En lo que, desde luego, Democracia Orensana no estamos de acuerdo es que si nosotros tenemos que hacer un desembolso para poner algo que no es propio de Orense. Me llama la atención este detalle, y con todos los respetos a las personas de Buenos Aires o a emigrantes que estén en Buenos Aires, ustedes recriminaban que no debíamos comprar el Bamio porque no es un tema de la provincia y se benefician más los ciudadanos de Orense y ahora traen una moción que, ¡joye!, esto es realmente, más lejos no puede estar. Porque, primero, este es el Centro Galego, Galego de Buenos Aires, ni siquiera es el centro orensano, es el Centro Galego. Entonces, no tengo nada que reprochar, pero ustedes me recriminaban antes que lo del Bamio es solo de la ciudad y ahora me traen un tema que é o tema galego que está en Buenos Aires. ¡joder! Un poquito de coherencia.

El manifiesto realmente no dice nada, es quedar bien, esto me recuerda a los médicos que dicen: ¿una sopa caliente cura la gripe?, dicen algunos médicos: mira no la curan, pero daño non che vai facer. Pues esto igual. Nosotros en este tipo de mociones solemos abstenernos porque no son de Orense. Oye, que daño non vai facer, ¿hay que votar a favor? Vamos a votar a favor, pero sinceramente o manifiesto que fan aquí de apoio de dar una palmadita en la espalda, esto e nada é o mesmo.

D. Isabel Gil Rodríguez, do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Bos días señores e señoras deputadas e o resto das persoas que nos acompañan.

Sen afondar moito no manifiesto, cabe dicir que o Partido Socialista apoia o manifiesto en defensa de que o Centro Galego de Bos Aires siga ligado á colectividade galega na Arxentina, nos termos de salvagardar o patrimonio material e inmaterial da entidade e garantir a asistencia sanitaria dos asociados e mutualistas. Queremos manifestar, tamén, o noso compromiso para que se leven a cabo todas as actuacións necesarias da Xunta de Galicia e do Goberno de España para solucionar os graves problemas polos que

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

pasa a Institución e evitar que non se culmine coa demolición do edificio grazas á máis que probable especulación urbanística dos terreos e onde se ubica. Queremos que o Centro Galego siga sendo parte da nosa diáspora na Arxentina e siga sendo referente de Galicia en Bos Aires.

Señor Doval, detrás deste problema, da perda do centro Galego de Arxentina por a posta en venda, hai moito dolor e sufrimento. Dolor e sufrimento...parece ser que a oferta das empresas compradoras é a Fundación Favaloro e o Grupo Rivera Salud. Entón, respecto ao sufrimento que hai, no tema Rivera Salud non teño nada que dicir porque é unha empresa de Valladolid, unha empresa sanitaria privada onde oferta servizos administrativos á sanidade pública; polo tanto, atreveríame a dicir que é unha empresa sanitaria privada que vive a costa dos recursos públicos, polo tanto para min en particular (isto é persoal) non é de fiar.

Respecto á Fundación Favaloro, si que teño que dicir que hai dolor e sufrimento detrás, porque a Fundación Favaloro é unha ONG arxentina onde as actividades que desenvolve a través de institucións, unha universidade, Favaloro, e un instituto de cardioloxía e cirurxía cardiovascular. Pois ben, a Fundación Favaloro é unha ONG arxentina fundada por René Gerónimo Favaloro, un eminente cirurxián cardiovascular que fundou esta universidade e este instituto de cardioloxía e cirurxía cardiovascular cos seus propios recursos e que prestou asistencia en Arxentina, sobre todo, na obra social, onde se endebedou e que realmente os Pames arxentinos non emendaron esa débeda que tiña a Fundación Favaloro e o señor René eminente cardiólogo e cirurxián de cardioloxía.

Tráioo aquí a colación porque, a raíz desas débedas, que non foron condonadas quitouse a vida. Quitouse a vida sendo un prestixioso cirurxián e humanista grandioso en onde realmente foi o primeiro médico cirurxián que fixo o primeiro bypass coronario. Polo tanto, en memoria dun persoeiro, un médico e un cirurxián, gran humanista que se quitou a vida por ser fiel ás súas crenzas morais, éticas e deontolóxicas; co cal, sufrimento detrás desta Fundación Favaloro. Os que quedaron despois *imagino* que non terán as mesmas crenzas que René Gerónimo Favaloro. Mención para este señor que na súa carta de despedida dixo que marchaba contento de asistir tanto aos pobres como aos ricos sen facer ningunha diferenza, o que o levou a contraer grandes débedas para obra social dos Pame e que o estado arxentino non condonou as súas débedas, que lle debía a Fundación Favaloro.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

Sufrimento digo, tamén, detrás da emigración galega. Eu atreveríame a dicir que realmente os galegos de Arxentina cases son familiares, porque sobre todo aquí, na provincia na nosa provincia de Ourense, o que máis e o que menos tivo ou ten algún familiar en Arxentina. Sufrimento da emigración que todos podemos recordar que marchou, fai alá moitos anos, cunha maleta de cartón nas súas mans e cunha débeda do viaxe ás súas costas que, posteriormente, tiveron que pagar os seus familiares.

Polo tanto, se estamos falando dun emigrantes galegos, nosos veciños, nosos conveciños, nosos familiares que marcharon para Arxentina sen nada, que a raíz do seu esforzo e do seu traballo conseguiron mercar e facer un Centro Galego cun edificio de seis plantas, un patrimonio histórico importante; creo que isto merece ben o noso respecto e o noso compromiso para que isto non se perda. Polo tanto, o que queremos dicir é que realmente o patrimonio, tanto material como inmaterial do Centro Galego da Arxentina debe ser preservado e cremos que a Xunta de Galicia debería apostar por mediar conxuntamente co goberno arxentino; posto que no hospital do Centro Galego foron atendidos os mutualistas galegos, pero tamén os arxentinos. Foi unha gran labor e unha prestación sanitaria de gran calidade que se prestou tanto aos mutualistas galegos, como tamén aos mutualistas arxentinos. Polo tanto, debera o goberno da Xunta e o goberno do Estado intervir conxuntamente co goberno arxentino para solucionar este tema. E nós, como galegos, debemos apostar e intentar comprometermos con este labor de facilitar que non se perda nin o edificio, nin o patrimonio cultural que existe no Centro Galego de Bos Aires.

Polo tanto, pensamos que debemos de estar de acordo e debemos apostar polo que defendeu á Asemblea de representantes onde di claramente que as entidades compradoras deben contratar a todo o persoal, respectando as condicións laborais e a antigüidade e o cargo e asumir a perpetuidade a asistencia sanitaria e de calidade dos socios actuais. Respecto ao patrimonio histórico cultural, a Asemblea esixe que a empresa compradora outorgue gratuitamente a perpetuidade á asociación mutual do Centro Gallego as dependencias do Teatro Castelao, da sala de sesións e presidencia Ramón Otero Pedrayo e todas aquelas destinadas a preservar o patrimonio histórico e cultural como a pinacoteca, biblioteca e demais obras de arte; permitindo o funcionamento da asociación de mutualistas nas súas instalacións e sendo esta sempre patrimonio da asociación de mutualistas do tema

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

de propiedade, eles decidirán cal é en caso definitivo, onde estará esa sociedade, pero non fóra de Argentina. É o que din eles. Nada máis. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: moitas grazas por eses datos, por todas as achegas dos distintos Grupos. Entendemos que é de xustiza defender o Centro Galego e o que representa por formar parte do patrimonio material, cultural e inmaterial de Galicia; ademais de ter prestado un gran servizo á comunidade galega no ámbito asistencial, social, cultural e laboral.

Estamos a referirnos a todo un símbolo da nosa emigración. É de xustiza o apoio ao manifesto en defensa do Centro Galego de Bos Aires. Non podemos esquecer que se trata, como dixeran antes, da quinta provincia da Terra Nai. Estou certo que a inmensa maioría dos ourensáns teñen, ou tiveron, a alguén da súa sangue na Arxentina. O Centro Galego de Bos Aires é froito, como xa dixeran antes e como se repetiu aquí, do esforzo de centos de miles de emigrantes e que, de algún xeito, representa tamén a toda a comunidade da diáspora.

As propostas de acordo que se fan aquí son claras e xa as teñen todos vostedes, propoñemos:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense expresa o seu apoio ao manifesto pola defensa e provir do Centro Galego de Bos Aires.

2º.- Darlles conta do acordo adoptado pola Corporación Provincial á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e ao Ministerio de Asuntos Exteriores español.

Nada máis e moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente, moitas grazas señor presidente. Reiterar o que xa dixeran, o noso apoio e, en todo caso, por poñer algunha pega na forma máis que no fondo, pois lamentar que, ao mellor, isto non se formulara como unha declaración institucional, mediante algún acordo con todos os Grupos como se ten feito noutras ocasións en temas similares sen que veña, neste caso, a iniciativa de partido. Dito isto, simplemente reiterar que o noso voto, loxicamente, vai a ser favorable. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourenzana: nada, lo dicho, que daño no hace este apoio; pero me parece que flaco favor hacemos. Es simplemente quedar bien. Esta moción es quedar bien. Nada más.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Isabel Gil Rodríguez, do Grupo Socialista: si, moitas grazas. Seguir insistindo, estamos de acordo co manifesto e, a parte diso, queremos manifestar o compromiso para as actuacións da Xunta e do Goberno para que isto se leve a cabo e teña unha solución. Pero, por favor, porque tal e como vexo as proposta, é dicir, asumimos o manifesto e transmitímosllo á Xunta de Galicia. Señor Doval, eu creo que debíamos facer algo máis, é dicir, dalgunha maneira non solo sumarse ao manifesto e transmitirllo á Xunta de Galicia. Non. Debemos intentar comprometernos para que a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado, dalgunha maneira, tomen cartas neste asunto e intenten solucionar o tema do Centro Galego de Bos Aires; de tal maneira que non se perda, nin o edificio, o edificio, porque o Grupo Rivera Salud é unha empresa que vai a por beneficios, polo tanto se quere comprar o edificio, ademais Rivera Salud di que promete velar polo interese patrimonial e cultural que existe alí, pero realmente que os 42 millóns que está disposto a dar que teñen que ser libres de cargas para a prestación sanitaria, co cal se lle ve moito o *plumero* a esta empresa e o que realmente queren é: regálenme vostedes o patrimonio que eu xa despois disporei como fago co tema do patrimonio cultural. E o tema asistencial, libre de cargas, ¿para que? Para obter beneficios.

Polo tanto, se os gobernos da Xunta e do Estado, conxuntamente co goberno arxentino, non toman cartas neste asunto eu creo que o esforzo que fixeron os noso antepasados galegos e galegas que tiveron que emigrar e sufrir todo o que conleva a emigración e o esforzo que lles supuxo conseguir este Centro Galego, vaise quedar no *olvido* e na nada. Realmente nós, que estamos aquí, debemos pelexar para que esta nosa emigración galega saque que o seu esforzo non quede perdido. Nada máis e moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular: si trouxemos isto aquí, teñan a seguridade de que o vamos a defender, como non pode ser doutro xeito. O manifesto di o que di. Nós se o trouxemos aquí é porque o vamos a defender porque entendemos que é así e así o manifestamos, así foi a miña intervención e cando digo a miña intervención é a intervención do goberno. Ademais, entendo tamén que ao fin e ao cabo case se converte nunha declaración institucional polo apoio dos distintos Grupos, porque creo que é de xustiza o que estamos hoxe a acordar aquí. Nada máis e moitas grazas.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense expresa o seu apoio ao manifesto pola defensa e provir do Centro Galego de Bos Aires.

2º.- Darlles conta do acordo adoptado pola Corporación Provincial á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e ao Ministerio de Asuntos Exteriores español.

12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

A Presidencia dá conta de que hai unha proposta da Presidencia neste punto, e xustifica a urxencia porque se concede un prazo de corrección de 15 días naturais, e en caso de non emendarse a solicitude suporía a súa desistencia. A continuación somete a votación a urxencia da proposta que é aprobada por unanimidade, polo que procede o tratamento do seguinte asunto:

12ª.- APROBACIÓN DO PROXECTO SINGULAR RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN DISTINTOS CONCELLOS DE OURENSE (BANDE, ENTRIMO, LOBEIRA, LOBIOS, MUIÑOS, A BOLA, CELANOVA, A MERCA, PADRENDA, PONTEDEVA, QUINTELA DE LEIRADO, RAMIRÁS E VERA), CUN IMPORTE TOTAL DE OITOCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS (845.000,00 €), IVE INCLUÍDO.

O Sr. vicesecretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: si, moi brevemente. Nós vamos a votar a favor, pero en todo caso o que si que pediríamos sería que unha iniciativa como esta, esta, ou similar se estendera ou progresivamente se fora estendendo ao resto dos concellos da provincia. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Bouzo Ojea, do Grupo de Democracia Ourensana: unha reflexión similar, mirei a memoria descritiva por todos os lados e tratei de encontrar o criterio que se seguira tras seleccionar estes concellos e non outros, por se é que había algún criterio. O criterio que atopo á vista é que son uns concellos da Baixa Limia unidos ao que adoita chamarse terras de Celanova, aproveitaría para preguntarlle ao Grupo de Goberno que

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

aproveitasen a súa intervención para dicirme cal, se é que houbo algún criterio para escoller estes concellos (temos entendido que se lle ofreceu a algún máis que non aceptou), ¿cal foi o criterio seguido para ofertar isto? E aos que se lle ofertou, ¿por que se lle ofertou? Parece ser que se lle ofertou algúns poucos máis dos que finalmente aceptaron, pero ¿por que non se lle ofertou a todos? Se é que espera para outra *tanda* de subvencións..¿cal foi o criterio? Porque se foi un criterio arbitrario ou en base a algunha forma discriminatoria; aínda que o apoiaremos, porque lxicamente esta clase de servizos pensamos que son necesarios para os concellos, se hai algún tipo de discriminación implícita ou encuberta xa sería algo que non nos gustaría demasiado. Entón, dámoslle a oportunidade ao Grupo de goberno que nos explique cal foi o criterio escollido para coller a estes concellos destas dúas Comarcas. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: moitas grazas señor presidente. Os argumentos máis ou menos son os mesmos. Teño que empezar por dicir que, para ser proxecto singular, nós en realidade non lla vemos. É unha convocatoria de subvencións do IAE como concorreron moitos concellos desta provincia.

Sobre este proxecto en concreto, nós estamos de acordo en que a Deputación colabore cos concellos da provincia para aforrar en gastos enerxéticos e de mellora medio ambiental, como é este. Fíxense se estamos de acordo que ata veriamos con bos ollos un Plan como este para todos os concellos da provincia que o demandasen. Terían, sen dúbida o noso apoio máis entusiasta; pero claro, o que nos traen aquí non é iso. Nós, antes, queriamos que nos resolvese unha dúbida, xa a pediron tamén os outros compañeiros dos outros partidos que me antecederon no uso da palabra, ¿ofrecéronlle este proxecto a todos os concellos da provincia? Porque, se non é así, como lle explican vostedes aos alcaldes que concorreron a esta convocatoria que van ter que poñer o 20%, algúns están sentados aquí, non se se nesa bancada, supoño que tamén. Ao final é o que vimos denunciando moitas veces, xa sei que non lle gusta que llo digan, pero é así. Non avanzamos, por máis traxes de modernidade que nos queiramos poñer por encima, estamos caendo no de sempre: no reparto discriminatorio e clientelar de axudas aos concellos.

Entón, como ben poden entender, non van ter o noso voto en contra, a favor quero dicir, o que imos facer é absternos; simplemente por unha razón moi sinxela: non darlles o gusto a vostedes que nestes concellos acusen o lle vai co conto aos nosos concelleiros do

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

partido de que non apoiamos esta medida. Ímonos abster por esta razón. De votar a favor se llo ofrecen a todos os concellos, pasamos a isto. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: grazas presidente. Creo que aquí hai un enfoque totalmente errónea da cuestión. Alá polo mes de xuño-xullo do ano pasado dúas persoas, que non están lonxe, ocorréusenos intentar un proxecto deste tipo para dúas Comarcas, sen distinción de cor política na *gobernanza* deses mesmos concellos, esas Comarcas da Baixa Limia, onde precisamente hai un alcalde do Partido Socialista, e os concellos da Comarca Terras de Celanova onde voluntariamente dous concellos, Cartelle e Gomesende, dixeron que preferían ir por libre e que non se sumaban ao noso proxecto. Feito isto, dirixímonos ao presidente da Deputación, non a Deputación a nós, fomos nós á Deputación os que nos diriximos para dicirlle pretendíamos que se nos axudara neste proxecto, se é que saía, e que eramos en principio 15 e logo acabamos 13 concellos, como aquí ben se dixo.

Ese foi o procedemento dende o mes de xuño-xullo do ano pasado 17 ata que o 13 deste mes nos chega un escrito á Deputación onde nos di que en 15 días adoptemos un acordo do Pleno, onde sería cuestionable incluso se a necesidade é de Pleno ou non, pero non imos a ter problemas por aí. E quero dicir, porque tampouco se dixo aquí, pero que quede claro, que a Deputación o que ten que achegar para estes 13 concellos son 126.000€, é dicir, menos de 10.000€ para cada concello, o resto achegarano os concellos, un 5% . Iso é así, aquí nin se lle ofreceu a ninguén desde esta Deputación, nin nada parecido. Fomos os concellos os que viñemos á Deputación a pedir axuda para cofinanciar este proxecto. Non me consta, e conversas co presidente tiven ao respecto e co deputado compañeiro de cooperación, non me consta que ningún outro concello desta provincia solicitara tal axuda. Moitas grazas.

D. Armando Bouzo Ojea, do Grupo de Democracia Ourensana: agradecer as palabras do señor Plácido e ver que, efectivamente, o *sesgo* que eu atopara entre os concellos, sinxelamente ao que pertencías esas Comarcas da Baixa Limia e Terras de Celanova que non estaba errado na miña percepción. Agora un pouco o señor Plácido deunos a explicación. Nada máis. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: escoitados os criterios teño que dicirlle, señor Álvarez Dobaño, que os veciños de Castrelo do Val, que

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

están aquí detrás, e os de Petín van ter que poñer o 20% nun proxecto similar. Xa, pero volvemos ao de sempre, teñen que solicitar. Eu creo que a Deputación cando ve algo interesante, que é para todos os concellos, ten que ter a xenerosidade de ofertarlle a todo o mundo e se non é nunha edición porque non caben todos, acollerse a posteriores edicións. Sería un trato non discriminatorio para os concellos e eu, entón, non podería acusalos a vostedes dun reparto clientelar. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular: eu non vexo, señor Fraga Civeira, a discriminación pon ningún lado. Como é aquilo, *si Mahoma no va a la montaña que venga la montaña a Mahoma*. Eu non o entendo así e vostede que foi alcalde uns cantos anos sabe que estas cousas son rogadas, por dicilo de algunha maneira. Alguén nos chama aos alcaldes *pedigüeños* e, ás veces, teñen razón, porque esa é a dinámica política que temos aquí. Incluso, agora mesmo, que estamos todos embarcados nun montón de proxectos europeos ¿quen ten que levar o traballo de presentalos? Pois nós. Paréceme estraño que vostede non recoñeza que é así.

A Deputación non ten que inventarse aquí determinadas axudas para cofinanciar proxectos do IAE ou de no *sé dónde*. Hai que vir aquí, como nos fondos europeos. Hai proxectos onde a Deputación participa e noutros xa non participa; primeiro, porque non o considera oportuno ou porque non é viable economicamente participar. Algunha das dúas razóns ou as dúas ao mesmo tempo. Eu creo que isto é sacalo de *quicio* e xa ve vostede dúas Comarcas fomos capaces de xuntarnos todos, trece concellos, para presentar un proxecto. Creo que vostedes deberíano de valorar.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12ºA da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12ºA](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), de Democracia Ourense (1) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Solicitar a participación da Deputación Provincial de Ourense, co Proxecto denominado *Renovación de instalacións de iluminación exterior en distintos concellos de Ourense (Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, A Bola, Celanova, A Merca, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereas)*, no procedemento regulado

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

no Real decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020 (BOE núm. 144 de data 17.06.2017), aceptando expresamente o procedemento e condicións alí previstas.

SEGUNDO: Aprobar expresamente o Proxecto, denominado Renovación de instalacións de iluminación exterior en distintos concellos de Ourense (Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, A Bola, Celanova, A Merca, Padrenda, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá), incluídas todas e cada unha das actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable así como a dotación orzamentaria para levala a cabo cun importe total de oitocentos corenta e cinco mil euros (845.000,00 €), IVE incluído.

TERCEIRO: Aprobar a memoria descritiva das actuacións para acometer (anexada ao acordo ou convenientemente identificada e referenciada)

13°.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de febreiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2017 e 1º de xaneiro de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2017 e 1º de xaneiro de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2018.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2018 e 1º adicional de xaneiro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

14°.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. presidente: hai formulada por escrito, para facer oral e ser resposta oralmente, unha pregunta polo Grupo Socialista. Te a palabra o Sr. Fraga Civeira.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas Sr. presidente. A pregunta di o seguinte: tendo coñecemento da posta en marcha da web seguvivenda Ourense, froito da colaboración entre esta Deputación e a Asociación de Construtores de Ourense, na que se ofrece información sobre o estado do parque vivenda e da demografía da nosa provincia, o que queremos é coñecer os termos económicos nos que se desenvolve esta colaboración (ou se vai desenvolver). É dicir, os custos asumidos pola institución á hora de lanzar esta plataforma e os compromisos adquiridos. Moitas grazas.

Sr. presidente: moitas grazas. A resposta a esta pregunta é dicir que a Xunta de Goberno, con data 8 de setembro de 2017, e por unanimidade, acordou aprobar unha subvención á Asociación Provincial de Empresarios da Construción e Obras Públicas, nos seguintes termos: importe, 60.000 euros; obxecto: desenvolvemento dunha base de datos xeoreferenciada do parque de vivendas da provincia de Ourense, tamén cunha perspectiva demográfica; e a súa xustificación dicir que a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente. O expediente, como non pode ser doutro xeito, está á súa disposición, para que en horario de oficina calquera deputado ou deputada do Grupo do PSOE (ou dos outros grupos) poida realizar a consulta no negociado de Transparencia. ¿Algún rogo ou algunha pregunta máis? Si, BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. presidente. Teño dúas cuestións, a primeira é que na relación de decretos asinada polo responsábel de Facenda, do mes de febreiro, nomeadamente no 394 de 16 de febreiro, atopamos o seguinte: apróbase e ordénase o pago da cantidade de sesenta e nove mil e pico euros por reclamación de débeda por parte da Tesourería da Seguridade Social, por responsabilidade empresarial por falta de seguridade no traballo dun traballador desta Deputación (ven o número de expediente). Pensamos que é un feito grave, polo que demandamos todas as explicacións precisas ao respecto. Tamén nos gustaría saber se hai algún caso máis como este no que a Tesourería da Seguridade Social reclame unha débeda á Deputación por falta de seguridade no traballo dalgún outro traballador/a da casa.

Sr. presidente: moi ben, pedirei o informe correspondente e lle darei paso del.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: a segunda cuestión é en relación coa adxudicación dos traballos de regularización catastral. Na páxina de Transparencia da Deputación aparece unha información de data 11 de decembro de 2017 que di que o estado actual do contrato é en execución a pesar de que os contratos menores non se poden prorrogar. Non sabemos, por tanto, se se contratou outra empresa ou se agora o traballo se fai directamente por traballadores desta casa. O convenio de colaboración do ano 1999 é para tramitar expedientes 901 e 902 e máis abaixo di que pola regularización catastral non se considera conveniente realizar traballos de actualización catastral masiva e que para a tramitación de solicitudes que se formulen se considera suficiente un contrato de 18.000 euros. É dicir: os anteriores contratos de cento e pico mil euros que fixo a Deputación ou ben eran malgastar cartos (só eran para realizar os traballos do convenio de 1999) ou ben o que de verdade se facía era realizar traballos para os que a Deputación non estaba autorizada por ese convenio, porque o que de verdade se estaba a facer era una regularización de situacións ilegais no catastro de inmobles que a empresa elixía ou localizaba. En todo caso se para cumprir o convenio era suficiente contratar a una empresa por 18.000 euros, os contratos de 150.000 euros fixéronse para beneficiar a estas empresas. Pero ademais cando se contratou a Servicat por eses 150.000 euros (contrato do ano 2012 prorrogado polo menos ata 2015) xa se estaba facendo a regularización catastral de Facenda 2013-2016; en casos como o de Xinzo fixéronse ambas á vez e a mesma empresa cobrou dúas veces de dúas administracións polo mesmo traballo. Duplicidade de cobro que agora lles parece inconveniente. Gustaríanos que puidera explicarnos isto. Nada máis, moitas grazas.

Sr. presidente: pois ben, pedirei o informe correspondente e seralle trasladado. Si, Democracia Ourensana.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana: grazas presidente. Queriamos que nos respondese cal é a natureza e a finalidade das obras que se están levando a cabo na estrada provincial OU-0522, concretamente á altura do quilómetro 2 hectómetro 1. A finalidade e a natureza desas obras.

Sr. presidente: pois terá no seu poder o informe sobre a finalidade e a natureza dese hectómetro concreto. ¿Algunha cuestión máis? Si.

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista: un rogo. Tivemos coñecemento de que esta semana a Xunta lle ven de solicitar unha xornada técnica especificamente deseñada para explicar baixo que circunstancias se pode usar os herbicidas e que eviten os usos deles para limpar a maleza das cunetas. Ante os argumentos esgrimidos por esta Deputación, de carácter económico, o inspector de sanidade vexetal da Xunta veu corroborar o que levamos moito tempo defendendo. É un argumento, pero non está recollido na lei. En caso de que se puidera utilizar antes de calquera criterio económico, habería que empregar medios non agresivos para o medio ambiente, é dicir, bota por terra o criterio de aforro que vostedes esgrimen á hora de seguir empregando estes produtos tan nocivos para o medio e tamén para a saúde e o benestar das persoas e dos animais. Polo que, tendo en conta iso, expoño o seguinte rogo: (diríxese a un compañeiro para darlle as grazas) que despois de seren advertidos e de que se lles solicitase mesmo por parte da administración autonómica en reiteradas ocasións dos perigos que ocasiona, que sigan empeñados en usar estes produtos. Rogamos que teñan en conta estas recomendacións así como todas as advertencias e iniciativas convenientemente respaldadas e comecen a empregar preferentemente outros métodos como a roza mecánica para a limpeza das estradas da rede viaria da Deputación. Moitas grazas.

Sr. presidente: grazas. Tomamos nota dese rogo. Si, señor voceiro.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: teño un rogo que ven dicindo o seguinte: sendo coñecedores de que se realizaron certas contratacións de persoal laboral, relacionadas coa exposición *In Tempore Sueborum*, como por exemplo unha auxiliar administrativa para o Centro Cultural, recibimos queixas no referente á atención ao público na xestión das redes sociais asociadas á exposición. En concreto, a que se recibiu e pode acreditar este grupo, é que pasou unha semana desde que se efectuaron certas queixas tanto da pestana de contacto da web da exposición como das mensaxes directas a través do perfil de *facebook* da exposición, non sendo recibida contestación ningunha por parte da xestión de ambas plataformas dixitais. A queixa foi ignorada desde pasado venres, 16 de marzo, polo que se expón o seguinte rogo: que nos informe de quen son os responsables da xestión das plataformas dixitais asociadas á exposición devandita, e que se nos aclare se a atención destas páxinas se fai por parte dos propios traballadores contratados ad hoc ou se pola contra se externalizou este servizo e que en calquera caso se

| |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 23 de marzo de 2018 |
|---|

proceda a atender as queixas dos e das visitantes desta exposición coa máxima *premura* para ofrecer un servizo de calidade axeitado.

Sr. presidente: moitas grazas. Tomamos nota do seu rogo e faremos o informe correspondente. Se non hai ningún rogo nin ningunha pregunta máis levántase a sesión. Moitas grazas pola súa participación.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

E, ás 15.30 horas do día 23 de marzo de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,